

A
I
P
O

2
0
3
0

**AXENDA URBANA E RURAL DA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA**



Deputación
Pontevedra

ÍNDICE

1

ANÁLISE E DIAGNÓSTICO PARTICIPATIVO

02

01 INTRODUCCIÓN

04

02 ANÁLISE DA CONTRIBUCIÓN DA ENTIDADE LOCAL AOS OBXECTIVOS DA AUE

07

03 ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DO TERRITORIO

10

04 ALIÑACIÓN DOS PRINCIPAIS RETOS DA PROVINCIA, OS OBXECTIVOS DA AUE E OS ODS

99

2

**MARCO
ESTRATÉGICO**

102

MISIÓN, VISIÓN E VALORES

104

DIMENSIONES E OBJETIVOS

105

3

**PLAN DE
ACCIÓN**

132

4

**ANEXO
PROCESO PARTICIPATIVO E
MARCO DE GOBERNANZA**

250

1 ANÁLISE E DIAGNÓSTICO PARTICIPATIVO

01 INTRODUCCIÓN

1.1. Contexto Internacional da Axenda Urbana Española

02 ANÁLISE DA CONTRIBUCIÓN DA ENTIDADE LOCAL AOS OBXECTIVOS DA AUE

03 ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DO TERRITORIO

3.1. Análise territorial. Caracterización e dinámicas territoriais

3.1.1. Contexto territorial

3.1.2. Infraestruturas económicas da provincia

3.1.3. Centros atraccións da provincia

3.1.4. Infraestruturas de transporte da provincia

3.1.5. Continuidades urbanas

3.1.6. Mobilidade territorial

3.2. Datos descritivos da AUE


3.3. Diagnóstico participativo: identificación dos principais feitos e desafíos

3.3.1. Feitos principais e derivados

3.3.2. Análise cuantitativa e documental dos feitos identificados

3.3.3. Desafíos ou retos clave

04 ALIÑACIÓN DOS PRINCIPAIS RETOS DA PROVINCIA, OS OBXECTIVOS DA AUE E OS ODS



1

Introdución

Con algo máis de 940 000 habitantes e unha superficie de 4495 km², a poboación da provincia de Pontevedra aséntase sobre **61 municipios de diferente tipoloxía e densidade**: municipios de costa e de interior; municipios urbanos e rurais; municipios con economías de carácter máis industrial e de servizos e municipios cuxa base económica é o sector primario; municipios que abarcan desde os 294 910 habitantes de Vigo (IGE, 2023) ata os 703 habitantes de Mondariz-Balneario (IGE, 2023). Neste contexto, a Deputación de Pontevedra, a través da **Axenda Urbana e Rural de Pontevedra (en diante, AUPO 2030)** pretende atender os distintos retos aos que se enfrenta un territorio con esta diversidade e facilitar as transformacións necesarias que marcarán o seu desenvolvemento nas próximas décadas.

A través da análise do territorio da provincia de Pontevedra, apoiándose nos datos e indicadores descritivos máis actualizados, a AUPO 2030 plasma unha imaxe real da provincia que servirá como punto de partida para sentar os cimentos da transformación nas políticas locais. A oportunidade de desenvolvemento e a adopción de solucións materialízase mediante **cambios normativos, de gobernanza, financiamento, planificación e difusión de coñecementos, todos coordinados pola Deputación e os axentes colaboradores** e orientados a alcanzar un desenvolvemento xusto, equitativo e sostible de todos os municipios da provincia.

A AUPO 2030 desenvólvese de acordo coa metodoloxía da Axenda Urbana Española (en diante, AUE), posto que esta é **“a folla de ruta que vai marcar a estratexia e as accións que se van levar a cabo ata 2030, para facer das nosas aldeas e cidades ámbitos de convivencia amables, acolledores, saudables e concienciados”**.

A AUE é un documento estratéxico de referencia, elaborado de acordo coa visión estratéxica e os retos expostos na **Axenda 2030 das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sostible** e nas dúas **Axendas Urbanas Internacionais** aprobadas en 2016, a **Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas** e a **Axenda Urbana Europea**.

1.1. Contexto internacional da Axenda Urbana Española

A Axenda 2030 é a primeira axenda global aprobada a nivel internacional, no seo da Asemblea Xeral de Nacións Unidas. A Axenda 2030 entra en vigor o 1 de xaneiro de 2016. Nela recóllense 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (en diante, ODS) e 169 metas. Os 17 ODS son obxectivos de carácter integrado e indivisible, xa que o cumprimento duns está supeditado ao cumprimento doutros, polo que forman unha cadea necesaria e esencial para cumprir as metas propostas e que abarcan as tres dimensións do desenvolvemento sostible, a económica, social e ambiental.



Unha vez aprobada a Axenda 2030, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos acordou, en setembro de 2017, a constitución do Grupo de Alto Nivel (GAN) para a Axenda 2030, co dobre obxectivo de coordinar a posición española e as actuacións necesarias para o cumprimento dos obxectivos da axenda e de preparar os exames de España ante o Foro Político de Alto Nivel da Organización das Nacións Unidas. Á súa vez, o Goberno de España adoptou en decembro do mesmo ano unha proposición de lei na que se instaba a “elaborar, aprobar e poñer en marcha unha estratexia de desenvolvemento sostible para implementar en España a Axenda 2030”. O 29 de xuño de 2018 aprobouse o “Plan de acción para a implementación da Axenda 2030. Cara a unha estratexia española de desenvolvemento sostible”, que deu comezo aos traballos de implementación da Axenda 2030 en España. A partir de entón, pretendeuse dotar dun novo enfoque as políticas urbanas, que deberían poñerse en marcha para alcanzar eses obxectivos de sostibilidade derivados dos compromisos internacionais que España asumira. Así, a Axenda Urbana Española (AUE) é un documento estratéxico, sen carácter normativo e, por tanto, de adhesión voluntaria que, de conformidade cos criterios establecidos pola Axenda 2030, a nova Axenda Urbana das Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea persegue o logro da sostibilidade nas políticas de desenvolvemento urbano.

Constitúe, ademais, un método de traballo e un proceso para todos os actores, públicos e privados, que interveñen a nivel local e que buscan un desenvolvemento equitativo, xusto e sostible desde os seus distintos campos de actuación. Esta estratexia de desenvolvemento urbano de carácter integrado ofrece un Decálogo de Obxectivos Estratéxicos que despregan, á súa vez, un total de 30 obxectivos específicos e 291 liñas de actuación.



Coas bases fixadas pola Axenda Urbana Española, a Deputación de Pontevedra comeza os seus traballos de elaboración do plan de acción para a implementación da Axenda Urbana e Rural de Pontevedra 2030 cunha análise dos principais instrumentos e plans de carácter estratéxico, tanto de carácter xeral como sectorial, cos que, naquel momento, contaba a entidade, para valorar en que medida estes contribuían aos obxectivos da AUE.

Con data de 7 de setembro de 2022, a Deputación de Pontevedra asina un protocolo de colaboración coa Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana por medio do cal a citada secretaría xeral toma en consideración o plan de acción impulsado pola Deputación como proxecto piloto da Axenda Urbana Española, como boa práctica e experiencia transferible que pode orientar a outros municipios e/ou deputacións a elaborar os seus respectivos plans de acción. Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra declara que comparte os obxectivos e finalidades da AUE e as demais axendas internacionais e pretende contribuir á súa implementación.

Para ese efecto, a Deputación de Pontevedra desenvolveu, de maneira voluntaria e no ámbito das súas propias competencias, un **plan de acción da Axenda Urbana e Rural que, tomando como base os obxectivos definidos no marco estratéxico da AUE, responde á consecución destes cunha visión coherente e integrada, aplicando a metodoloxía proposta pola propia AUE.**

Neste contexto, preséntase a continuación AUPO 2030 que, seguindo a metodoloxía da AUE, inclúe a análise e o diagnóstico da situación actual do territorio, o marco estratéxico cos obxectivos propios, que contribúen aos obxectivos da AUE e os ODS e, á súa vez, dan resposta aos principais retos da provincia e, por último, o plan de acción, que recolle unha serie de liñas de actuación para poder alcanzar os obxectivos previamente establecidos. Cómpre sinalar que, en todo o proceso de elaboración de AUPO 2030, a través de mesas de traballo específicas, participaron os principais axentes sociais, económicos, medioambientais e institucionais de todos os municipios da provincia de Pontevedra, ademais da propia cidadanía a través dun proceso participativo.



Análise da contribución da entidade local aos obxectivos da AUE

Tal e como se indicaba no apartado anterior, o proceso de elaboración de AUPO 2030 iniciouse con anterioridade á sinatura do protocolo de colaboración coa Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda en setembro de 2022 coa análise dos principais instrumentos de planificación, tanto xeral como sectorial, e os principais plans e programas con que contaba a Deputación de Pontevedra e a súa contribución aos obxectivos da AUE.

Naquel momento, considerouse que, como punto de partida para a elaboración de AUPO 2030, a Deputación de Pontevedra debía coñecer cal era a súa situación en relación coas accións que se estaban levando a cabo desde o ente provincial, ademais de saber como estas accións estaban a contribuír aos obxectivos da AUE, coa **finalidade de identificar en que plans, programas e proxectos se debería afondar, cales se debían manter e cales deberían ser os ámbitos de intervención prioritarios.**











Os estudos, plans estratéxicos e programas cos que contaba a Deputación e que se tiveron en conta para a análise foron os seguintes:

- Plan Estratéxico Provincial de Turismo 2017-2023
- Plan de Sostibilidade Turística no Destino 2020-2023
- Destino Turístico Intelixente Rías Baixas (DTI)
- Plan Ágora
- Infraestruturas e mobilidade en Pontevedra provincia: Plan estratéxico 2030 de vías provinciais
- Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres da Deputación de Pontevedra
- Programa SMARTPEME
- Axenda 2030 Provincial
- Plan Estratéxico Provincial de Fondos Europeos
- Plan provincial de obras e servizos (Plan Concellos) 2021
- Estratexia Conservación e Valorización do Patrimonio Cultural
- Fomento do emprendemento sostible no sector primario

- Revitaliza
- Reacon

O resultado da análise dos documentos anteriores plásmase na táboa que se visualiza na seguinte páxina, que os relaciona, en función dos seus obxectivos concretos e accións, con cada obxectivo da AUE.

O cruzamento de información entre os ámbitos que abordan os principais plans e programas de carácter estratéxico da Deputación e os obxectivos estratéxicos da AUE evidencia que, coa súa actividade naquel momento, a Deputación de Pontevedra contribuía xa a todos os obxectivos da AUE, aínda que se presumían varios ámbitos de traballo ou obxectivos estratéxicos nos que **a Deputación debería reforzar a súa contribución, tales como a mobilidade, a cohesión social, a economía e a vivenda.** Esta información debería ser contrastada coa información relativa á análise do territorio procedente en gran medida dos datos descritivos da AUE e a información resultante do amplo proceso participativo que se puxo en marcha para a identificación dos principais retos e desafíos do territorio provincial nos próximos anos.

Plan/Programa										
Ágora	1	2	3	4	5		7			10
Plan de Igualdade de Oportunidades						6				10
Infraestruturas e mobilidade		2	3		5				9	10
Reacpon	1		3	4					9	
Revitaliza		2	3	4					9	10
Plan estratéxico provincial de turismo	1		3	4					9	
Sostibilidade Turística en Destino		2	3	4			7		9	
SmartPeme						6	7		9	10
Axenda 2030 provincial	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Plan estratéxico provincial de fondos europeos		2	3	4	5	6	7	8	9	10
Plan Concellos	1		3	4					9	
Destino turístico intelixente	1	2	3	4	5	6	7		9	10



3

Análise e diagnóstico do territorio

3.1. Análise territorial. Caracterización e dinámicas territoriais.

3.1.1. Contexto territorial.

O modelo territorial galego reflectido nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (2010) establece un total de sete áreas urbanas vinculadas ás sete cidades galegas.

Así mesmo, reflicte a existencia de dúas rexións urbanas no territorio galego: unha delas a rexión Coruña-Ferrol e a segunda, **situada na provincia de Pontevedra, a rexión urbana Pontevedra-Vigo**, que abarca as áreas urbanas vinculadas ás dúas cidades. Complementariamente, defínense, dentro do modelo territorial, unha serie de cabeceiras, **subcabeceiras e nodos**, que permiten equilibrar o territorio "exterior" ás áreas urbanas.

Na provincia de Pontevedra (e no territorio galego en xeral), xorde un **numeroso conxunto de núcleos de pequeno e mediano tamaño, con poboacións que oscilan entre os 7000 e os 20 000 habitantes. Estes núcleos xeran un tecido urbano heteroxéneo e cunha certa "continuidade ou urbanidade difusa", que conforman un sistema urbano intermedio**, no cal aparecen unha serie de cabeceiras ou nodos territoriais, centros que experimentaron un crecemento demográfico relativamente notable e que actualmente agrupan un **conxunto de servizos básicos** ou se consolidan como centros de lecer de referencia, polo que xeran, no seu contorno máis inmediato, certas relacións urbanas.

Deste xeito, **a presenza dos devanditos nodos, ademais de favorecer o desenvolvemento do contorno inmediato, permiten equilibrar o territorio**, e desempeñar as funcións urbanas básicas, o que garante o acceso da poboación rural a unha serie de servizos e proporciona unha estrutura territorial ou conxunto poboacional viable. Estes nodos permiten unha xestión conxunta do territorio e o aproveitamento das oportunidades existentes, co que conforman unha **certa lóxica xerárquica supramunicipal**.

Tal e como se evidencia no modelo territorial reflectido nas Directrices de Ordenación do Territorio, **na provincia dáse unha distribución irregular dos asentamentos (así como destas cabeceiras ou nodos), pois é o espazo litoral o que congrega unha maior densidade de poboación**. Neste sentido, o litoral galego sitúase como un espazo clave no desenvolvemento territorial de Galicia, xa que **agrupa o 55 % da poboación galega, ademais das principais actividades económicas**, moitas veces vinculadas a actividades estratéxicas da economía galega, como a pesca, os estaleiros, os portos ou o turismo. Esta "litoralización da poboación" resulta aínda máis acusada nas **Rías Baixas-provincia de Pontevedra-**, onde se dan as condicións idóneas para o asentamento de grandes instalacións portuarias, ademais de existir unha elevada riqueza biolóxica mariña que permite o desenvolvemento da pesca e o marisqueo.


3.1.2. Infraestruturas económicas da provincia

A situación de infraestruturas ou espazos produtivos do territorio, asociados á actividade económica da provincia, ten un **elevado impacto na configuración do sistema de asentamentos e, por tanto, no seu desenvolvemento territorial, o que fomenta no seu contorno un maior dinamismo económico e, consecuentemente, demográfico.** Este permite o crecemento dos núcleos de poboación máis inmediatos ou próximos a estas infraestruturas produtivas, e xera unha serie relacións funcionais no seu contexto territorial, independentemente dos límites administrativos. Neste sentido, é clave a **identificación das áreas empresariais e portos industriais da provincia, así como os grandes centros comerciais,** que, á súa vez, permitan delimitar un conxunto de núcleos asociados a estes, con base nunha distancia asumible para un desprazamento diario (ámbitos determinados a través das

chamadas isócronas), que permitan **establecer áreas de mobilidade cotiá ou diaria.**

- **Polígonos e parques empresariais.**


A planimetría adxunta mostra a profusa actividade industrial da provincia de Pontevedra, con preto de medio centenar de áreas ou polígonos empresariais, de maior ou menor entidade. Concretamente, evidénciase un maior dinamismo no eixe norte-sur da provincia, no que destaca o eixe do Louro-Tui, Salceda-O Porriño-Mos- con Vigo, ademais das penínsulas do Salnés e Caldas, ou a comarca do Deza, limítrofe a Santiago de Compostela. No plano adxunto, complementando esta información, engádense as áreas xeradas a partir das isócronas de 20 minutos (en coche) a estes centros de traballo ou infraestruturas produtivas, o que **evidencia os “baleiros” ou áreas cunha menor actividade industrial, como é a comarca do Baixo Miño (fóra de Tui), así como as áreas máis rurais de Tabeirós e Terra de Montes.**



- **Actividade portuaria**

Tal e como se referenciaba con anterioridade, a actividade económica da provincia está altamente asociada á costa (pesca, estaleiros, turismo, transporte marítimo de mercadorías etc.), o que provoca unha litoralización da poboación no territorio. Por iso, resulta clave determinar as áreas dunha maior actividade portuaria, así como as áreas de influencia (a través das isócronas), ámbitos do territorio que funcionan baixo unhas dinámicas comúns, independentemente dos límites administrativos establecidos.

Na provincia de Pontevedra localízanse varios portos industriais, con Vigo, Marín e Vilagarcía como líderes a actividade portuaria industrial da provincia, consecuencia da súa localización estratéxica, no interior das rías de Vigo e Pontevedra, respectivamente, así como cunhas excelentes conexións viarias co Eixe Atlántico mediante a AP-9. Esta actividade portuaria complementa a actividade empresarial da provincia, que segue unha dinámica norte-sur.




3.1.3. Centros atractores da provincia

Coa finalidade de identificar as dinámicas territoriais que se dan na provincia, é clave a localización e a **identificación sobre o territorio dos centros atractores, especialmente os que teñan unha identidade supramunicipal**, que impliquen tanto unha **mobilidade forzada** (centros de formación ou centros sanitarios), como **unha mobilidade asociada ao lecer**, que xeren, por tanto, unha **relación funcional no territorio**, independentemente dos límites administrativos, o que favorece o equilibrio do territorio.

• Centros sanitarios

Tal e como se mostra no plano adxunto, a totalidade de municipios da provincia conta con, polo menos, un centro de saúde. Con todo, desde o punto de vista administrativo, a través do Servizo Galego de Saúde, establécense unha serie de áreas “funcionais”, que integran un conxunto de poboación, ás veces de máis dun municipio, baixo un mesmo **Punto de Atención Continuada**. Esta delimitación implica un **conxunto de relacións funcionais supramunicipais**, así como de “dependencia” entre os municipios.




- **Centros de formación**

Débense distinguir dous niveis formativos. Por unha banda, a localización dos **centros de estudos medios (ESO e Bacharelato)**, que se sitúan a unha distancia intermedia da área de residencia, o que implica unha mobilidade diaria do estudantado. Doutra banda, **os centros de estudos superiores (universidades)** que, na maioría das situacións, implican unha mobilidade semanal e, por tanto, o traslado do punto de residencia do alumnado.

- **Centros universitarios.** Galicia conta cun total de tres universidades públicas (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo), conformadas por un total de sete campus universitarios. Concretamente, na provincia de Pontevedra desenvolve a súa actividade docente a

Universidade de Vigo, cuxos campus están repartidos en tres cidades: dous deles na provincia (Pontevedra e Vigo, onde se sitúan as sedes administrativas principais), e un terceiro campus en Ourense.


- **Centros de Educación Secundaria e Bacharelato.** A localización dos centros de ensino de educación secundaria e bacharelato nas provincia, así como as isócronas de 15 minutos arredor destes, evidencian claramente as áreas cun maior dinamismo demográfico, ademais das asociadas a potenciais cabeceiras ou nodos do territorio, co que se crea unha rede de relacións funcionais. Nesta rede, onde xa se observan estas potenciais relacións urbanas, localízanse **certos "baleiros" nas áreas interiores de carácter máis rural da provincia, así como as áreas occidentais do Baixo Miño.**



- **Centros de cultura, deporte e lecer**

En contraposición ao punto anterior, na distribución territorial dos centros atractores de carácter cultural ou de lecer (bibliotecas públicas, centros sociais, instalacións deportivas), obsérvase unha certa litoralización. Na distribución das bibliotecas e centros culturais e deportivos atopamos certas **carencias en materia de equipamentos básicos ou servizos nas áreas interiores ou rurais da provincia.**

En canto aos centros culturais e de carácter social, así como instalacións deportivas aparecen moi distribuídos no territorio e con gran representación nas entidades menores de poboación.



- **Centros asistenciais**


En canto aos centros sociais, no caso concreto das **residencias de maiores**, obsérvase unha distribución altamente irregular ou heteroxénea no territorio. A gran maioría destes servizos ou equipamentos sitúanse no bordo litoral, mentres que, as **áreas interiores da provincia**, que presentan unha poboación xeralmente máis envellecida e rural, manifestan maiores carencias.

Como síntese deste subapartado, cómpre destacar, en termos xerais, unha maior proliferación de equipamentos e servizos na área máis litoral, así como na contorna da AP-9, área máis dinámica da provincia, que posibilitan unha complementariedade ou interdependencia, mentres que, nas áreas de interior, a

localización destes centros atractores en cabeceiras ou nodos xera unhas relacións de dependencia unidireccional nestes ámbitos do territorio.

3.1.4. Infraestruturas de transporte da provincia

A rede de estradas da provincia de Pontevedra conta cunha estrutura organizativa con base na liña principal de desenvolvemento que estrutura a AP-9, que une Pontevedra con Vigo, como motor industrial da provincia, e as cidades de Santiago de Compostela e A Coruña, na provincia da Coruña, e que, á súa vez, se conecta, cara ao sur. A AP53 e a AG53, que enlazan Santiago de Compostela e Ourense, atravesan a comarca do Deza e xuntas, xa que son contiguas, constitúen outra das vías principais da provincia.



A rede ferroviaria de Pontevedra está xestionada por Renfe e Adif e inclúese no Corredor Atlántico Europeo. Conecta internamente cinco das grandes cidades galegas (Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo) e tece unha rede de conexións coas cidades intermedias como Vilagarcía e, desde Vigo, coa cidade de Ourense. Este Corredor Atlántico esténdese cara ao sur desde Vigo e permite a conexión ferroviaria cos municipios do norte de Portugal. Ademais, grazas ao plan de investimentos na rede ferroviaria, fíxose posible a conexión de alta velocidade con Madrid, que diminuíu os tempos de percorrido do transporte de mercadorías e de persoas.


A provincia de Pontevedra conta cunha gran superficie de costa organizada en rías que permite desenvolver unha

gran actividade portuaria en condicións de seguridade os 365 días do ano.

Na provincia atópase o porto de Vigo, de gran relevancia a nivel nacional e que desempeña un papel crucial na importación e a exportación de mercadorías, así como no sector pesqueiro.

Os de Marín-Pontevedra e Vilagarcía de Arousa son os outros dous portos principais da provincia e o primeiro deles un dos principais portos pesqueiros de Galicia.

O aeroporto da provincia, situado en Vigo e denominado Aeroporto de Peinador, ofrece conexións nacionais e internacionais que permiten unha relación laboral directa desde a provincia de Pontevedra coas principais cidades próximas.



3.1.5. Continuidades urbanas


A provincia de Pontevedra (e Galicia, en xeral) caracterízase por **unha urbanidade difusa ou dispersa, que dá como resultado certas continuidades urbanas, xeralmente de baixa e media densidade**, que en moitas ocasións superan os límites administrativos, en liña con estas relacións urbanas supramunicipais.

O territorio, estratexicamente localizado no seo do chamado Eixe Atlántico, territorio en proceso de crecemento e urbanización, caracterízase por conformar a denominada cidade difusa, sistema polinuclear caracterizado por pequenas células de poboación, aldeas e lugares, asociados a ámbitos territoriais pequenos que se relacionan entre si de maneira funcional.

Deste xeito, esta continua urbanidade difusa podería entenderse mesmo como unha desarticulada megalópole litoral sobre o Eixe Atlántico, caracterizada pola conxestión dos centros urbanos e a súa consecuente expansión.

Esta continuidade difusa dá lugar, en multitude de ocasións, a numerosos núcleos rurais en procesos de hibridación, o cal implica unha dificultade á hora de buscar o equilibrio na distribución dos servizos e os equipamentos. Isto, en consecuencia, provoca unha dependencia das áreas urbanas externas.

Tal e como se aprecia no mapa adxunto, estas continuidades urbanas son altamente notables en certas áreas do territorio, como as áreas litorais de interior de ría, así como arredor dos límites administrativos das grandes urbes ou grandes contornos urbanos.



Exemplos moi evidentes son o conxunto urbano Marín-Pontevedra-Poio e a fachada costeira do Val Miñor, así como a fachada do Morrazo e O Salnés. Así mesmo, esta continuidade de baixa densidade reflíctese tamén ao longo do Miño, con Tui como un punto de inflexión, materializando as conexións norte-sur.


3.1.6. Mobilidade territorial

Para a análise da mobilidade territorial tomouse como punto de partida o *Estudo da mobilidade con big data*, elaborado polo MITMA, o cal utiliza un conxunto de datos de posicionamento dos teléfonos móbiles, diferenciando entre percorridos frecuentes, percorridos por traballo/estudos e percorridos non frecuentes, a escala municipal.

Coa finalidade de determinar as sinerxías e as relacións que

evidencien as áreas funcionais da provincia, avalíanse os fluxos frecuentes, así como os fluxos por traballo/estudos, ademais de, co obxectivo de lograr unha comparativa, os fluxos non frecuentes no territorio.

Da análise destes datos evidénciase o dinamismo da provincia de Pontevedra, que mostra **uns fluxos de mobilidade máis intensos arredor das grandes infraestruturas produtivas** (áreas e parques empresariais, portos e centros comerciais). Así mesmo, este dinamismo obsérvase tamén mediante un conxunto de fluxos **máis intensos ao longo da fachada marítima da provincia de Pontevedra, en liña coa elevada litoralización dos asentamentos de poboación**, ademais de en relación coa elevada porcentaxe de actividades económicas vinculadas ao mar.




Contrastado con esta intensidade de fluxos de mobilidade, as áreas de interior, de carácter máis rural e un maior envellecemento, mostran uns fluxos de mobilidade **menos intensos**.

Así mesmo, nas áreas máis dinámicas, ou cunha intensidade maior de fluxos, como son o bordo litoral e o contorno da autovía de alta velocidade AP-9, maniféstase unha densa rede de interconexións a escala supramunicipal, que evidencia as sinerxías e relacións funcionais existentes no territorio. Con todo, **os núcleos de poboación situados no interior da provincia, e de carácter máis rural, evidencian unhas relacións de dependencia respecto aos núcleos urbanos de maior entidade**, que congregan a maior parte dos servizos e equipamentos destes ámbitos.

Estes núcleos cumpren unha función de nodo ou cabeceiras de comarca, que os afastan da condición ou definición de área funcional, na cal se dá unha complementariedade de servizos, creando redes multifuncionais bidireccionais.

Por último, a mobilidade forzada, motivada por traballo ou estudos, resulta nun mapa moi similar á mobilidade frecuente. Por outra banda, a non frecuente mostra a relevancia que exerce a rexión urbana Vigo-Pontevedra como punto ou espazo atractor del e das relacións internas que existen no ámbito do Salnés.



3.2. Datos descriptivos de la AUE

Coa mesma finalidade de establecer os ámbitos de intervención prioritarios para AUPO 2030 e coñecer as necesidades da provincia e os seus municipios, resulta de utilidade a información que ofrecen os datos descriptivos da AUE en relación coa situación actual do territorio por cada un dos indicadores vinculados aos obxectivos estratéxicos da AUE. Para AUPO 2030 fíxose unha selección dos datos descriptivos que se consideraron máis pertinentes e aqueles dos que se contaba con información actualizada (marcados no seguinte cadro).

Os datos descriptivos foron facilitados polo MITMA para cada un dos 61 municipios da provincia de Pontevedra e foron agrupados en función da poboación dos citados municipios da seguinte forma:

- Municipios de menos de 5000 habitantes
- Municipios de entre 5000 e 20 000 habitantes
- Municipios de entre 20 000 e 50 000 habitantes
- Municipios de entre 50 000 e 100 000 habitantes
- Municipios de máis de 100 000 habitantes

Como resultado, a través dos mapas que se mostran a continuación, pódese visualizar en que situación se atopan todos os municipios da provincia de Pontevedra, en relación coa totalidade dos municipios españois do seu mesmo tamaño, por cada un dos indicadores que conforman os datos descriptivos da AUE. Para facilitar a comparación con municipios de tamaño similar a nivel estatal, móstranse os valores de referencia da AUE. Estes son, por cada dato descriptivo, o valor do primeiro cuartil, o valor medio, que se calcula coa mediana, e o valor do terceiro cuartil para cada grupo de municipios. Inclúese, ademais, por cada un dos datos descriptivos, a definición que recolle o documento de *Datos descriptivos da Axenda Urbana Española* do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana: https://www.aue.gob.es/recursos_aue/_datosdescriptivosdelaagendaurbanaespaola2023.pdf

DATOS DE SCRIPTIVOS	OBJETIVOS ESTRATÉGICOS AUE									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
D.01. Variación de la población 2007 – 2017 (%)	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
D.02.a. Superficie de cobertura artificial por municipio (%)	X		X							
D.03.b. Superficie destinada a explotaciones agrarias y forestales respecto al suelo urbano y urbanizable delimitado de la ciudad (%)	X		X							
D.05. Superficie de zonas verdes por cada 1.000 habitantes.	X		X							
D.06. Densidad Urbana. Número de habitantes por hectárea de superficie de suelo urbano (hab./ha).	X	X		X	X	X	X	X	X	
D.07. Superficie de suelo urbano mixto discontinuo sobre suelo urbano mixto total (%)	X	X			X					
D.08. Densidad de vivienda por superficie de suelo urbano (Viv/ha).	X	X		X	X	X	X	X	X	
D.10.a. Superficie construida de uso residencial por superficie de suelo (m2t/m2s)		X			X	X				
D.ST.01. Densidad de viviendas previstas en las áreas de suelo de desarrollo (Viv/ha).		X			X	X		X		
D.14. Porcentaje del parque edificatorio por municipio con una antigüedad anterior al año 2000 (%)		X	X	X						
D.17.b. Porcentaje de superficie de infraestructuras de transporte respecto al término municipal (%)	X				X					
D.18.a. Vehículos domiciliados cada 1000 habitantes.			X		X					
D.22.a. Índice de envejecimiento de la población (%)		X			X	X	X	X	X	X
D.23. Porcentaje de población extranjera (%)		X				X	X			
D.24.a. Índice de dependencia total (%)		X				X	X			
D.24.b. Índice de dependencia infantil (%)		X				X	X			
D.24.c. Índice de dependencia de mayores (%)		X				X	X			
D.26.a. Trabajadores en sector agricultura (%)						X	X		X	
D.26.b. Trabajadores en sector industria (%)						X	X		X	
D.26.c. Trabajadores en sector construcción (%)						X	X		X	
D.26.d. Trabajadores en sector servicios (%)						X	X		X	
D.27.a. Establecimientos en sector agricultura (%)							X		X	
D.27.b. Establecimientos en sector industria (%)							X		X	
D.27.c. Establecimientos en sector construcción (%)							X		X	
D.27.d. Establecimientos en sector servicios (%)							X		X	
D.28.a. Porcentaje de parados total (%)						X	X			
D.28.b. Porcentaje de parados entre 25 y 44 años (%)						X	X			
D.28.c. Proporción de paro femenino (%)						X	X			
D.29. Número de viviendas por cada 1.000 habitantes.		X						X		
D.32. Variación del número de hogares 2001-2011 (%)	X	X						X		
D.33. Crecimiento del parque de vivienda 2001-2011 (%)	X	X		X				X		
D.34. Porcentaje de vivienda secundaria (%)		X						X		
D.35. Porcentaje de vivienda vacía (%)		X						X		
D.37. FIGURA DE PLANEAMIENTO URBANÍSTICO VIGENTE EN EL MUNICIPIO	X	X						X		X
D.38. FECHA DE LA FIGURA DE PLANEAMIENTO URBANÍSTICO VIGENTE EN EL MUNICIPIO.	X	X						X		X

D.02.a. Territorio e diversidade de hábitats. Superficie de cobertura artificial por municipio

A superficie de cobertura artificial defínese no SIU1 como a suma das superficies de solo definidas en CORINE2 como tecido urbano continuo, tecido urbano discontinuo, zonas industriais ou comerciais, redes viarias e ferroviarias, zonas portuarias, aeroportos, zonas de extracción mineira, vertedoiros e cascalleiros, zonas en construción, zonas verdes urbanas e instalacións deportivas e recreativas.


En xeral, son os municipios da zona nororiental da provincia e os máis rurais, os que contan cunha menor superficie de cobertura artificial, cunha porcentaxe por debaixo do valor do 75 % dos municipios de España do seu mesmo tamaño de poboación.

Valores de referencia


Cuartiles:

- Primeiro cuartil: o 25% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Valor medio: o 50% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Terceiro cuartil: o 75% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.


Municipios de máis de 100 mil hab.




Municipios de entre 50 e 100 mil hab.





Municipios de entre 20 e 50 mil hab.



Municipios de entre 5 e 20 mil hab.



Municipios de menos de 5 mil hab.



¹ Sistema de Información Urbana do Ministerio de Vivienda e Axenda Urbana.

² Proxecto Corine Land Cover (CORINE 2018).

D03.b. Superficie de explotacións agrarias e forestais. Superficie destinada a explotacións agrarias e forestais respecto ao solo urbano e urbanizable delimitado do municipio (%)

A superficie de solo destinada a explotacións agrarias e forestais defínese na categorización urbana do SIU como a suma das superficies de solo definidas en SIOSE maioritariamente como primario agrícola e gandeiro, primario forestal e primario piscifactorías. A través deste dato, pódese identificar o carácter agrícola, gandeiro ou forestal do concello.


Más da metade dos municipios da provincia contan cunha superficie de solo destinada a explotacións agrarias e forestais superior ao da superficie de solo urbano e urbanizable. En catro deles (Vila de Cruces, Silleda, Lalín e, en menor medida, Pontearreas) esta diferenza non só é moi ampla, senón que é superior á dos municipios españois do seu mesmo tamaño que contan cunha maior porcentaxe de solo destinado a explotacións agrarias e forestais respecto ao solo urbano e urbanizable.

Valores de referencia


Cuartiles:

- Primeiro cuartil: o 25% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Valor medio: o 50% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Terceiro cuartil: o 75% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.


Municipios de máis de 100 mil hab.




Municipios de entre 50 e 100 mil hab.





Municipios de entre 20 e 50 mil hab.



Municipios de entre 5 e 20 mil hab.



Municipios de menos de 5 mil hab.



³ Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España (SIOSE 2014).

D05. Superficie de zonas verdes por cada 1000 habitantes

A superficie de solo de zonas verdes urbanas defínese como a suma das superficies definidas en SIOSE como zona verde artificial e arboredo urbano. As áreas verdes nas cidades desempeñan un rol moi importante no medio natural urbano, especialmente na mellora da calidade do aire.


Só un municipio da provincia de Pontevedra (O Rosal) rexistra un número de hectáreas de zonas verdes por cada 1000 habitantes superior ao da maioría dos municipios españois do seu mesmo tamaño. Pola contra, case un 40 % dos concellos da provincia, sobre todo, os situados ao norte e no centro, rexistran un déficit destas áreas por cada 1000 habitantes en comparación coa maior parte dos municipios españois do seu mesmo tamaño.

Valores de referencia


Cuartiles:

- Primeiro cuartil: o 25% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Valor medio: o 50% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Terceiro cuartil: o 75% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.


Municipios de máis de 100 mil hab.




Municipios de entre 50 e 100 mil hab.





Municipios de entre 20 e 50 mil hab.



Municipios de entre 5 e 20 mil hab.



Municipios de menos de 5 mil hab.



D.06. Densidade urbana. Número de habitantes por hectárea de superficie de solo urbano (hab./ha)

A densidade urbana defínese como o número de habitantes por hectárea, pero considerando soamente a superficie de solo correspondente á cidade consolidada: esta superficie, segundo a clasificación establecida no modelo de datos do SIU, comprende o solo urbano consolidado e as áreas de desenvolvemento do municipio. A análise do dato indica unha idea inicial do nivel de expansión urbana no territorio e axuda na definición dunha planificación urbana máis organizada.


O 40 % dos municipios da provincia de Pontevedra conta cunha densidade de poboación en solo urbano inferior ao 75 % dos que teñen un tamaño similar no conxunto do Estado español. Isto indica que dispoñen xa de moito solo urbano consolidado ou en desenvolvemento, ou ben que o solo urbano se organizou con sistemas de vivenda de baixa densidade. En case o 28 % dos municipios ocorre ao contrario, que a súa densidade urbana é superior ou moi superior á da maior parte dos municipios españois do seu mesmo rango de poboación, o que é indicativo da necesidade que teñen aínda para desenvolver solo urbano, ou ben que dispoñen de tipoloxías de vivendas de alta densidade.

Por conseguinte, na provincia de Pontevedra conviven municipios con núcleos de poboación moi densos con outros con núcleos de poboación de baixa densidade urbana, e escasean os núcleos con densidades medias. A maior ou menor densidade urbana dos municipios non segue un patrón territorial (costa ou interior) nin de tamaño de poboación. De feito, o municipio que conta cunha maior densidade urbana, en comparación cos demais do seu tamaño, é Pontearreas, que está localizado no interior e que se sitúa no rango de poboación de entre 20 000 e 50 000 habitantes, seguido do Rosal, municipio de costa que non chega a os 6500 habitantes.


Valores de referencia

Cuartiles:


- Primeiro cuartil: o 25% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Valor medio: o 50% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Terceiro cuartil: o 75% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.




Municipios de máis de 100 mil hab.




Municipios de entre 50 e 100 mil hab.




Municipios de entre 20 e 50 mil hab.



Municipios de entre 5 e 20 mil hab.



Municipios de menos de 5 mil hab.



D07. Superficie de solo urbano mixto discontinuo sobre urbano mixto total (%)


O solo urbano mixto discontinuo defínese en SIOSE como “zona urbana que pode estar consolidada ou en vía de consolidación, de trama regular producida por un plan urbanístico definido e que, fundamentalmente, se distingue do ensanche porque a súa conexión ou contacto coa trama configurada por núcleo histórico-ensanche é a través dunha vía de comunicación. Inclúense neste solo urbanizacións, colonias etc., situadas en arrabaldes”. A relación entre o solo urbano mixto discontinuo, respecto ao solo urbano mixto total, suma de tres clases de categorización urbana do SIU (núcleo histórico + ensanche + discontinuo), permite coñecer o grao de dispersión do solo urbano do municipio.

Esta dispersión nos municipios da provincia é, en xeral, elevada, sobre todo se se compara coa situación dos municipios do mesmo rango de poboación en España. Só nos municipios de Cerdedo-Cotobade e A Estrada a porcentaxe da superficie de solo urbano mixto discontinuo sobre o solo urbano mixto total alcanza valores que se sitúan por debaixo da media dos municipios españois do seu mesmo rango poboacional. Este dato móstranos o sistema de urbanización preferente en Galicia, que consiste nunha configuración periurbana dispersa que se foi agregando aos núcleos de poboación de maneira discontinua.


Valores de referencia

Cuartiles:


- Primeiro cuartil: o 25% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Valor medio: o 50% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Terceiro cuartil: o 75% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.




Municipios de máis de 100 mil hab.




Municipios de entre 50 e 100 mil hab.




Municipios de entre 20 e 50 mil hab.



Municipios de entre 5 e 20 mil hab.



Municipios de menos de 5 mil hab.



D08. Densidade de vivenda por superficie de solo urbano (viv./ha)

A densidade de vivenda defínese como o número de vivendas por hectárea, considerando soamente a superficie de solo correspondente á cidade consolidada tal e como se define no dato descritivo D.06. Trátase dun dato descritivo que expresa se o municipio se caracteriza por ter un uso residencial de alta, media ou baixa densidade. As cidades cunha densidade de vivenda baixa caracterízanse, entre outras cousas, por unha alta dependencia do vehículo privado, mentres que as que teñen unha densidade media-alta teñen un menor consumo e, por tanto, son máis sostibles.


O 32 % dos municipios da provincia rexistra un maior número de vivendas por hectárea que a maior parte dos municipios españois do seu mesmo rango poboacional. Polo tanto, son susceptibles dun menor uso do vehículo privado, polo que deberían ser máis proclives a desenvolver políticas orientadas a favorecer a mobilidade activa. Só o 11 % dos municipios presenta valores intermedios, aliñados cos da media dos municipios españois do seu rango poboacional en relación coa densidade de vivenda por superficie de

solo urbano. Polo tanto, tal e como se evidencia no mapa, a maior parte dos municipios de Pontevedra contan cunha baixa densidade de vivendas por superficie de solo urbano – inferior á maioría dos municipios españois do seu mesmo rango poboacional –, o que os fai máis dependentes do vehículo privado e dificulta a implantación de medidas de mobilidade branda.


Valores de referencia

Cuartiles:


- Primeiro cuartil: o 25% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Valor medio: o 50% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Terceiro cuartil: o 75% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.




Municipios de máis de 100 mil hab.




Municipios de entre 50 e 100 mil hab.




Municipios de entre 20 e 50 mil hab.



Municipios de entre 5 e 20 mil hab.



Municipios de menos de 5 mil hab.



D10.a. Compacidade residencial. Superficie de uso residencial por superficie de solo (m2t/m2s).

Enténdese como superficie construída residencial a suma da superficie construída (m2 de teito) de todas as parcelas catastrais da cidade con uso principal residencial. A comparación do dato co da cidade consolidada (segundo se describe no dato descritivo D.06) permite obter unha edificabilidade media residencial.


As comarcas da Paradanta e O Salnés son as que contan cun maior número de municipios cuxa edificabilidade media residencial é inferior á da maioría dos municipios españois do seu mesmo rango poboacional. Pola contra, a maior parte dos do Deza, Taboas, O Condado e O Morrazo contan cuns valores de edificabilidade media residencial que superan, en moitos casos en gran medida, os valores dos municipios españois de tamaño similar.

Valores de referencia


Cuartiles:

- Primeiro cuartil: o 25% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Valor medio: o 50% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Terceiro cuartil: o 75% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.


Municipios de máis de 100 mil hab.




Municipios de entre 50 e 100 mil hab.





Municipios de entre 20 e 50 mil hab.



Municipios de entre 5 e 20 mil hab.



Municipios de menos de 5 mil hab.



D.17.b. Superficie de infraestruturas de transporte respecto ao termo municipal (%)

A superficie de solo destinada a infraestruturas de transporte defínese como a suma das superficies definidas en SIOSE maioritariamente como de uso aeroportuario, portuario, rede ferroviaria, rede viaria e as superficies de solo das vías, aparcamentos e zonas peonís sen vexetación.

A través deste dato, pódese identificar tanto a superficie de solo total das infraestruturas de transporte, así como o peso que teñen estas dentro do termo municipal e a súa potencialidade de mellora de cara a unha mobilidade máis sostible.


Neste caso, tal e como se evidencia no mapa, a maior parte dos municipios da provincia rexistran valores porcentuais de superficie de infraestruturas de transporte respecto aos respectivos termos municipais similares aos dos municipios españois do seu mesmo rango poboacional. Os poucos que rexistran valores inferiores aos da media dos municipios de tamaño similar ao seu son municipios de carácter máis rural e de interior, agás Cangas e Bueu, que son costeiros.

Valores de referencia


Cuartiles:

- Primeiro cuartil: o 25% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Valor medio: o 50% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.
- Terceiro cuartil: o 75% dos datos dos municipios españois do seu mesmo tamaño cae por baixo deste valor.


Municipios de máis de 100 mil hab.




Municipios de entre 50 e 100 mil hab.





Municipios de entre 20 e 50 mil hab.



Municipios de entre 5 e 20 mil hab.



Municipios de menos de 5 mil hab.



D.18.a. Índice de motorización. Vehículos domiciliados en o municipio por cada 1000 habitantes

O índice de motorización determina a relación entre o número de vehículos (turismos e motos) e a poboación para cada municipio. Este dato está directamente relacionado co consumo de combustible e as emisións asociadas, así como o uso do espazo urbano para o tráfico rodado e a dependencia do vehículo privado.


O mapa da provincia mostra un elevadísimo índice de motorización. Na maioría de municipios o indicador de número de vehículos por cada mil habitantes sitúase no terceiro cuartil ou, en moitos casos, por riba deste. Só nos concellos de Crecente, Cerdedo-Cotobade e a Illa de Arousa o índice de motorización está por baixo do da maioría dos municipios do seu rango poboacional. Só seis (As Neves, Cangas, Vilagarcía de Arousa, Catoira, Pontecesures e Mondariz-Balneario) contan cun índice de motorización situado no primeiro cuartil, é dicir, por baixo da media dos dun tamaño similar ao seu.

Valores de referencia


Cuartiles:

Lugo	5.089		8.421	13.510
Plan de Sendas RAEG. Estado fase I.	545		5.851	6.396
Plan de Sendas RAEG. Estado fase II.	4.544		2.570	7.114
Ourense	470	3.020	5.050	8.540
Plan de Sendas RAEG. Estado fase II.	470	3.020	5.050	8.540
Pontevedra	33.518	6.320	4.355	44.193
Plan de Sendas RAEG. Estado fase I.	29.065	2.180	0	31.245
Plan de Sendas RAEG. Estado fase II.	4.414	4.140	4.355	12.909
Proxectos á marxe dos estudos das sete comarcas.	39			39

Táboa 5. Relación por provincias das sendas executadas e previstas pola Axencia Galega de infraestruturas (AXI). Ano 2021.
Fonte: Estratexia Galega de Mobilidade. Xunta de Galicia

⁸ Rede autonómica de estradas de Galicia.


FEITO 3. Existencia dun notable patrimonio natural, de interior e de costa, con capacidade de xerar valor engadido económico e de sostibilidade

3.a. A provincia é punto de encontro de tres grandes áreas paisaxísticas: Rías Baixas, Galicia central e costa sur-Baixo Miño

Na provincia de Pontevedra converxen tres grandes áreas paisaxística (GAP, en diante) utilizando a denominación das Directrices da Paisaxe Galega. As citadas directrices dividen o territorio galego en ámbitos paisaxísticos a diversas escalas que van desde as grandes unidades paisaxísticas ás unidades de paisaxe. Desta maneira, na Provincia de Pontevedra conflúen tres GAP: as Rías Baixas, Galicia central e costa sur e Baixo Miño.


Para os efectos de catalogación paisaxística, a GAP Rías Baixas subdivídese en sete comarcas paisaxísticas: Muros, Arousa-Baixo Ulloa, Umia-O Salnés, Baixo Lérez, Pontevedra, Vigo Prelitoral e Vigo Litoral. O citado ámbito abarca unha zona de máis de 270 000 ha, que comprende as grandes áreas paisaxísticas do litoral galego, aínda que tamén inclúe espazos amplos interiores que contrastan coa franxa costeira en canto a valores paisaxísticos.

Este sector occidental galego caracterízase pola concentración maior de poboación de Galicia. Este feito condiciona que os valores vinculados aos aspectos residenciais e produtivos sexan certamente os máis dominantes. Pero mesmo nas zonas máis antropizadas, este ámbito paisaxístico conta cun amplo abano de valores naturais e paisaxísticos.



Mapa 5. Confluencia na provincia de Pontevedra de tres grandes áreas paisaxísticas: Rías Baixas, Galicia central e costa Sur- Baixo Miño.

Fonte: elaboración propia.



Esta diversidade vén determinada en gran medida polas extraordinarias condicións de base deste sector occidental, isto é, o tipo de morfoloxía, as condicións edafolóxicas e o bo clima suavizado pola influencia do mar. Estas condicións permitiron, ao longo dos anos, diversas actividades produtivas (agrarias, gandeiras, extractivas, marítimas e industriais) e posibilitaron a **existencia de espazos naturais de alto valor que foron convivindo cunha intensa actividade humana.**

Para os efectos de catalogación paisaxística, a GAP Galicia Central subdivídese en oito comarcas paisaxísticas que a sitúan entre as provincias da Coruña e Pontevedra e abarcan algúns sectores das provincias de Lugo e Ourense: Terra de Ordes, Terra de Santiago-A Barcala, Terra de Melide- Arzúa, Tabeirós, A Ulloa, Terra de Montes-Alto Lérez, Deza e O Carballiño.

O GAP Galicia Central posúe un **patrimonio paisaxístico de alto valor ambiental para a conservación da biodiversidade.** Este valor motivou a **designación dun número de áreas protexidas para a conservación da natureza.** Estas áreas constitúen "paisaxes con recoñecemento legal", moitas das cales foron designadas como zonas especiais de conservación (ZEC) da Rede Natura 2000, entre as que se atopan, entre outras, **o sistema fluvial Ulla-Deza, Brañas de Xestoso, Serra do Candán e Sobreiral do Arnego.**

Por último, a GAP Costa Sur e Baixo Miño subdivídese en tres comarcas paisaxísticas: Costa Sur-Baixo Miño Litoral, Baixo Miño Interior e O Condado-A Paradanta. Este ámbito paisaxístico e ambiental inclúe o litoral suroccidental de Galicia, así como a conca baixa do río Miño e abarca unha superficie total de máis de 118 000 ha.

A Costa Sur-Baixo Miño é a segunda GAP de menor superficie das doce que conforman Galicia. A denominación Costa Sur fai referencia ao ámbito litoral que abarca desde o cabo Silleiro ata o monte de Santa Tecla (A Garda). Outra das características deste ámbito paisaxístico é o Baixo Miño, unha comarca que inclúe, por unha banda, o curso baixo do río Miño e, por outra, zonas amplas do interior da provincia. **A presenza do río Miño condiciona a natureza deste ámbito e outórgalle carácter propio.**



Entre os lugares protexidos que ten a provincia de Pontevedra atópanse, entre outros, os seguintes:

• A Ramallosa	• Illas EStelas
• Baixo Miño	• Monte Aloia
• Brañas de Xestoso	• Monte Faro
• Cabo Udra	• Río Lérez
• Complexo Ons-Ou Grove	• Río Tea
• Costa da Vela	• Serra do Candán
• Enseada de San Simón	• Serra do Careón
• Gándaras de Budiño	• Sistema Fluvial Ulla-Deza
• Illas Cíes	• Sobreirais do Arnego

3.c. Pontevedra é a única provincia galega que non conta cunha reserva da biosfera.

As reservas de biosfera foron concibidas en 1974 pola Unesco para conciliar a preservación da diversidade biolóxica e dos recursos co seu uso sostible. Constitúen lugares excepcionais para a investigación, a observación a longo prazo, a formación, a educación e a sensibilización do público, e permiten, ao mesmo tempo, que as comunidades locais participen plenamente na conservación e o uso sostible dos recursos. Tamén constitúen lugares de demostración e acción no marco das políticas de desenvolvemento rexional e de ordenamento do territorio.

Galicia conta con seis reservas da biosfera que representan o 25 % do seu territorio. Unha destas reservas é interautonómica (con Asturias) e outra transfronteiriza (con Portugal)⁹:

- Reserva da Biosfera Terras do Miño (Lugo)
- Reserva da Biosfera Área de Allariz (Ourense)
- Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (Lugo)
- Reserva da Biosfera O Río Eo, Oscos e Terras do Burón (Lugo)
- Reserva da Biosfera Transfronteiriza Xurés-Gerês (Ourense e Portugal)
- Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (A Coruña)

A de Pontevedra é a única provincia galega que non conta no seu territorio cunha reserva da biosfera.

⁹ Reservas da biosfera de Galicia. [https://patrimonionatural.xunta.gal/es/reservas-biosfera#:~:text=Galicia%20cuenta%20con%20seis%20Reservas,o-tra%20internacional%20\(con%20Portugal\).](https://patrimonionatural.xunta.gal/es/reservas-biosfera#:~:text=Galicia%20cuenta%20con%20seis%20Reservas,o-tra%20internacional%20(con%20Portugal).)

3.d. A existencia de ecosistemas en estado de degradación pola presenza crecente de especies invasoras.


Hai unha variedade de elementos que poden contribuír á degradación dun determinado ecosistema natural. Entre estes elementos atópanse as especies invasoras que afectan negativamente aos ecosistemas de distintas maneiras, entre outras:

- Desprazando especies nativas na competencia por recursos (alimentos, auga e espazo).
- Reducindo a biodiversidade, o que á súa vez afecta a estabilidade e resiliencia do propio ecosistema.
- Modificando o solo e afectando, deste modo, a capacidade doutras plantas para crecer.
- Reducindo drasticamente a poboación de especies nativas.
- Cruzándose con especies nativas a través da hibridación,

o que pode levar á perda de xenotipos nativos únicos.

- Diseminando enfermidades que poidan afectar as plantas e animais nativos.
- Introducendo cambios nos ciclos de nutrientes, como o ciclo do nitróxeno, o que pode afectar a produtividade e a composición do ecosistema.

Desde o punto de vista cualitativo, nos encontros participativos mantidos nos meses de febreiro e marzo documentouse por parte dos axentes asistentes a presenza xeneralizada de especies invasoras en ecosistemas naturais da provincia e o impacto que as devanditas especies teñen nestes ecosistemas. O mapa que a continuación se presenta mostra a presenza estendida de especies invasoras nos ecosistemas naturais da provincia.




Mapa 7. Ecosistemas naturais. Presenza de especies invasoras.
Fonte: elaboración propia.


3.e. Os sistemas de abastecemento e saneamento son insuficientes e en moitos casos ineficaces.

Tanto na análise documental de certos estudos realizados sobre a provincia, como nos encontros participativos celebrados cos principais axentes desta, identificouse a existencia de desequilibrios na dotación de servizos de saneamento e abastecemento, así como certas deficiencias nas citadas redes do ciclo da auga.

A partir da análise dos datos da Enquisa de infraestruturas e equipamentos locais da provincia de Pontevedra, constátase un desequilibrio evidente nas políticas de dotación de infraestrutura do ciclo da auga entre os municipios do interior e os da costa. Estas políticas de distribución dan resposta ás dinámicas poboacionais das últimas tres décadas na provincia, referidas con anterioridade, que deron lugar a unha determinada estrutura de asentamentos da provincia. Concretamente, como mostran os dous mapas que se presentan a continuación, obsérvase unha tupida rede de distribución e saneamento nas zonas do litoral onde se produce a aglomeración urbana documentada anteriormente, e unha leve e descontinua rede nos municipios do interior.



Mapa 9. Rede de saneamento.
Fonte: elaboración propia



Mapa 8. Rede de distribución.
Fonte: elaboración propia.



3.f. A xestión do territorio forestal na provincia está maioritariamente en mans das comunidades de montes veciñais en man común.

Segundo o Clúster da Madeira, Galicia conta con algo máis de 2 millóns de hectáreas de superficie forestal, o 70 % da cal está arborada (considérase superficie arborada cando posúe, polo menos, unha cobertura arbórea do 10 %) e o 30% restante é monte, ocupado por arboredo disperso. **O 33% desta superficie forestal pertence a máis de 3000 comunidades de montes** existentes, cunha extensión algo superior ás 660 000 hectáreas.

Montes públicos en Galicia

N.º de montes	238
Superficie	53.667,39

Montes veciñais en man común (MVMC) en Galicia

N.º de montes	3.385
Superficie	660.220,29
Superficie media	195,04



Comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) en Galicia

N.º de CMVMC	3.032
% de CMVMC que cumpren obrigas	42,32%
N.º de comuneiros	115.875
N.º medio de comuneiros	38,22

Mancomunidades de montes veciñais en man común en Galicia

Núm. de mancomunidades	36
------------------------	----

Por provincias, Pontevedra é a terceira tanto en número como en superficie de montes veciñais en man común, por detrás de Ourense e Lugo.



Estrutura da propiedade forestal en Galicia, xuño de 2024.


Fonte: https://indicadores-forestal.xunta.gal/portal-bi-internet/dashboard/Dashboard.action?request_locale=es

Montes públicos en Pontevedra	
N.º de montes	18
Superficie	3.550,58
Montes veciñais en man común (MVMC) en Pontevedra	
N.º de montes	857
Superficie	135.016,51
Superficie media	157,55
Comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) en Pontevedra	
N.º de CMVMC	672
% de CMVMC que cumpren obrigas	13,13%
N.º de comuneiros	50.348
N.º medio de comuneiros	74,92
Mancomunidades de montes veciñais en man común en Pontevedra	
N.º de mancomunidades	20

Porén, a provincia onde existe un maior número de comunidades con aproveitamento forestal é Pontevedra, co 92 % das súas comunidades con este tipo de aproveitamento, situación que viría explicada pola alta organización que presentan moitas comunidades da provincia. Séguenlle A Coruña e Lugo, con arredor do 80 % das súas comunidades. A de Ourense é a provincia que menor aproveitamento forestal presenta (só o 41 % das súas comunidades o realiza)¹⁰.

Concretamente, a provincia de Pontevedra conta actualmente con algo máis de 135 000 hectáreas de superficie comunal (857 montes), que supoñen o 25 % da superficie comunal galega, repartida entre as 672 comunidades existentes.

Estrutura da propiedade forestal en Pontevedra, xuño de 2024. Fonte: <https://indicadores-forestal.xunta.gal/portal-bi-internet/dashboard/Dashboard.action;jsessionId=vOG5Ei-UT2HN86+nViBJxlqM.prd-jboss-c05-0003-hc-001.prd-jboss-c05-0003-hc-001-server-07>



Mapa 7. Ecosistemas naturais. Presenza de especies invasoras.
Fonte: elaboración propia.

¹⁰ Grupo de Montes Veciñais en Man Común do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA). Universidade de Santiago de Compostela (2013). A política forestal galega nos montes veciñais de man común. O papel dos patrimonios territoriais na conservación da natureza. Ambienta N.º104.

3.g. Existencia de proxectos exitosos de xestión de residuos municipais impulsados pola Deputación provincial

A Deputación provincial de Pontevedra impulsa na actualidade varios proxectos orientados á mellora da xestión dos residuos municipais.

En concreto, destaca, entre outros, o Programa “Ponte a Zero”, un proxecto de educación ambiental que centrado en actividades formativas para o profesorado e o alumnado dos centros de educación infantil, primaria e secundaria da provincia de Pontevedra. O programa “Ponte a Zero” ten como obxectivos, por unha banda, concienciar a comunidade educativa da problemática dos residuos e, por outra, achegar coñecementos sobre os residuos urbanos e capacitar para a acción na minimización e correcta separación e xestión dos residuos domésticos.



Feito 4. Unha actividade económica diversificada cun sector industrial destacado con respecto ás outras provincias galegas

4.a. Presenza dun sector turístico diversificado e de calidade con capacidade de desenvolvemento de produtos turísticos específicos

A provincia de Pontevedra conta cun sector turístico diversificado e de calidade baseado na existencia dunha serie de activos e recursos ben xestionados. Na oferta turística, ademais das cidades de Vigo e Pontevedra, débense destacar os concellos que contan coa declaración de Municipio Turístico: A Guarda, Baiona, Cambados, Cangas, Mondariz-Balneario, Nigrán, Poio, O Grove, Sanxenxo, Tui e Vilagarcía de Arousa.

Na devandita oferta, tamén é importante mencionar os xeodestinos¹¹ que compoñen o territorio da provincia. Segundo o mapa¹² publicado pola Xunta de Galicia en 2022, os xeodestinos que compoñen o territorio da provincia son os seguintes:

- Salnés: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa
- Mar de Santiago: Catoira, Pontecesures, Valga e Vilanova de Arousa
- Terras de Pontevedra e Morrazo: Barro, Bueu, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cangas, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, A Lama, Marín, Moaña, Moraña, Poio, Ponte Caldelas,

Pontevedra, Portas e Vilaboa

- Ria de Vigo e Baixo Miño: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño e Tui
- Condado Paradanta: Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Pontearreas, Salceda de Caselas e Salvaterra do Miño
- Deza-Tabeirós: Agolada, Dozón, A Estrada, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

No relativo á oferta de aloxamento, a provincia dispón, segundo os datos actualizados do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT), dun total de 12 015 aloxamentos turísticos (inclúense hoteis, pensións, aloxamentos rurais, cámpings, apartamentos turísticos, albergues, vivendas de uso turístico e vivendas turísticas), que suman 117 072 prazas. A provincia non só presenta case a metade da capacidade de hospedaxe da comunidade autónoma (43 %), senón que tamén reflicte unha evolución particularmente dinámica no segmento das vivendas de uso turístico (en diante, VUT). No ano 2021, as VUT contabilizaban 4938 unidades e 26 408 prazas e representaban o 33,22 % do total. Con todo, no ano 2023, rexístrase un substancial incremento ata as 10 746 VUT que ofrecen 56 688 prazas, co que pasan a representar o 49 % do total das prazas de aloxamento na provincia.

A continuación, móstrase a relación do peso relativo de cada tipoloxía de aloxamento na provincia, segundo o REAT.

	Ano 2023			Ano 2021			Diferenza
	Establecementos	Prazas	% prazas	Establecementos	Prazas	% prazas	
Albergues turísticos	87	2.592	2,21%	60	1.803	2,27%	789
Apartamentos	150	5.772	4,93%	103	5.100	6,42%	672
Cámpings	56	16.385	14,00%	43	14.675	18,46%	1.710
Hoteis	413	27.293	23,31%	374	24.653	31,02%	2.640
Pensións	350	6.083	5,20%	276	4.679	5,89%	1.404
Turismo rural	154	1.842	1,57%	143	1.773	2,23%	69
Vivendas de uso turístico	10.746	56.688	48,42%	4.939	26.408	33,22%	30.280
Vivendas turísticas	59	417	0,36%	55	394	0,50%	23
TOTAL	12.015	117.072	100,00%	5.993	79.485	100,00%	37.587

Táboa 7. Peso relativo segundo tipoloxía do establecemento na provincia de Pontevedra.
Fonte: elaboración propia a partir do REAT (2021 e 2023)

¹¹ Os xeodestinos turísticos son áreas ou espazos xeográficos que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto coa súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular que están en continua evolución.

¹² https://www.turismo.gal/espazo-profesional/actualidade/detalle-nova?langId=es_ES&content=nova_2717.html

Da anterior táboa despréndese un incremento notable no sector hoteleiro que suma 39 establecementos máis e 2640 prazas en dous anos. Tamén se observa unha expansión no sector das VUT cun aumento de 5807 establecementos e 30 280 prazas con respecto ao 2021.

Outras tipoloxías de aloxamento especialmente relevantes para o destino, aínda que con menor peso relativo en número de prazas, son os establecementos de turismo rural, os cámpings, as pensións e os albergues turísticos, os cales se relacionan con dous tipos de turismo de interese para o destino, de natureza e o Camiño de Santiago, respectivamente. Na provincia hai un total de 87 establecementos clasificados como albergues turísticos, que xuntos ofrecen 2592 prazas.

A provincia conta cunha serie de recursos sobre os cales se puido desenvolver un sector diversificado e de calidade. No ámbito do **patrimonio cultural** da provincia, inclúense os bens de interese cultural (BIC), unha categorización protexida baixo a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que avoga pola conservación e a valorización de activos culturais únicos. Dentro deste conxunto de tesouros culturais, a provincia alberga os seguintes:

- Setenta monumentos histórico-artísticos que varían desde construcións relixiosas, pontes, faros, castelos e pazos, ata muíños e hórreos, cada un cunha historia que relata parte da identidade galega.
- Un total de 255 elementos de arte rupestre que ofrecen unha ollada ás eras prehistóricas e romanas, fundamentais para comprender a evolución cultural e social da provincia.
- Sete conxuntos histórico-artísticos que preservan a arquitectura e o urbanismo de épocas pasadas.
- Un conxunto artístico e pintoresco.
- Un lugar de valor etnográfico, que recoñece a importancia das tradicións e as prácticas que definen a identidade cultural nas Rías Baixas.

- Tres paisaxes culturais que ilustran a relación simbiótica entre o ser humano e o seu contorno e que mostran prácticas agrícolas, gandeiras ou vitivinícolas que moldearon o territorio.
- Dous xardíns históricos, espazos verdes que, ademais da súa beleza botánica, representan unha historia de estilos de xardinería e de interacción do ser humano coa natureza.
- Un sitio histórico
- Unha manifestación cultural (inmaterial)

Estes BIC non só son alicerces sobre os cales se articula a oferta de turismo cultural, senón tamén símbolos da identidade e a memoria histórica de Galicia.

Doutra banda, a **Ruta da Camelia**, que atravesa a provincia, destácase como un percorrido esencial para o aprecio da horticultura e a historia de Galicia. Catro xardíns foron declarados **Xardín de Excelencia Internacional en Camelia pola Sociedade Internacional da Camelia** debido á súa excelencia na cultura desta flor.

No ámbito do **patrimonio natural**, a provincia de Pontevedra alberga sitios de inigualable valor ecolóxico e beleza. O **Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Cíes, Illas Ons, Sálvora e Cortegada é un destes tesouros, pois ofrecen un santuario para a biodiversidade tanto mariña como terrestre**. Xunto a el, o **Parque Natural Monte Aloia e a Fraga de Catasós** como monumento natural representan outros exemplos da riqueza ecolóxica provincial.

As zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e os lugares de importancia comunitaria (LIC) destacan a relevancia da conservación e a observancia dos hábitats naturais para o mantemento das especies e os valores ecolóxicos. Isto complementase con **máis de 300 quilómetros de costa adornada con 58 praias coa Bandeira Azul**, que simboliza a súa calidade e servizos, e unha rede de sendeiros homologados que convidan o descubrimento activo da paisaxe.

A **oferta cultural** da provincia tamén destaca a través do seu calendario festivo e os seus festivais de música, que contribuíron ao desenvolvemento local e ao posicionamento da provincia como un destino cultural dinámico. Festivais como PortAmérica, Atlantic Fest, Sinsal, SonRías Baixas e Revenidas cimentaron un circuíto robusto baixo a marca RíasBaixasFest, caracterizada pola súa identidade rexional e os espazos singulares. Para capitalizar este potencial estratéxico, creouse o **Plan de xestión de turismo de festivais**.

A **gastronomía** da provincia constitúe un alicerce fundamental da súa oferta turística. Este atractivo culinario vese apoiado por varias denominacións que garanten a calidade e a orixe dos seus alimentos e bebidas, como o son as cinco subzonas da denominación de orixe (DO) Rías Baixas e as catro

denominacións de orixe protexida (DOP) para produtos emblemáticos como o mexillón de Galicia. A riqueza gastronómica da rexión e, por tanto, da provincia, tamén se evidencia na presenza de sete indicacións xeográficas protexidas (IXP), que van desde a castaña de Galicia ata a tenreira Galega, e pasando por delicias como a torta de Santiago. Ademais, catro bebidas espirituosas gozan de indicación xeográfica, incluíndo o augardente de Galicia e o licor café de Galicia, bebidas que forman parte da tradición e a identidade galega.

Por último, cómpre destacar o esforzo que se fai desde o Servizo de Turismo de Rías Baixas en materia de calidade. Desde o ano 2006, a provincia dispón da distinción **SICTED** (Sistema de Calidade Turística en Destino) que ten como obxectivo mellorar a experiencia dos turistas nun destino.



O Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos (SICTED) é unha iniciativa da Secretaría de Estado de Turismo, á que se suma a Deputación de Pontevedra a través de Rías Baixas-provincia de Pontevedra, cuxa finalidade é enriquecer a experiencia turística. O distintivo SICTED abarca unha ampla gama de servizos turísticos ofrecidos tanto por empresas do sector (como hotéis, restaurantes e axencias de viaxes) como por servizos que, aínda que non son exclusivamente turísticos, resultan fundamentais para asegurar unha experiencia de calidade a cada visitante. O selo SICTED certifica a excelencia en 32 categorías de servizos turísticos e pon en valor a dedicación por manter altos estándares de calidade.

4.b. Existencia de viveiros de empresas impulsados e xestionados pola Deputación provincial

A Deputación de Pontevedra conta con dúas experiencias exitosas de viveiros de empresas en Lalín e Barro. Puxéronse en marcha no ano 2016 coa finalidade de facilitar o desenvolvemento de iniciativas económicas de interese para a provincia nun contexto económico e empresarial exixente que demanda proxectos innovadores.

As dúas experiencias organízanse de maneira similar e actúan como estruturas de acollida temporal de empresas para encamiñalas nos seus primeiros pasos no mercado e prestar servizos que estean axustados ás necesidades de cada proxecto empresarial.

4.c. Pontevedra é a segunda provincia galega en canto a polígonos e parques empresariais. A provincia dispón dunha superficie industrial notable.

Galicia conta cunha ampla rede de polígonos industriais con parcelas pequenas e sen especialización loxística. Pontevedra é a segunda provincia galega en canto a polígonos e parques empresariais e, actualmente, conta cun total de 59.

Preto da metade da superficie industrial de Pontevedra concéntrase no sur da provincia, entre Vigo, Mos e O Porriño, xa que é onde se atopan os polígonos máis solicitados: A Granxa, As Gándaras, o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, Balaídos e Bouzas.

Actualmente, zonas como a comarca do Deza, Pontevedra, O Salnés e O Morrazo están a tomar maior protagonismo, á espera de Plisán, en Salvaterra. A Zona Franca inclúe tamén unha rede de parques empresariais, recollidos na táboa que a continuación se presenta, na que se relacionan os polígonos máis destacados da provincia:

1. Área Industrial A Pedreira (Moaña)	18. Polígono industrial de Bermio (Vilagarcía de Arousa)
2. Parque Empresarial Castiñeiras (Bueu)	19. Polígono Industrial de Chan de Amoedo (Pazos de Borbén)
3. Parque Empresarial de Vilanova de Arousa (Baión)	20. Polígono Industrial de Tremoedo (Vilagarcía de Arousa)
4. Plataforma Loxística e Industrial PLISAN (As Neves, Pontevedra) (Zona Franca Vigo)	21. Polígono Industrial de Lalín 2000 (Lalín)
5. Polígono Industrial A Ran (Cuntis)	22. Polígono Industrial Ribadil (A Cañiza)
6. Polígono Industrial Chan da Ponte (Salvaterra de Miño)	23. Parque Empresarial A Facha (Campo Lameiro)
7. Polígono Industrial Balaídos (Vigo) (Zona Franca Vigo)	24. Parque Empresarial de Nantes (Sanxenxo)
8. Polígono Industrial de Cachafeiro (A Freixeira)	25. Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (Zona Franca Vigo)
9. Polígono Industrial de Toedo (A Estrada)	26. Polígono Industrial A Pasaxe (Gondomar)
10. Polígono Industrial Granxa de Baoa (Pontevedra)	27. Polígono Industrial As Gándaras (O Porriño)
11. Polígono Industrial O Posadoiro (Caldas de Reis)	28. Polígono Industrial de Areas (Tui)
12. Área Industrial de Bouzas (Vigo)	29. Polígono Industrial de Botos (Lalín)
13. Parque Empresarial de Arbo (Arbo)	30. Polígono Industrial do Salnés (Cambados)
14. Parque Empresarial Porto do Molle (Nigrán) (Zona Franca Vigo)	31. Polígono Industrial de Vilapouca (Forcarei)
15. Polígono Industrial A Granxa (O Porriño) (Zona Franca Vigo)	32. Polígono Industrial O Campiño
16. Polígono Industrial Área 33 (Silleda)	33. Polígono Industrial de Trabanca Badiña (Vilagarcía de Arousa)
17. Polígono Industrial de Agolada (Agolada)	

Táboa 8. Os polígonos e áreas industriais máis destacados



A continuación, realízase un resumo breve dos aspectos máis destacados do polígono industrial máis relevante da provincia:

Polígono Industrial As Gándaras

Localización	O Porriño
(Pontevedra) Conexións por estrada	A-55 e AP-9
Superficie bruta	2.147.467 m ²
Prezo medio de venda	290-920 €/m ²
Alugueiros est. por unidade	2,9-4,60 €/ m²/mes
Valor estimado do terreo	140-185€/ m²
Superficie mínima	638 m²
Superficie máxima	54.000 m²
Grao de consolidación	Alto
Empresas máis destacadas	Pescanova, Stef, Smurfit Kappa

Por último, a provincia conta con tres portos de interese xeral: Vigo, Marín-Pontevedra e Vilagarcía. Segundo os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o de Vigo, o maior porto pesqueiro de Europa, alcanza as 800 000 toneladas ao ano, entre elas 34 000 toneladas de peixe fresco e 513 000 de peixe conxelado. Ademais, consolidouse como un motor económico que xera uns 15 000 postos de traballo na cidade e a súa área de influencia. O Porto de Vigo ocupa actualmente o posto 128 entre os mellores portos do mundo e o 30 da rexión formada por Europa e o Mediterráneo (incluíndo o norte de África e a costa asiática) na prestixiosa clasificación Container Port Index do Banco Mundial, referencia internacional na eficiencia marítima. O Porto de Vigo é, á súa vez, o terceiro de España en exportación de vehículos.



Foto 1. Polígono Industrial As Gándaras. Fonte: Galicia Naves

4.d. A provincia conta cun denso ámbito territorial dedicado ao sector primario con comarcas moi identificadas con determinadas actividades como a do Baixo Miño, coa horta; a do Salnés, co viñedo; ou Deza-Tabeirós, co sector agropecuario.

En rigor, non se pode falar dunha especialización sectorial agropecuaria na provincia, no relativo, polo menos, ao número de empresas e aos ingresos de explotación e contribución ao valor agregado bruto da rexión. Con todo, si se constata a existencia dun ámbito de especialización comarcal con actividades económicas destacadas no citado sector produtivo.

Con carácter xeral, a nivel provincial conséntase, como mostra a táboa que a continuación se presenta, a existencia dun número comparativamente baixo de empresas na provincia de Pontevedra con actividade principal en "agricultura, gandería, caza e servizos relacionados". En Galicia, o peso relativo das empresas do sector é do 10,6 % respecto do total, pero Pontevedra é a provincia galega que conta cun menor número de empresas do citado sector.

Número de empresas		
	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados	% total
Galicia	25.705	10,6
A Coruña	8.715	8,8
Lugo	10.185	28,6
Ourense	2.944	11,2
Pontevedra	3.861	4,7

Táboa 9. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal por provincias (grupos CNAE 2009). 2022
Fonte: IGE. Elaboración propia.

4.e. Diminución progresiva da actividade económica no rural e do peso do sector primario.

No gráfico que a continuación se presenta, corrobórase a diminución progresiva de empresas do sector primario agropecuario que, xunto coas empresas vinculadas á industria alimentaria e forestal, son as máis significativas do medio rural e as súas cadeas de valor e produción.




Gráfico 3. Empresas con actividade no sector agropecuario na provincia de Pontevedra segundo a súa actividade principal 2016-2022.
Fonte: IGE. Elaboración propia

4.f. Taxa de paro superior á rexistrada a nivel autonómico e nas outras provincias galegas.

No gráfico que a continuación se expón, conséntase, ao longo do tempo, unha taxa de paro superior á rexistrada a nivel autonómico e nas outras tres provincias galegas.





Gráfico 4. Taxas de paro das provincias galegas e Galicia (2016-2022).
Fonte: IGE. Elaboración propia.

4.g. Presenza de abundantes recursos hídricos e outros recursos naturais con capacidade de xerar enerxía limpa (circularidade).

A provincia de Pontevedra conta con abundantes recursos naturais con capacidades enerxéticas. O máis abundante é o hídrico, con capacidade de xerar enerxía hidroeléctrica. A provincia conta con numerosos ríos e encoros con gran potencial para ser aproveitados para a xeración de enerxía hidroeléctrica, como mostra o mapa que a continuación se inclúe.

A provincia ten varias zonas con bo potencial eólico, especialmente nas áreas montañosas e costeiras. Dispón, á súa vez, dunha extensa área forestal, como mostra o mapa que se presenta a continuación. Estes recursos forestais ofrécenlle á provincia un bo potencial para a produción de enerxía a partir de biomasa.



Mapa 10. Extensión forestal da provincia de Pontevedra.
Fonte: elaboración propia.



Mapa 9. Recursos hídricos da provincia de Pontevedra.
Fonte: elaboración propia.



FEITO 5. Progresivo agravamento dos factores con incidencia na xeración de desigualdades sociais.

5.a. Crecemento do envellecemento da poboación de maneira máis acusada nos núcleos rurais.

Constátase unha dinámica poboacional que se manifesta, por unha banda, nunha perda gradual de poboación en determinados núcleos de carácter rural e un progresivo envellecemento da poboación da provincia en xeral, pero que se reflicte de maneira máis acusada nas áreas rurais. A gráfica que a continuación se expón constata o proceso de envellecemento progresivo sinalado.




Gráfico 5. Índice de envellecemento da provincia de Pontevedra (2016-2022). Fonte: IGE. Elaboración propia.

5.b. Existencia de poboación de distintas procedencias, nacionais e internacionais.

En canto á poboación segundo a nacionalidade, Pontevedra é a provincia galega coa porcentaxe máis baixa de poboación estranxeira sobre o total da súa poboación (4,7%). Ourense é a provincia coa porcentaxe maior (6,40%).




Gráfico 6. Poboación da provincia de Pontevedra segundo a nacionalidade. 2023. Fonte: IGE. Elaboración propia

Das 44 920 persoas de procedencia estranxeira na provincia, o 46,8 % procede do continente americano, mentres que o 36 %, do continente europeo. Estas dúas procedencias son maioritarias entre a poboación estranxeira da provincia de Pontevedra.




Gráfico 7. Poboación estranxeira da provincia de Pontevedra segundo a nacionalidade 2023. Fonte: IGE. Elaboración propia

5.c. Ausencia dunha oferta de vivenda diversificada e alcanzable.

Desde o punto de vista cualitativo, nos encontros participativos mantidos cos principais axentes da provincia, documentouse de maneira reiterada a ausencia dunha oferta de vivenda alcanzable e diversificada.

Segundo os datos do Censo de Poboación e Vivenda do ano 2021 do Instituto Nacional de Estatística, existían nesa data na provincia de Pontevedra un total de 528 828 vivendas. Destas, o 69,3 % (366 506) son vivendas principais, mentres que o 30,7 % restante (162 322) son non principais. Cómpre sinalar o elevado número de vivendas baleiras na provincia, que supoñen o 23,3 % do total.

	Total vivendas	Vivenda principal	Vivenda non principal	Vivenda baleira
Provincia de Pontevedra	528.828	366.506	162.322	123.417

No relativo á oferta, conséntase, como mostra a gráfica que a continuación se presenta, a importante caída na construción de vivendas protexidas desde o ano 2016 e ao longo dos últimos sete anos, cun pequeno aumento no ano 2021.

Por outra banda, entre os elementos que inciden na accesibilidade á vivenda figura o prezo. Tal e como se evidencia na gráfica que se inclúe a continuación, desde o ano 2016 veuse producindo na provincia un incremento progresivo do prezo por metro cadrado da vivenda, tanto libre como protexida.

Táboa 10. Total vivendas familiares convencionais por tipo de vivendas. 2023. Fonte: INE, Censo de vivendas, 2021.




Gráfico 8. Construción de vivendas libres e protexidas (2016-2023). Provincia de Pontevedra. Fonte: IGE. Elaboración propia




Gráfico 9. Prezos da vivenda libre e protexida (2016-2023). Provincia de Pontevedra. Euros por metro cadrado. Fonte: IGE. Elaboración propia.

Ese incremento, que tamén se constata no prezo do alugueiro, prodúcese de maneira asimétrica na provincia, como mostra o mapa que se ofrece a continuación. Nel obsérvase unha diferenza notable nos prezos do alugueiro de vivendas entre os municipios do interior e os da costa, singularmente, entre os municipios do interior e os municipios das áreas urbanas das principais cidades, Pontevedra e Vigo.

Para a elaboración deste mapa, pártese dos datos relativos ao alugueiro que proporciona o Sistema Estatal de Referencia do Prezo do Alugueiro de Vivenda do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana. Este Ministerio proporciona datos desde o ano 2015 ao 2022 con desagregación por concellos, distritos e seccións. As variables consideradas son o prezo do alugueiro das vivendas colectivas e unifamiliares e o número de vivendas alugadas colectivas e unifamiliares. O último dato publicado é de 2022.

En canto aos datos relativos aos gastos das subministracións básicas da vivenda, obtéñense da Enquisa de orzamentos familiares do INE. Considéranse os gastos de vivenda de códigos ECOICOP/EPF=04.4.1T - 04.5.4.T, que corresponden a subministracións de auga, recollida de lixo, saneamento, outros servizos relacionados coa vivenda n.c.o.p. (gastos comunitarios da vivenda e de copropiedade nas comunidades de veciños), electricidade, gas, combustibles líquidos e combustibles sólidos. A variable empregada é gastos medios por fogar, que só ten desagregación por comunidade autónoma, polo que é o mesmo dato para toda Galicia (para todos os concellos, distritos e seccións). O último dato publicado é de 2022, que alcanzou os 2152,35 €. O dato do ano 2021 é de 1896,65 €.



Mapa 11. Accesibilidade á vivenda. Prezo de alugueiro anual máis gasto €.
Fonte: IGE. Elaboración propia


5.d. Crecente número de vivendas abandonadas especialmente nos núcleos rurais da provincia.

O Censo de Poboación e Vivenda do Instituto Nacional de Estatística (INE) de España clasifica as vivendas en dúas categorías: principais e non principais. Nesta última categoría inclúense as secundarias, desocupadas ou baleiras. O mencionado Censo de Poboación e Vivenda do ano 2021 indica que nesa data existían un total de 123 417 vivendas baleiras, un valor que, porcentualmente sobre o total de vivendas, resulta comparativamente alto.

No mapa que a continuación se presenta, conséntase un número de municipios, 16 para ser exactos, distribuídos tanto no interior como na costa, con porcentaxes notables (entre un 16 % e 30 %) de vivenda baleira no seu parque inmobiliario. Este mapa, que se elabora a partir os datos do

Censo de poboación e vivenda do 2021, considera como vivenda baleira a que non dispón de contrato de subministración eléctrica ou cuxo consumo total rexistrado no ano precedente foi menor ao que unha vivenda media dese mesmo municipio tería se se ocupase durante 15 días en todo o ano.

Estes valores son indicativos dun **proceso progresivo de despoboamento de municipios do interior da provincia de carácter máis rural, co conseguinte abandono e deterioración das edificacións**. Doutra banda, estas porcentaxes de vivendas baleiras son tamén indicativas dun proceso de **suburbanización de vivendas non principais que acontece nos municipios de costa principalmente**, cuxo uso e consumos son coincidentes cos limiares estatísticos establecidos para ser considerada vivenda baleira.



Mapa 12. Porcentaxe de vivenda baleira por municipio. Provincia de Pontevedra. 2024. Fonte: elaboración propia

5.e. Existencia dun progresivo despoboamento do rural.

As tres táboas que a continuación se presentan revelan certas dinámicas poboacionais que se foron consolidando ao longo do período de observación (1998-2023).

Por un lado, conséntase un proceso de aglomeración da poboación arredor das dúas cidades centrais que conforman a rexión urbana Pontevedra-Vigo e o seu crecente contorno funcional, moi singularmente a primeira coroa dos mencionados contornos metropolitanos. É destacable neste proceso de aglomeración o notable crecemento das dúas cidades centrais citadas anteriormente, como se mostra na

táboa 11.

Con todo, obsérvanse outras realidades no territorio vinculadas á diminución de poboación. Por unha banda, atópanse os municipios máis pequenos en termos de poboación, os cales perderon habitantes de maneira notable nos últimos vinte anos. Engadida a esta característica atópase a dos municipios de carácter rural, que tamén experimentaron unha importante diminución de poboación, como se reflicte nas táboas 9 e 10.

Municipio	N.º de habitantes	
	1998	2023
Mondariz-Balneario	635	703
Dozón	2279	1017
Fornelos de Montes	2343	1647
Campo Lameiro	2384	1723
Oia	2956	3104
A Lama	2956	2520
Pontecesures	2963	3096
Pazos de Borbén	3202	2993
Portas	3218	2823
Catoira	3451	3289

Táboa 9. Evolución dos municipios de menor tamaño en termos de poboación. 1998-2023. Fonte: INE

Municipio	N.º de habitantes	
	1998	2023
Vigo	283110	293652
Pontevedra	73871	82535
Vilagarcía de Arousa	33724	37689
Redondela	28768	28937
Marín	25344	24197
Cangas	23235	26807
A Estrada	22369	20081
Lalín	20090	20282
Moaña	17673	19315
Ponteareas	17136	23154

Táboa 11. Evolución dos municipios de maior tamaño en termos de poboación. 1998-2023

Municipio	N.º de habitantes	
	1998	2023
Rodeiro	4455	2260
Agolada	4457	2254
Silleda	9339	8876
Vila de Cruces	7370	5082
Forcarei	5064	3186
Covelo	4224	2426
Arbo	4459	2647
Cañiza, A	7245	5090
Covelo	4224	2426
Crecente	2979	1978
Vila de Cruces	7370	5082
Neves, As	5027	3739

Táboa 10. Evolución en termos de poboación de municipios do interior de carácter rural. 1998-2023. Fonte: INE

5.f. Presenza crecente dunha poboación en risco de exclusión social en situación de desemprego con dificultade de acceso ao emprego.

Para a medición cuantitativa deste feito específico recórrase a dous indicadores: a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (taxa AROPE) e a taxa de paro de cada unha das provincias galegas.

A taxa AROPE é un bo indicador a nivel xeral, xa que recolle a proporción de poboación que se atopa ou ben en situación de risco de pobreza, ou ben en situación de privación material severa, ou ben que vive en fogares con intensidade de traballo moi baixa. Polo outro lado, a taxa de paro (ou desemprego) engade unha dimensión crítica á análise da vulnerabilidade social, xa que o emprego é un factor clave na estabilidade económica e o benestar das persoas e as comunidades.

Como tendencia xeral, obsérvase, a partir da táboa que se inclúe a continuación, que en todas as provincias galegas a taxa de paro experimentou unha diminución entre 2019 a 2023.

A provincia cunha menor diminución é a de Pontevedra, que mantén a taxa de paro máis alta das catro provincias galegas en todos os anos do período analizado.


A falta de emprego reduce o ingreso familiar, o que pode levar a unha maior incidencia da pobreza. Sen ingresos estables, as familias teñen dificultades para satisfacer as súas necesidades básicas. Unha alta taxa de paro xeralmente implica unha maior taxa de risco, xa que máis persoas carecen de ingresos suficientes para manterse por encima do limiar de pobreza.

A taxa de risco de pobreza é un indicador que mide a proporción de persoas cuxo ingreso dispoñible equivalente se sitúa por baixo do citado limiar, que se define, **xeralmente, como o 60 % da mediana do ingreso nacional dispoñible equivalente.**

Con carácter xeral, a taxa de risco de pobreza permaneceu relativamente estable nas provincias galegas, como mostra a táboa que a continuación se presenta. A maior diminución da citada taxa atópase na provincia de Lugo (salvo no ano 2021, que incrementa con respecto a anos anteriores). No ano 2022, a provincia de Pontevedra (15,3 %) mostra unha situación moderadamente alta con respecto á taxa referida, o que indica que unha parte significativa da súa poboación enfrota risco de pobreza.



Táboa 12. Evolución da taxa de paro por provincias. 2019-2023.
Fonte: IGE. Elaboración propia.



Táboa 13. Evolución da taxa de risco de pobreza. 2016-2022.
Fonte: INE 2023.

5.g. Deficiencias de accesibilidade universal no espazo público, así como no parque de vivendas e equipamentos.

Este feito específico, que foi identificado de maneira reiterada nos encontros participativos celebrados cos axentes da provincia, fai referencia ás deficiencias no ámbito de accesibilidade aos espazos e aos equipamentos públicos da provincia. Estas deficiencias, tal e como se reflectiu nos citados encontros, teñen que ver, entre outras cuestións coas seguintes:

- As entradas e os accesos, así como o deseño de espazos interiores de equipamentos
- Deseño de baños públicos
- Sinalización accesible
- Deseño do mobiliario urbano

- Sistema de transporte: falta de acceso axeitado en estacións de tren, autobús ou metro, como ascensores ou ramplas, ademais de falta de información accesible para persoas con discapacidades sensoriais.




FEITO 6. Unha estrutura municipal caracterizada pola existencia dun número importante de municipios de escaso tamaño e con escasos recursos, co conseguinte efecto sobre as súas capacidades de xestión.

6.a. a. O 41 % dos municipios da provincia ten menos de 5000 habitantes, e non conta con recursos e capacidades administrativas suficientes para a realización das súas competencias locais.

Segundo os datos de poboación do INE, 25 municipios da provincia de Pontevedra teñen unha poboación menor de 5000 habitantes, o que supón unha porcentaxe do 41 % con respecto ao total de municipios da provincia. A debilidade da estrutura municipal española e galega é coñecida e

concrétase nos datos que demostran, a pesar das diferenzas entre comunidades autónomas, a existencia xeneralizada dun número alto de municipios de escaso tamaño e poboación, co conseguinte efecto limitador sobre a súa capacidade administrativa e de xestión.

As deputacións son entes de goberno que teñen a súa plena lexitimidade no apoio e fortalecemento dos concellos, especialmente os pequenos. Esta función resulta esencial e necesaria, posto que asegura a realización das competencias locais, que moitos concellos non poden garantir por si sós. Neste sentido, a Axenda Urbana e Rural da Deputación de Pontevedra asume e afonda no papel da Deputación como fortalecedora dos concellos, especialmente dos pequenos.



Mapa 12. Municipios e poboación. Provincia de Pontevedra. 2023.
Fonte: elaboración propia



6.b. Posibilidades de mellora nos espazos de participación e colaboración entre os diferentes sectores na provincia.

A Deputación de Pontevedra dispón dun Regulamento orgánico de participación (BOPPO 15/03/2021). Baixo este paraguas, considérase relevante reforzar o papel de axentes da provincia e o nivel de colaboración público-privada e público-comunitaria. A Deputación de Pontevedra desenvolveu programas e plans con acordos que se acadaron principalmente cos concellos. Este nivel de acordo require que se traslade ao nivel de coprodución de proxectos e servizos e a un fortalecemento das relacións intermunicipais.

A participación supón un elemento imprescindible para poder artellar esta colaboración en políticas públicas. A Deputación de Pontevedra dispón de espazos de participación, pero estes están maioritariamente vinculados a proxectos concretos. Non obstante, sería importante contar cun espazo de encontro ou órgano directivo permanente cos representantes electos do ámbito público local que permita canalizar a participación e consolidar as relacións de colaboración intermunicipais e interadministrativas.

Do mesmo xeito, considérase importante contar con espazos estables de consulta, deliberación e acordos con axentes económicos e sociais da provincia para identificar obxectivos estratéxicos e artellar a acción cara á consecución deses obxectivos.

6.c. Escaseza de marcos de colaboración intermunicipal e interadministrativa para o desenvolvemento de proxectos e prestacións de servizos.

A Deputación Provincial dispón dun Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) cuxa finalidade é, entre outras cuestións, dar asistencia aos concellos, singularmente, aos de menor capacidade económica e de xestión. Esta é unha das principais competencias das administracións provinciais. No desempeño das citadas competencias, o Servizo de Cooperación desenvolve as seguintes funcións, entre outras:

- Xestionar plans e subvencións: moitos destes plans están orientados á creación de infraestruturas municipais ou mellorar as existentes, así como xestionar as subvencións doutras administracións territoriais.
- Obter financiamento: coordinar e planificar estratexias para a presentación de candidaturas de proxectos ás convocatorias abertas de programas europeos
- Traballar na mellora da circularidade dos recursos da provincia, así como na eficiencia enerxética.

A pesar de contar co citado servizo, a Deputación non dispón de espazos de encontro ou órganos directivos estables e permanentes cos representantes electos do ámbito público local da provincia co obxecto de articular a participación e consolidar as relacións de colaboración intermunicipal para o desenvolvemento de programas entre municipios.

3.2.3. Desafíos ou retos clave

Tal e como se mostra a continuación, dos principais feitos e os seus derivados ou específicos identificados, dérivase unha relación de retos ou desafíos que se deducen do impacto destes feitos e que **deberán ser abordados desde o punto de vista da planificación e a xestión estratéxica que implica a AUPO 2030.**



TERRITORIO

FEITO 1. Estrutura de asentamento de sistemas urbanos e rurais con pouca cohesión territorial.

Feitos derivados ou específicos

Retos

- | | | |
|--|---|---|
| a. Desequilibrios territoriais: urbano-rural, interior-litoral. | → | 1. Vertebración territorial: reforzar o equilibrio e a cohesión territorial entre o urbano e o rural, entre o litoral e o interior. |
| b. Existencia dunha rexión urbana bicéntrica con dúas metrópoles, Vigo e Pontevedra, que concentra o 73 % da poboación da provincia. | → | 2. Avanzar cara a unha planificación ordenada e sostible das áreas urbanas e os seus contornos funcionais que promova a xeración de novas centralidades. |
| c. Crecente despoboamento dos núcleos e parroquias rurais. | → | 3. Impulsar a rexeneración de contornos urbanos, periurbanos e rurais degradados. |
| d. Deterioración da calidade do espazo público, sobre todo nos contornos urbanos e rururbanos e escasa calidade do espazo público nos núcleos rurais. | → | 4. Mellorar a calidade ambiental dos espazos públicos urbanos da provincia. |
| | | 5. Mellorar a calidade dos espazos e das dotacións nos contornos rurais. |



MOBILIDADE E TRANSPORTE

FEITO 2. Importantes déficits en transporte público e mobilidade sostible.

Feitos derivados ou específicos

Retos

- | | | |
|---|---|---|
| a. Mobilidade interparroquial e intermunicipal moi dependente do vehículo privado. | → | 1. Posibilitar a mobilidade sostible intermunicipal e intramunicipal na provincia, permitindo unha conexión fácil e eficiente entre os núcleos poboacionais máis próximos. |
| b. Escasa infraestrutura da mobilidade activa. | → | 2. Ampliar a rede ciclable e peonil. |



SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E RECURSOS NATURAIS

FEITO 3. Existencia dun notable patrimonio natural, de interior e de costa, con capacidade de xerar valor engadido económico e de sostibilidade.

Feitos derivados ou específicos

a. A provincia é punto de encontro de tres grandes áreas paisaxísticas: Rías Baixas, Galicia central e costa sur-Baixo Miño.

b. Gran parte do litoral está incluído dentro da Rede Natura 2000 que incorpora un bo número de zonas especiais de conservación (ZEC) e de especial protección para as aves (ZEPA) na provincia. Así mesmo, o interior da provincia conta tamén con numerosas ZEC.

c. Pontevedra é a única provincia galega que non conta cunha reserva da biosfera.

d. A existencia de ecosistemas en estado de degradación pola presenza crecente de especies invasoras.

e. Os sistemas de abastecemento e saneamento son insuficientes e, en moitos casos, ineficaces.

f. A xestión do territorio forestal na provincia está maioritariamente en mans das comunidades de montes veciñais en man común.

g. Existencia de proxectos exitosos de xestión de residuos municipais impulsados pola Deputación provincial.

Retos

→ **1.** Preservar e valorizar os activos ambientais máis destacados da provincia e adaptalos aos efectos do cambio climático.

→ **2.** Desenvolver un modelo de xestión eficaz do patrimonio natural e cultural.

→ **3.** Controlar e xestionar de maneira eficaz as especies alóctonas, singularmente nos espazos naturais de especial valor ambiental provincia.

→ **4.** Rexenerar ecoloxicamente determinados contornos naturais en situación de crecente degradación.

→ **5.** Xestionar de maneira eficiente os recursos hídricos, para garantir sistemas eficientes de abastecemento e saneamento.

→ **6.** Desenvolver un modelo de xestión forestal a nivel provincial que integre a diversificación de usos con base en criterios de sostibilidade.

→ **7.** Ampliar os proxectos de xestión de residuos municipais impulsados pola Deputación provincial a través dos mecanismos de concertación.



ECONOMÍA

FEITO 4. Unha actividade económica diversificada cun sector industrial destacado con respecto ás outras provincias galegas.

Feitos derivados ou específicos

a. Presenza dun sector turístico diversificado e de calidade con capacidade de desenvolvemento de produtos turísticos específicos.

b. Diminución progresiva da actividade económica no rural e do peso do sector primario.

c. A provincia conta cun denso ámbito territorial dedicado ao sector primario con comarcas moi identificadas con determinadas actividades como a do Baixo Miño, coa horta; a do Salnés, co viñado; ou Deza-Tabeirós, co sector agropecuario.

d. Pontevedra é a segunda provincia galega en canto a polígonos e parques empresariais. A provincia dispón dunha superficie industrial notable

e. Existencia de viveiros de empresas impulsados e xestionados pola Deputación provincial.

f. Taxa de paro nos últimos períodos superior á rexistrada nas outras provincias galegas.

g. Presenza de abundantes recursos hídricos e outros recursos naturais con capacidade de xerar enerxía limpa (circularidade).

Retos

→ **1.** Desenvolver un sector turístico desestacionalizado baseado nos activos patrimoniais naturais, culturais e gastronómicos, así como na celebración de eventos diversos na provincia.

→ **2.** Potenciar o sector primario apostando pola súa diversificación e innovación como instrumento para a revitalización dos municipios e núcleos rurais da provincia.

→ **3.** Darlle continuidade á diversificación da actividade económica e reforzar as capacidades de atracción de novos investimentos.

→ **4.** Mellorar as condicións nas áreas industriais da provincia que permita a tracción das nosas industrias en sectores produtivos emerxentes de alto valor

→ **5.** Fortalecer as relacións entre os centros de investigación asociados á universidade e o armazón empresarial da provincia para potenciar espazos de intercambio entre empresa e coñecemento

→ **6.** Aproveitar os usos enerxéticos dos residuos (augas residuais, residuos sólidos e orgánicos e industriais...)

→ **7.** Desenvolver un modelo de xestión eficiente dos recursos naturais baseado no aproveitamento das súas capacidades enerxéticas.



COHESIÓN SOCIAL

FEITO 5. Progresivo agravamento dos factores con incidencia na xeración de desigualdades sociais.

Feitos derivados ou específicos

a. Crecemento do envellecemento da poboación de maneira máis acusada nos núcleos rurais.

b. Diversidade da poboación con base no seu lugar de procedencia.

g. Presenza crecente dunha poboación en risco de exclusión social en situación de desemprego con dificultade de acceso ao emprego.

c. Ausencia dunha oferta de vivenda diversificada e alcanzable.

d. Crecente número de vivendas abandonadas especialmente nos núcleos rurais da provincia.

e. Existencia dun progresivo despoboamento do rural.

f. Deficiencias de accesibilidade universal no espazo público, así como no parque de vivendas e equipamentos.

Retos

1. Adecuar a oferta social e asistencial ás necesidades derivadas do envellecemento da poboación.

2. Adaptar os equipamentos, dotacións e servizos públicos ás características da poboación da provincia, en especial da poboación maior.

3. Conseguir a integración socioeconómica das persoas inmigrantes e das persoas en risco de exclusión social.

4. Incrementar as posibilidades de formación e capacitación profesional dos colectivos en situación de desemprego e con dificultades de inserción sociolaboral.

5. Avanzar na igualdade de xénero en todos os ámbitos.

6. Incrementar a oferta de vivendas dispoñibles e favorecer o acceso a estar por parte da mocidade e da poboación máis vulnerable.

7. Aumentar e fixar poboación nova na provincia, en especial no interior e as zonas rurais.

8. Garantir a accesibilidade do parque de vivendas.

9. Garantir a accesibilidade de todas as persoas ao espazo público, equipamentos, dotacións e servizos.



ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E GOBERNANZA

FEITO 6. Unha estrutura municipal caracterizada pola existencia dun número importante de municipios de escaso tamaño e con escasos recursos, co conseguinte efecto sobre as súas capacidades de xestión.

Feitos derivados ou específicos

Retos

a. O 41 % dos municipios da provincia ten menos de 5000 habitantes e carece dos recursos e capacidades administrativas suficientes para a realización das súas competencias locais.



1. Incrementar a profesionalización da Administración, en especial nos municipios máis pequenos, para garantir a prestación de servizos máis áxil, accesible e próxima.

b. Ausencia de espazos de participación e colaboración entre Administración local, iniciativa privada e terceiro sector.




2. Fortalecer as relacións intermunicipais na provincia, en especial entre os municipios máis pequenos e a Deputación provincial.

c. Escaseza de marcos de colaboración intermunicipal e interadministrativo para o desenvolvemento de proxectos e prestacións de servizos.



3. Involucrar o tecido asociativo provincial deseño das políticas de desenvolvemento territorial.



4

Aliñamento dos principais retos da provincia, os obxectivos da AUE e os ODS

ÁMBITO	RETOS	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE	ODS
1. TERRITORIO	1.1. Vertebración territorial: reforzar o equilibrio e cohesión territorial entre o urbano e o rural, entre o litoral e o interior.	OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo. OE5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles. ODS13. Acción polo clima.
	1.2. Avanzar cara a unha planificación ordenada e sostible das áreas urbanas e os seus contornos funcionais que promova a xeración de novas centralidades.	OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo. OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles.
	1.3. Impulsar a rexeneración de contornos urbanos, periurbanos e rurais degradados.	OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles.
	1.4. Mellorar a calidade ambiental dos espazos públicos urbanos da provincia.	OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente. OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles. ODS13. Acción polo clima.
	1.5. Mellorar a calidade dos espazos e das dotacións nos contornos rurais.	OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles.
2. MOBILIDADE E TRANSPORTE	2.1. Posibilitar a mobilidade sostible intermunicipal e intramunicipal na provincia, permitindo unha conexión fácil e eficiente entre os núcleos poboacionais máis próximos.	OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático. OE5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles. ODS13. Acción polo clima.
	2.2. Ampliar a rede ciclable e peonil.	OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático. OE5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles. ODS13. Acción polo clima.
3. SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E RECURSOS NATURAIS	3.1. Preservar e valorizar os activos máis destacados da provincia e adaptalos aos efectos do cambio climático.	OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático.	ODS13. Acción polo clima. ODS15. Vida de ecosistemas terrestres.
	3.2. Desenvolver un modelo de xestión eficaz do patrimonio natural e cultural.	OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático. OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo.	ODS13. Acción polo clima. ODS15. Vida de ecosistemas terrestres.

ÁMBITO	RETOS	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE	ODS
3. SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E RECURSOS NATURAIS	3.3. Controlar e xestionar de maneira eficaz as especies alóctonas, singularmente nos espazos naturais de especial valor ambiental da provincia.	OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático. OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo.	ODS13. Acción polo clima. ODS15. Vida de ecosistemas terrestres.
	3.4. Rexenerar ecoloxicamente determinados contornos naturais en situación de crecente degradación.	OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático. OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.	ODS13. Acción polo clima. ODS15. Vida de ecosistemas terrestres.
	3.5. Xestionar de maneira eficiente os recursos hídricos, para garantir sistemas eficientes de abastecemento e saneamento.	OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles. ODS13. Acción polo clima.
	3.6. Desenvolver un modelo de xestión forestal a nivel provincial que integre a diversificación de usos con base en criterios de sostibilidade.	OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático.	ODS13. Acción polo clima. ODS15. Vida de ecosistemas terrestres. ODS7. Enerxía alcanzable e non contaminante.
	3.7. Ampliar os proxectos de xestión de residuos municipais impulsados pola Deputación provincial a través dos mecanismos de concertación.	OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles ODS13. Acción polo clima. ODS17. Alianzas para lograr obxectivos.
4. ECONOMÍA	4.1. Desenvolver un sector turístico desestacionalizado baseado nos activos patrimoniais naturais, culturais e gastronómicos, así como na celebración de eventos diversos na provincia.	OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana.	ODS 8. Traballo decente e crecemento económico.
	4.2. Potenciar o sector primario apostando pola súa diversificación e innovación como instrumento para a revitalización dos municipios e núcleos rurais da provincia.	OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana. OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo.	ODS 11. Cidades e comunidades sostibles. ODS 8. Traballo decente e crecemento económico.
	4.3. Dar continuidade á diversificación da actividade económica e reforzo das capacidades de atracción de novos investimentos.	OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana.	ODS 8. Traballo decente e crecemento económico. ODS9. Industria, innovación e infraestrutura.
	4.4. Mellorar as condicións nas áreas industriais da provincia que permita a tracción das nosas industrias en sectores produtivos emerxentes de alto valor.	OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana	ODS 8. Traballo decente e crecemento económico. ODS9. Industria, innovación e infraestrutura.
	4.5. Fortalecer as relacións entre os centros de investigación asociados á universidade e o armazón empresarial da provincia para potenciar espazos de intercambio entre empresa e coñecemento.	OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e gobernanza. OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana.	ODS9. Industria, innovación e infraestrutura. ODS17. Alianzas para lograr obxectivos.
	4.6. Aproveitar os usos enerxéticos dos residuos (augas residuais, residuos sólidos e orgánicos e industriais...).	OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana. OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular.	ODS7. Enerxía alcanzable e non contaminante. ODS13. Acción polo clima.
	4.7. Desenvolver un modelo de xestión eficiente dos recursos naturais baseado no aproveitamento das súas capacidades enerxéticas.	OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular	ODS6. Auga limpa e saneamento. ODS7. Enerxía alcanzable e non contaminante.

5. COHESIÓN SOCIAL	5.1. Adecuar a oferta social e asistencial ás necesidades derivadas do envellecemento da poboación.	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade	ODS10. Redución das desigualdades.
	5.2. Adaptar os equipamentos, dotacións e servizos públicos ás características da poboación da provincia, en especial da poboación maior.	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade. OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.	ODS10. Redución das desigualdades. ODS3. Saúde e benestar.
	5.3. Consegur a integración socioeconómica das persoas inmigrantes e das persoas en risco de exclusión social.	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade	ODS10. Redución das desigualdades.
	5.4. Incrementar as posibilidades de formación e capacitación profesional dos colectivos en situación de desemprego e con dificultades de inserción sociolaboral.	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade.	ODS10. Redución das desigualdades.
	5.5. Avanzar na igualdade de xénero en todos os ámbitos.	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade.	ODS5. Igualdade de xénero. ODS10. Redución das desigualdades.
	5.6. Incrementar a oferta de vivendas dispoñibles e favorecer o acceso a esta por parte da mocidade e a poboación máis vulnerable.	OE8. Garantir o acceso á vivenda. OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade.	ODS10. Redución das desigualdades.
	5.7. Aumentar e fixar poboación nova na provincia, en especial no interior e as zonas rurais.	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade.	ODS11. Cidades e comunidades sostibles.
	5.8. Garantir a accesibilidade do parque de vivendas.	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade	ODS11. Cidades e comunidades sostibles. ODS10. Redución das desigualdades.
	5.9. Garantir a accesibilidade de todas as persoas ao espazo público, equipamentos, dotacións e servizos.	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade. OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.	ODS11. Cidades e comunidades sostibles. ODS10. Redución das desigualdades.
6. ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E GOBERNANZA	6.1. Incrementar a profesionalización da Administración, en especial nos municipios máis pequenos, para garantir a prestación de servizos máis áxil, accesible e próxima.	OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e gobernanza. OE9. Liderar e fomentar a innovación dixital.	ODS17. Alianzas para lograr obxectivos.
	6.2. Fortalecer as relacións intermunicipais na provincia, en especial entre os municipios máis pequenos e a Deputación provincial.	OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e gobernanza	ODS17. Alianzas para lograr obxectivos
	6.3. Involucrar o tecido asociativo provincial no deseño das políticas de desenvolvemento territorial.	OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e gobernanza.	ODS17. Alianzas para lograr obxectivos

2

MARCO ESTRATÉGICO

MISIÓN, VISIÓN E VALORES

DIMENSIÓNS E OBXECTIVOS

DIMENSIÓN 1

**COHESIÓN E VERTEBRACIÓN DO
TERRITORIO**

DIMENSIÓN 2

COHESIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL

DIMENSIÓN 3

**DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E
EMPRESARIAL**

DIMENSIÓN 4

**NATUREZA, PATRIMONIO E
IDENTIDADE TERRITORIAL**

DIMENSIÓN 5

**CALIDADE DE VIDA,
ACCESIBILIDADE E IGUALDADE**

DIMENSIÓN 6

**METABOLISMO TERRITORIAL
CIRCULAR**



Misión, visión e valores

O marco estratéxico sintetiza a **misión e visión** da planificación proposta e define os obxectivos estratéxicos e específicos que propón a Deputación de Pontevedra para alcanzar esa visión.

A **MISIÓN** é a razón de ser de AUP0 2030, o propósito fundamental que marca a Deputación de Pontevedra á hora de abordar o proceso de planificación estratéxica participativa.

MISIÓN: impulsar un desenvolvemento territorial equilibrado, inclusivo e sostible, e promover o benestar de toda a poboación e a preservación dos recursos naturais. AUP0 2030 recolle o compromiso de poñer en marcha políticas e accións que integren as dimensións económica, social e ambiental, para construír unha provincia próspera, equitativa e resiliente para as xeracións presentes e futuras, en colaboración cos 61 concellos que a conforman.

A **VISIÓN** describe como debería ser a provincia de Pontevedra no ano 2030, é dicir, recolle as metas que se pretenden alcanzar no futuro a través de AUP0 2030.

VISIÓN: Pontevedra consolídase como unha provincia equilibrada territorial e socialmente, atractiva para vivir e traballar, cunha alta calidade de vida, onde cada habitante goza dunha contorna próspera, natural, saudable e harmoniosa, independentemente de que resida no ámbito rural ou urbano.

Os **VALORES** orientan a acción; os principios fundamentais que guían as accións na planificación e a implementación de AUP0 2030 son os seguintes:

Accesibilidade universal. Busca garantir que todas as persoas que habitan o territorio, independentemente das súas capacidades físicas, sensoriais ou cognitivas, poidan acceder, utilizar e gozar dos espazos, servizos e infraestruturas públicas en igualdade de condicións.

Sostibilidade. Este valor pon énfase no equilibrio entre o desenvolvemento económico, a protección do medio natural e o benestar social.

Participación cidadá. Valora a implicación activa da comunidade na toma de decisións sobre o futuro da súa cidade ou aldea, e promove un sentido de pertenza e responsabilidade compartida.

Inclusión e equidade. Busca garantir que os beneficios do desenvolvemento urbano e rural sexan accesibles para toda a poboación, independentemente da súa condición socioeconómica, xénero, idade, orixe étnica ou capacidades.

Resiliencia. Busca desenvolver a capacidade do territorio para adaptarse e recuperarse de crises ou cambios, xa sexan económicos, ambientais ou sociais.

Innovación. Fomenta a adopción de tecnoloxías e enfoques creativos e innovadores para abordar os desafíos urbanos.

Transparencia. Fomenta a rendición de contas e a xestión ética dos recursos públicos na implementación de AUP0 2030.

Eficiencia. Promove o uso óptimo dos recursos dispoñibles, xa sexan financeiros ou naturais.

Dimensións e obxectivos

A formulación do marco estratéxico parte necesariamente da identificación realizada no diagnóstico dos principais desafíos ou retos que se deben abordar no marco de AUPO 2030. Se no citado diagnóstico se describía unha situación de partida da provincia, no marco estratéxico trázase o camiño para seguir que permitirá transitar desde a «provincia que temos» á «provincia que queremos». A formulación do marco estratéxico parte, por tanto, dos resultados obtidos na fase de diagnóstico e dos procesos de participación activados na devandita fase.

A estratexia da AUPO 2030, a partir dos retos identificados no diagnóstico, estrutúrase en seis **dimensións**, cada unha das cales inclúe **un obxectivo estratéxico** que se concreta en varios **obxectivos específicos**. Estes obxectivos preténdense alcanzar a través do despregamento de 38 **liñas de acción**, no marco das que se desenvolverán as distintas **actuacións** que permitirán implementar o plan de desenvolvemento territorial deseñado.

As **seis dimensións** que aborda a estratexia da AUPO 2030 son as seguintes:

- Cohesión e vertebración do territorio
- Cohesión e integración social
- Desenvolvemento económico e empresarial
- Natureza, patrimonio e identidade territorial
- Calidade de vida, accesibilidade e igualdade
- Metabolismo territorial circular

Os obxectivos da AUPO 2030 que se describen a continuación no marco de cada unha das dimensións están debidamente aliñados cos propios da AUE e, á súa vez, cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 de Nacións Unidas.



Retos




Dimensión 1

Cohesión e vertebración do territorio

Obxectivo 1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal a servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Retos



Dimensión 2 Cohesión e integración social

Obxectivo 2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Retos

4.1.

Desenvolver un sector turístico desestacionalizado baseado nos activos patrimoniais naturais, culturais e gastronómicos, así como na celebración de eventos diversos na provincia

4.2.

Potenciar o sector primario apostando pola súa diversificación e innovación como instrumento para a revitalización dos municipios e os núcleos rurais da provincia

4.3.

Darlle continuidade á diversificación da actividade económica e reforzar as capacidades de atracción de novos investimentos

4.4.

Mellorar as condicións nas áreas industriais da provincia que permita a tracción das nosas industrias en sectores produtivos emerxentes de alto valor

4.5.

Fortalecer as relacións entre os centros de investigación asociados á universidade e o tecido empresarial da provincia para potenciar espazos de intercambio entre empresa e coñecemento

5.4.

Incrementar as posibilidades de formación e capacitación profesional de colectivos en situación de desemprego e con dificultades de inserción sociolaboral

Dimensión 3

Desenvolvemento económico e empresarial

Obxectivo 3. Crear oportunidades de desenvolvemento económico provincial a través do aproveitamento dos recursos locais, o reforzo do tecido empresarial provincial e a promoción do emprendemento

Retos

3.1.

Preservar e valorizar os activos ambientais máis destacados da provincia e adaptalos aos efectos do cambio climático.

3.2.

Desenvolver un modelo de xestión eficaz do patrimonio natural e cultural

3.3.

Controlar e xestionar de maneira eficaz as especies alóctonas, singularmente nos espazos naturais de especial valor ambiental da provincia

3.4.

Rexenerar ecoloxicamente determinados contornos naturais en situación de crecente degradación

3.6.

Desenvolver un modelo de xestión forestal a nivel provincial que integre a diversificación de usos con base en criterios de sostibilidade

Dimensión 4

Natureza, patrimonio e identidade territorial

Obxectivo 4. Protexer e valorizar o patrimonio e a paisaxe, e preservar o territorio fronte aos desastres naturais e os efectos do cambio climático

Retos



Dimensión 5

Calidade de vida, accesibilidade e igualdade

Obxectivo 5. Fomentar a calidade, seguridade e accesibilidade do espazo público nos distintos núcleos da provincia e facilitar o incremento da oferta de vivenda accesible, en especial nas zonas rurais, para colectivos de xente nova e persoas en risco de exclusión, así como novas formas de comunidade para maiores

Retos

3.5.

Realizar unha xestión eficiente dos recursos hídricos, para garantir sistemas eficientes de abastecemento e saneamento

3.7.

Ampliar os proxectos de xestión de residuos municipais impulsados pola Deputación provincial a través da mecanismos de concertación

4.6.

Aproveitar os usos enerxéticos dos residuos (augas residuais, residuos sólidos e orgánicos e industriais...).

4.7.

Desenvolver un modelo de xestión eficiente dos recursos hídricos e outros recursos naturais baseado no aproveitamento das súas capacidades enerxéticas

Dimensión 6 Metabolismo territorial circular

Obxectivo 6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos

DIMENSIÓN 1

Cohesión e vertebración do territorio

Obxectivo 1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal a servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

A provincia de Pontevedra está formada por 61 municipios, de diferente tipoloxía e tamaño de poboación. Municipios de costa e de interior; municipios urbanos e rurais; municipios con economías de carácter máis industrial e de servizos e municipios cuxa economía se basea no sector primario; municipios que abarcan desde os 294 910 habitantes de Vigo, ata os 703 habitantes de Mondariz-Balneario. Só dous deles (Pontevedra e Vigo) superan os 75 000 habitantes; oito teñen entre 20 000 e 50 000; e 51, menos de 20 000.

Nesta última categoría xorde un numeroso conxunto de núcleos de pequeno e mediano tamaño, con poboacións que oscilan entre os 7000 e os 20 000 habitantes, que xeran un tecido urbano heteroxéneo e cunha certa "continuidade ou urbanidade difusa" e conforman un sistema urbano intermedio, no cal aparecen unha serie de cabeceiras ou nodos territoriais. Tamén existen centros que experimentaron un crecemento demográfico relativamente notable e, na actualidade, agrupan un conxunto de servizos básicos ou actúan como centros de lecer de referencia, polo que xeran, no seu contorno máis inmediato, certas relacións urbanas.

Este primeiro obxectivo pretende dar consistencia e estrutura interna ao territorio provincial e dotalo de

organización, traballando desde unha perspectiva supramunicipal, e mellorar a súa cohesión interna a través da implantación de accións dirixidas a incrementar os vínculos e as relacións funcionais entre municipios e garantir en todos eles o acceso aos servizos públicos en condicións de igualdade.

Para a consecución deste obxectivo establécense unha serie de ámbitos e fíxase a maneira de orientar a acción nas devanditas áreas. Estes ámbitos de traballo explicitanse nunha serie de obxectivos específicos, que se relacionan a continuación:

- **OE 1.1.** Favorecer a mobilidade sostible e segura na provincia, e configurar así un territorio de proximidade.
- **OE 1.2.** Garantir o pleno desenvolvemento da Administración electrónica na Deputación provincial e os municipios da provincia de menor tamaño.
- **OE 1.3.** Favorecer a transparencia e a gobernanza intermunicipal.
- **OE 1.4.** Impulsar un modelo territorial equilibrado e unido, co incremento do acceso a posibles fontes de financiamento.

Obxectivo específico 1.1.

Favorecer a mobilidade sostible e segura na provincia, e configurar así un territorio de proximidade

Nun territorio caracterizado pola dispersión poboacional, a mobilidade adquire unha relevancia especial como factor clave para garantir a cohesión territorial e mesmo social. Así, este obxectivo, xunto co OE 1.2, buscan propiciar as condicións adecuadas para o desenvolvemento dun modelo sostible de mobilidade na provincia, non só no ámbito intramunicipal senón tamén nas agrupacións de municipios entre os que existen relacións de carácter funcional.

Concretamente, este obxectivo específico pretende poñer en marcha accións que impulsen e faciliten a mobilidade branda e/ou en transporte colectivo en todos os municipios da provincia e que permitan conectalos entre si, o que facilitará os desprazamentos da cidadanía e mellorará o acceso aos servizos e equipamentos públicos. Así, promove accións, entre outras, de ampliación dos espazos públicos para uso cidadán nos municipios, cun incremento das zonas de uso peonil e ciclista nos devanditos contornos; de introdución de novos eixes de mobilidade branda e de mellora dos existentes, que conecten os municipios entre si; e de reforzo do transporte público colectivo.

Establécense tres liñas de acción para abordar os aspectos referidos:

- **LA. 1.1.1.** Incremento dos itinerarios peonís e mellora da seguridade na vía pública.
- **LA. 1.1.2.** Creación de redes ciclistas que permitan unir municipios.
- **LA. 1.1.3.** Fomento do uso do transporte público e colectivo.



Obxectivo específico 1.2.

Garantir o pleno desenvolvemento da administración electrónica para favorecer o acceso igualitario aos servizos públicos en todo o territorio

A vertebración e a cohesión do territorio implica tamén alcanzar unha certa igualdade no benestar e a calidade de vida da cidadanía, independentemente do lugar onde residan. Neste sentido, é importante garantir a igualdade de acceso aos servizos públicos e, para iso, desempeña un papel fundamental a administración electrónica.

Este obxectivo busca modernizar e dixitalizar os servizos públicos prestados nos distintos niveis da Administración da provincia, facendo que sexan máis accesibles, eficientes e transparentes para a cidadanía. Este obxectivo pretende asegurar que todos os municipios, especialmente os de menor tamaño e con menos recursos, teñan a capacidade e as ferramentas necesarias para implementar e utilizar a administración electrónica de maneira efectiva. Do mesmo xeito, trátase de garantir a posibilidade de que todos os municipios, independentemente do seu tamaño, poidan ofrecerlle á súa poboación os servizos de administración electrónica en igualdade de condicións.

Para iso, este obxectivo promove accións, entre outras, de ampliación da carteira de servizos de administración electrónica; de capacitación, tanto ao persoal público das administracións locais de menor entidade, como ás persoas con maiores dificultades de acceso ás tecnoloxías; e de dotación aos municipios da infraestrutura tecnolóxica necesaria.

Establécense dúas liñas de acción para a consecución do obxectivo:

- **LA. 1.2.1.** Ampliación e mellora dos servizos de administración electrónica dos municipios da provincia e a Deputación.
- **LA. 1.2.2.** Asistencia e formación en competencias TIC ás persoas con máis dificultades, para facilitar así o acceso aos servizos da administración electrónica.



Obxectivo específico 1.3.

Favorecer a transparencia e a gobernanza intermunicipal

A colaboración intermunicipal e a cooperación entre os distintos actores que operan no territorio para desenvolver proxectos que aborden necesidades comúns é outro dos ámbitos que incidirá necesariamente na mellora da cohesión territorial. Así, este obxectivo pretende reforzar a cultura de nova gobernanza que promove os principios de transparencia, integridade, rendición de contas e participación cidadá na Administración. En concreto, persegue mellorar a accesibilidade da información relacionada coa xestión pública, así como promover unha colaboración efectiva entre os municipios da provincia.

Para iso, este obxectivo promove accións que faciliten o acceso da cidadanía á información pública a través dos portais web, que fomenten a rendición de contas das autoridades locais e que aseguren que os procesos de toma de decisións son máis abertos e participativos nas administracións da provincia, entre outras. Isto permitirá non só aumentar a confianza pública nas institucións, senón tamén mellorar a eficiencia na xestión dos recursos e a calidade dos servizos prestados á poboación da provincia.

A continuación, detállanse as liñas de acción establecidas para a consecución do presente obxectivo:

- **LA. 1.3.1.** Potenciación dos instrumentos de gobernanza e colaboración horizontal.
- **LA. 1.3.2.** Optimización das ferramentas de comunicación dixitais da Deputación, o que mellorará o acceso á información e a transparencia.



Obxectivo específico 1.4.

Impulsar un modelo territorial equilibrado e unido, co incremento do acceso a posibles fontes de financiamento

Por último, que se aborden os desequilibrios territoriais existentes na provincia é clave para unha mellor vertebración e maior cohesión do territorio. No marco deste obxectivo promóvese o desenvolvemento equitativo de todas as zonas ou ámbitos, especialmente os máis desfavorecidos ou periféricos, para garantir unha adecuada política de distribución dos servizos, infraestruturas e equipamentos en todo o territorio.

Este obxectivo é crucial para asegurar un desenvolvemento máis equilibrado territorialmente na provincia e evitar que as desigualdades xeográficas se traduzan en disparidades sociais e económicas. Ao favorecer o acceso a fontes de financiamento, posibilitase a realización de proxectos que poidan promover un equilibrio territorial e, en última instancia, mellorar a calidade de vida da cidadanía en todos os municipios da provincia.

Para iso, establécense tres liñas de acción fundamentais:

- **LA. 1.4.1.** Desenvolvemento dun modelo territorial equilibrado e policéntrico na provincia.
- **LA. 1.4.2.** Información e asesoramento aos municipios máis pequenos da provincia en relación con todas as liñas de axuda públicas das que poderían beneficiarse.
- **LA. 1.4.3.** Impulso de plans e proxectos municipais vinculados aos obxectivos da AUE e a AUP0 2030.



DIMENSIÓN 2

Cohesión e integración social

Obxectivo 2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

O envellecemento e a perda de poboación que veu rexistrando a provincia de Pontevedra nos últimos anos fan cada vez máis necesario articular políticas orientadas a paliar a progresiva perda poboacional, sobre todo de xente nova, no territorio provincial. Neste sentido, son fundamentais as políticas de integración dirixidas á poboación inmigrante (que actualmente supón unha porcentaxe baixa na maior parte dos municipios da provincia, en relación con outros municipios españois), pero tamén aos principais colectivos en risco de exclusión, coa finalidade de mellorar a calidade de vida e atraer poboación. Así mesmo, dado o elevado índice de envellecemento poboacional e de dependencia, garantir a calidade de vida implica atender as necesidades das persoas maiores e as súas familias, para facilitar a conciliación. Por último, contar con equipamentos e servizos adecuados para a mocidade contribuirá a fixar e atraer poboación.

Este obxectivo traballa a integración e a inclusión de todas as persoas desde distintas perspectivas. Aborda as desigualdades de renda non só tentado reducilas, senón

garantindo a cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade social. Doutra banda, traballa a integración e a inclusión social de todas as persoas a través de ferramentas como a cultura, xeradora de identidade, ou o asociacionismo.

Por último, este obxectivo aborda outro tipo de desigualdades, como as que se producen por motivos de idade e xénero, así como as desigualdades territoriais, ofrecendo, neste último caso, máis facilidades ás persoas que decidan vivir e traballar nas zonas rurais.

Este obxectivo desenvólvese a través de catro obxectivos específicos:

- **OE 2.1.** Garantir a asistencia, atención e coidado necesarios ás persoas en situación de vulnerabilidade.
- **OE 2.2.** Mellorar a calidade de vida de todas as persoas, tendo en conta a idade e o xénero.
- **OE 2.3.** Impulsar a cultura galega e o asociacionismo como instrumentos de integración social.
- **OE 2.4.** Garantir a igualdade de xénero na provincia.

Obxectivo específico 2.1.

Garantir a asistencia, atención e coidado necesarios ás persoas en situación de vulnerabilidade

Este obxectivo pretende abordar primordialmente as consecuencias derivadas de determinados factores que xeran exclusión social. Neste sentido, dirixe a acción a garantir os dereitos sociais a persoas ou colectivos en situación de vulnerabilidade social, ampliando non só a cobertura de necesidades básicas, senón tamén as oportunidades ás devanditas persoas, de modo que poidan facelas súas e desenvolver o seu proxecto vital de maneira autónoma.

Doutra banda, este obxectivo tamén busca reorientar o obxecto do apoio económico da Deputación aos concellos, especialmente aos pequenos, no ámbito da acción social e reforzar, deste xeito, novos mecanismos de cooperación entre as dúas administracións no devandito ámbito.

Establécese unha liña de acción para a consecución do presente obxectivo:

- **LA. 2.1.1.** Atención e cobertura das necesidades básicas de todas as persoas en situación de vulnerabilidade.



Obxectivo específico 2.2.

Mellorar a calidade de vida de todas as persoas, tendo en conta a idade e o xénero

A mellora da calidade de vida e, con ela, da cohesión social, implica que todos os grupos de poboación vexan atendidas as súas necesidades, independentemente do seu lugar de residencia.

Por motivos diferentes, a AUPRO 2030 presta especial atención a certos grupos de poboación.

A poboación maior de 65 anos, cada vez máis numerosa por mor do progresivo envellecemento da poboación, presenta unha problemática especial que cómpre abordar, caracterizada pola dependencia, a soidade, o illamento e o risco de exclusión social.

A poboación máis nova, cada vez menos numerosa, necesita un territorio onde poder desenvolver o seu proxecto de vida. Emprego, acceso á vivenda, lecer, cultura e tempo libre, e posibilidades de conciliación son algúns dos factores que animan a mocidade a permanecer nos seus lugares de residencia e non emigrar a outros territorios; así mesmo, un municipio atractivo para vivir e traballar poderá atraer máis xente nova.

A atención ás necesidades de ambos os segmentos de poboación deberá facerse tendo en conta a perspectiva de xénero, atendendo as necesidades especiais do colectivo feminino, máis numeroso que o masculino na provincia.

Especial atención merece a mellora da calidade de vida no rural, clave para evitar o despoboamento destas zonas, situadas, sobre todo, no interior da provincia.

Este obxectivo orienta a acción para actuar, con perspectiva de xénero, na atención ás persoas maiores, a retención das persoas mozas e a mellora das condicións de vida do rural. Establécense tres liñas de acción:

- **LA. 2.2.1.** Equipamentos, servizos e programas adaptados á poboación de maior idade.
- **LA. 2.2.2.** Equipamentos, servizos e programas adaptados á mocidade.
- **LA. 2.2.3.** Mellora da calidade de vida no rural.

Contribución aos ODS



Contribución aos obxectivos da Axenda Urbana Española



MODELO DE
CIDADE



COHESIÓN SOCIAL
E IGUALDADE
DE OPORTUNIDADES

Obxectivo específico 2.3.

Impulsar a cultura galega e o asociacionismo como instrumentos de integración social

A cultura, como xeradora de identidade, é un elemento de cohesión e de integración social. A cohesión social ten, ademais, un compoñente relacional básico, que se ve favorecido polo asociacionismo.

A desigualdade no acceso á cultura e os bens asociativos e comunitarios non só limita as oportunidades de integración, senón que tamén perpetúa e agrava as desigualdades sociais existentes na provincia.

Este obxectivo busca, por unha banda, impulsar a cultura galega e favorecer o acceso a esta en igualdade de condicións, para facilitar a integración social da poboación en risco de exclusión e propiciar unha maior cohesión social; doutra banda, este obxectivo pretende favorecer e impulsar o asociacionismo, e crear as condicións para que un maior número de persoas poden integrarse nos distintos colectivos. Ambos os bens, cultura e asociacionismo, son especialmente relevantes para o desenvolvemento das persoas e colectivos máis vulnerables.

Defínense dúas liñas de acción para abordar os aspectos referidos:

- **LA. 2.3.1.** Apoio e impulso da cultura e o idioma galegos como ferramenta de identidade e integración.
- **LA. 2.3.2.** Fomento do asociacionismo para favorecer a integración e participación na vida pública.



Obxectivo específico 2.4.

Garantir a igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes na provincia

Para elevar os niveis de cohesión social é necesario actuar sobre as desigualdades existentes entre homes e mulleres. Este obxectivo aborda a redución das desigualdades por motivo de xénero. Céntrase en eliminar as barreiras que impiden a igualdade de oportunidades e dereitos entre homes e mulleres e promove a equidade en áreas como o acceso ao emprego, a educación e a participación na toma de decisións, entre outros.

Este obxectivo promove accións dirixidas, entre outras, ao fomento da participación feminina na toma de decisións, á promoción de programas de apoio á conciliación e ao emprendemento feminino, e ao fomento de políticas de equidade no acceso ao emprego

Establécese unha liña de acción para abordar os aspectos referidos:

- **LA 2.4.1.** Fomento da igualdade de xénero.



DIMENSIÓN 3

Desenvolvemento económico e empresarial

Obxectivo 3. Crear oportunidades de desenvolvemento económico provincial a través do aproveitamento dos recursos locais, o reforzo do tecido empresarial provincial e a promoción do emprendemento

A provincia de Pontevedra representa o 1,85 % do total do produto interior bruto (PIB) nacional e o 34,32 % do PIB da comunidade autónoma de Galicia. A distribución do PIB por sectores económicos determina que o sector con maior peso é o dos servizos, seguido polo industrial, e o de menor peso é o sector primario. Con todo, en datos comparados, con respecto ao PIB nacional, destaca un menor peso do sector servizos e un maior peso da industria e tamén, aínda que en menor medida, do sector primario.

Tal e como se evidencia no diagnóstico da AUP0 2030, case a metade dos municipios da provincia de Pontevedra conta cunha porcentaxe de traballadores no sector primario superior á media dos municipios de España. Tamén, a gran maioría dos municipios pontevedreses conta cunha porcentaxe de persoas empregadas no sector industrial superior ou moi superior á media. Non ocorre o mesmo co sector servizos, xa que na maior parte dos municipios a porcentaxe de persoas que traballan nel é inferior á media.

Ademais, a provincia de Pontevedra dispón dunha superficie industrial relevante, que inclúe na actualidade un total de 59 polígonos industriais.

Este obxectivo pretende favorecer o desenvolvemento económico da provincia a través de tres eixes, que están centrados na mellora da competitividade dos sectores gandeiro e agrícola, na diversificación da actividade económica e na mellora da sostibilidade de todos os seus sectores produtivos, especialmente o turístico. Este obxectivo tamén promove o fortalecemento doutros sectores produtivos emerxentes e impulsa o emprendemento como facilitador da devandita diversificación.

Este obxectivo concrétese en tres obxectivos específicos:

- **OE 3.1.** Mellorar a competitividade do sector primario respectando o medio natural e garantindo a seguridade alimentaria.
- **OE 3.2.** Impulsar o emprendemento e o emprego, así como a diversificación da actividade económica.
- **OE 3.3.** Apoiar o crecemento e o desenvolvemento sostible dos principais sectores económicos da provincia, en especial do sector turístico.

Obxectivo específico 3.1.

Mellorar a competitividade do sector primario respectando o medio natural e garantindo a seguridade alimentaria

Este obxectivo está orientado a fortalecer a eficiencia e a produtividade do sector primario da provincia, para mellorar as súas capacidades competitivas. Así mesmo, busca non só previr, senón tamén mitigar os impactos ambientais negativos que poden xurdir destas actividades, como a contaminación do solo e a auga ou a perda de biodiversidade. Este obxectivo busca reforzar e equilibrar o crecemento económico do sector primario con prácticas máis sostibles e reducir as externalidades adversas ao medio e á provincia.

Establécese unha liña de acción para a consecución do obxectivo descrito. Esta liña de acción marca un camiño para a integración da sostibilidade como un pilar fundamental das actividades do sector primario na provincia, incentivando a innovación e métodos de cultivo ou cría que reduzan o consumo de recursos naturais e limiten as emisións contaminantes. A liña de acción é a seguinte:

- **LA. 3.1.1.** Fomento de prácticas sostibles no sector primario.



Obxectivo específico 3.2.

Impulsar o emprendemento e o emprego, así como a diversificación da actividade económica

Este obxectivo céntrase en fomentar o desenvolvemento e a consolidación de sectores produtivos emerxentes, así como a mellora das condicións para a xeración de emprego de calidade na provincia. O fomento de sectores emerxentes busca a diversificación da economía, é dicir, ampliar a variedade de sectores e actividades na provincia, coa finalidade de reducir a dependencia dun sector ou subsectores e facer a economía máis resiliente ante situacións de cambio, asegurando o emprego da poboación.

Á súa vez, pretende promover determinados contornos locais que favorezan a innovación e o emprendemento en distintos sectores. O emprendemento introduce novas dinámicas empresariais, mentres que a innovación asegura que estas novas empresas poidan competir nun contexto diversificado, co que se fortalece a estrutura económica da provincia.

Abórdase este obxectivo a través de dúas liñas de acción, que a continuación se detallan:

- **LA. 3.2.1.** Activación do emprego na provincia.
- **LA. 3.2.2.** Impulso do emprendemento en sectores que faciliten a diversificación da actividade económica.



Apoiar o crecemento e o desenvolvemento sostible dos principais sectores económicos da provincia, en especial do sector turístico

Este obxectivo busca fortalecer as bases económicas da provincia mediante un enfoque que prioriza non só o dinamismo dos sectores, senón tamén os criterios de sostibilidade cos que producen. O obxectivo busca ampliar a competitividade dos sectores clave da provincia, para asegurar que as actividades económicas non só aumenten en escala, senón que tamén melloren en calidade e eficiencia.

Este obxectivo, á súa vez, promove que o devandito crecemento non comprometa os recursos naturais ou o benestar da poboación, e manteña un equilibrio entre o progreso económico, a protección ambiental e a cohesión social.

No relativo ao sector turístico, e dada a súa relevancia na economía da provincia, este obxectivo busca promover prácticas turísticas sostibles que maximicen os beneficios económicos, mentres minimizan os impactos negativos no contorno natural e cultural.

Este obxectivo acométese a través de dúas liñas de acción, que a continuación se detallan:

- **LA. 3.3.1.** Desenvolvemento empresarial e impulso do comercio local, a través da innovación e o uso de novas tecnoloxías.
- **LA. 3.3.2.** Desenvolvemento do turismo sostible e a gastronomía.

Contribución aos ODS



Contribución aos obxectivos da Axenda Urbana Española



DIMENSIÓN 4

Natureza, patrimonio e identidade territorial

Obxectivo 4. Protexer e valorizar o patrimonio e a paisaxe, e preservar o territorio fronte aos desastres naturais e os efectos do cambio climático

A provincia de Pontevedra conta cun amplo patrimonio natural e cultural que é unha dos seus sinais de identidade e, como tal, cómpre protexer e valorizar. Este obxectivo persegue non só preservar o patrimonio e os activos ambientais da provincia, senón tamén poñer en valor os devanditos activos.

Neste sentido, este obxectivo aborda dous aspectos clave na xestión do patrimonio provincial. Por unha banda, a súa protección e, por outra, o uso eficiente e ambientalmente responsable deste. O primeiro aspecto persegue a preservación do patrimonio natural e a súa adaptación aos efectos do cambio climático. O segundo busca recoñecer e potenciar o valor do patrimonio non só natural, senón tamén cultural, integrándoos no desenvolvemento económico e social da provincia dunha maneira responsable.

A pesar de que ambos os aspectos están interrelacionados, xa que a protección do patrimonio e a paisaxe tamén implica adaptarse ás novas realidades climáticas, requírese unha abordaxe diferenciada deles.

Defínense, neste sentido, dous obxectivos específicos para tratar os dous aspectos referidos:

- **OE 4.1.** Mellorar a resiliencia do territorio ante o cambio climático e promover a súa adaptación.
- **OE 4.2.** Conservar e valorizar os recursos naturais e culturais e as súas diversas capacidades produtivas.



Obxectivo específico 4.1.

Mellorar a resiliencia do territorio ante o cambio climático e promover a súa adaptación

A efectiva protección do patrimonio natural require fortalecer a capacidade de resiliencia do territorio e ante os efectos provocados polo cambio climático e promover a súa adaptación a eles. Para iso, este obxectivo céntrase en planificar estratexicamente e en rede as zonas naturais e seminaturais, así como os elementos ambientais da provincia, e xestionalas para a conservación dos ecosistemas. Para iso poranse en marcha medidas de renaturalización de espazos, conservación da biodiversidade e mellora da calidade ambiental dos contornos naturais, para que estes sexan menos vulnerables e máis resilientes ás condicións climáticas futuras.

A capacidade do territorio para facer fronte aos riscos do cambio climático pasa por mellorar a resiliencia das súas infraestruturas verdes e azuis para recuperarse rapidamente ante eventos adversos.

Establécese unha liña de acción para abordar os aspectos referidos:

- **LA. 4.1.1.** Desenvolvemento unha estratexia de infraestrutura verde e azul provincial.



Obxectivo específico 4.2.

Conservar e valorizar os recursos naturais e culturais e as súas diversas capacidades produtivas

Este obxectivo enfoca a acción sobre os recursos naturais e culturais da provincia. Por unha banda, implantando medidas destinadas á conservación e á restauración do patrimonio e, por outra, favorecendo o aproveitamento responsable das súas capacidades produtivas.

Así, no marco deste obxectivo desenvolveranse accións de protección, renaturalización e mellora da calidade ambiental dos espazos naturais. Tamén se levarán a cabo actividades de conservación e restauración de elementos do patrimonio cultural. Por último, deseñaranse accións destinadas á utilización efectiva dos recursos patrimoniais. Todas estas actuacións promoverán actividades como o turismo sostible, a agricultura ecolóxica, a xestión sostible dos recursos forestais ou a xeración de enerxía a partir dos citados recursos. O aproveitamento responsable destes permite que a comunidade poida beneficiarse economicamente deles sen comprometer a súa integridade a longo prazo.

Establécense tres liñas de acción para a consecución dos aspectos referidos neste obxectivo específico:

- **LA. 4.2.1.** Conservación, restauración e protección de espazos naturais.
- **LA. 4.2.2.** Conservación e valorización do patrimonio cultural como elemento de identidade e de desenvolvemento económico.
- **LA. 4.2.3.** Defensa do monte e xestión sostible dos recursos forestais.



DIMENSIÓN 5

Calidade de vida, accesibilidade e igualdade

Obxectivo 5. Fomentar a calidade, seguridade e accesibilidade do espazo público nos distintos núcleos da provincia e facilitar o incremento da oferta de vivenda accesible, en especial nas zonas rurais, para colectivos de xente nova e persoas en risco de exclusión, así como novas formas de comunidade para maiores

Este obxectivo busca mellorar a calidade de vida en todos os municipios da provincia. Os espazos públicos desempeñan un importante papel na organización das comunidades e inflúen de maneira moi directa na calidade de vida das persoas, que se atopan, interactúan e conviven nos parques, as prazas e as zonas verdes, entre outros. Neste sentido, a aposta polos espazos públicos como puntos de encontro e socialización, con zonas verdes, accesibles, seguras e que faciliten o impulso da actividade económica comercial e de servizos, propiciará un incremento notable da calidade de vida das persoas.

Por outra banda, a vivenda e o acceso a esta é un elemento determinante da calidade de vida. Este obxectivo tamén pretende facilitar o acceso á vivenda en condicións de

igualdade, atendendo as características e necesidades especiais dos distintos colectivos de poboación.

Para abordar os distintos aspectos referidos, establécense tres obxectivos específicos.

- **OE 5.1.** Mellorar a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos nos municipios da provincia.
- **OE 5.2.** Recuperar o atractivo do rural como lugar para vivir.
- **OE 5.3.** Aumentar a dispoñibilidade de vivendas e solucións habitacionais para xente nova, maiores e persoas en risco de exclusión.



Obxectivo específico 5.1.

Mellorar a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos nos municipios da provincia

Este obxectivo busca transformar e mellorar os espazos públicos das zonas urbanas e periurbanas dos municipios de a provincia. Un espazo público de calidade é fundamental para o benestar físico, social e mental da poboación e permite incrementar o valor do contorno, apoiando o seu desenvolvemento económico e social.

Mellorar as condicións dos espazos públicos, para que sexan acolledores, sostibles, accesibles e seguros para persoas de todas as idades e capacidades e promovendo un uso máis activo e sostible destes é a razón de ser deste obxectivo que, ademais, pretende recuperar lugares para o encontro entre as persoas.

Á hora de poñer en marcha as accións que contribúan a este obxectivo, tratarase de involucrar as comunidades onde se actúe, facéndoas partícipes no proceso de planificación e implementación das citadas accións que se definiron en cada caso, para asegurar que as intervencións respondan ás necesidades da cidadanía.

Establécese unha liña de acción para abordar todos os aspectos referidos:

- **LA. 5.1.1.** Creación de espazos públicos accesibles para uso cidadán e mellora da calidade urbana.



Obxectivo específico 5.2.

Recuperar o atractivo do rural como lugar para vivir

Este obxectivo aborda a mellora da calidade de vida no rural, para facer deste un lugar máis atractivo para vivir, tamén a través da intervención no seu espazo público.

Concretamente, preténdese revitalizar os núcleos e os municipios máis rurais da provincia, que se enfrontan a desafíos como o envellecemento da poboación, o crecente despoboamento e a falta de servizos e infraestruturas adecuadas. Este obxectivo pretende contribuír a crear condicións favorables para que as persoas elixan vivir nas áreas rurais da provincia. Para iso, desenvolveranse accións orientadas á rexeneración e ao embelecemento dos núcleos rurais, para convertelos en espazos acolledores, seguros e accesibles, e de convivencia, recreo e socialización, que permitan, ademais, incentivar a posta en marcha de determinadas actividades comerciais e de servizos no seu contorno.

A implicación das comunidades locais dos lugares nos que se interveña será unha peza fundamental para garantir a aceptación e, polo tanto, o éxito da intervención.

Para abordar estes aspectos desenvolverase unha liña de acción:

- **LA. 5.2.1.** Rexeneración e activación dos espazos públicos rurais.





Obxectivo específico 5.3.

Aumentar a dispoñibilidade de vivendas e solucións habitacionais para xente nova, maiores e persoas en risco de exclusión

Este obxectivo aborda outro aspecto que contribúe a incrementar a calidade de vida e concreta a pretensión de facilitar o acceso á vivenda en condicións de igualdade, ampliando e diversificando a oferta de vivendas dispoñibles, sobre todo, e en liña co obxectivo anterior, no rural.

Así, a través da rehabilitación nas zonas rurais da provincia, ampliarase a oferta de vivenda accesible para a poboación máis nova e a poboación con menos renda dispoñible.

Tamén se impulsarán as vivendas comunitarias como alternativa residencial que permitirá ampliar o abano de alternativas residenciais para as persoas maiores.

Para abordar este obxectivo defínense dúas liñas de acción:

- **LA. 5.3.1.** Rehabilitación de vivendas abandonadas nos núcleos máis rurais da provincia.
- **LA. 5.3.2.** Impulso das vivendas comunitarias para persoas maiores.

Contribución aos ODS



Contribución aos obxectivos da Axenda Urbana Española



DIMENSIÓN 6

Metabolismo territorial circular

Obxectivo 6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos

O metabolismo dos territorios resulta clave para a saúde destes. É o produto da apropiación dos recursos naturais e a súa transformación para o consumo e desfeito. Para garantir a sostibilidade a longo prazo de aldeas e cidades cómpre reducir o consumo de recursos e xestionalo de maneira circular.

Este obxectivo pretende favorecer a redución do consumo de auga e enerxía e a xeración de residuos, así como xestionalos de maneira máis eficiente, a través do uso de fontes de enerxía renovables e evitando perdas e refugallos innecesarios e potenciando a reutilización.

Así, este obxectivo xeral concrétase en tres obxectivos específicos:

- **OE 6.1.** Reducir o consumo enerxético e fomentar o uso de enerxías renovables.
- **OE 6.2.** Promover a eficiencia no consumo de auga e mellorar a súa distribución e saneamento.
- **OE 6.3.** Impulsar a xestión eficiente dos residuos e favorecer a súa reutilización.



Obxectivo específico 6.1.

Reducir o consumo enerxético e fomentar o uso de enerxías renovables

Este obxectivo céntrase en avanzar cara a un modelo enerxético máis sostible e eficiente para o territorio e aborda dous aspectos clave para o desenvolvemento do devandito modelo. Por unha banda, a redución do consumo enerxético e, por outro, o fomento do uso de enerxías renovables.

No relativo á redución do consumo de enerxía, preténdese mellorar a eficiencia enerxética das infraestruturas e os equipamentos públicos da provincia, a través da rehabilitación enerxética, da aplicación de estándares de construción que garantan un alto nivel de eficiencia e da implantación de solucións que permitan reducir o consumo.

No que se refire ao uso de enerxías limpas, impulsaranse medidas orientadas a substituír o consumo de combustibles fósiles por enerxías renovables para satisfacer a demanda, tanto por parte das Administracións públicas como por parte das comunidades locais.

Establécense dúas liñas de acción para abordar estes dous aspectos referidos:

- **LA. 6.1.1.** Edificios e infraestruturas públicas máis eficientes enerxeticamente.
- **LA. 6.1.2.** Impulso das comunidades enerxéticas locais.

Contribución aos ODS



Contribución aos obxectivos da Axenda Urbana Española



Obxectivo específico 6.2.

Promover a eficiencia no consumo de auga e mellorar a súa distribución e saneamento

A eficiencia na xestión da auga implica a utilización intelixente dos recursos hídricos mediante sistemas e tecnoloxías que favorezan o aforro, a redución das perdas e a reutilización. Este obxectivo pretende favorecer a xestión sostible do ciclo integral da auga, actuando, por unha banda, na ampliación e mellora da rede de distribución, que debe chegar a todos os núcleos da provincia nunhas condicións que permitan evitar as perdas e as fugas e, doutra banda, na ampliación e mellora da rede de saneamento.

Defínense dúas liñas de acción para a consecución deste obxectivo:

- **LA. 6.2.1.** Redes eficientes de abastecemento e distribución de auga en todos os municipios.
- **LA 6.2.2.** Infraestruturas de saneamento de auga eficientes.



Obxectivo específico 6.3.

Impulsar a xestión eficiente dos residuos e favorecer a súa reutilización

Este obxectivo pretende favorecer o cambio do modelo tradicional de xestión de residuos por un modelo de xestión sostible e circular. A finalidade é reducir a cantidade de residuos que terminan en vertedoiros e potenciar a súa reutilización, converténdoo (tanto os comerciais como os domésticos ou industriais) en novos recursos que poidan ser reinseridos no ciclo produtivo.

Este obxectivo, por tanto, promove o desenvolvemento de accións dirixidas á sensibilización da poboación en relación coa xestión sostible dos recursos; o desenvolvemento de infraestruturas e tecnoloxías de tratamento de residuos para favorecer a súa reutilización; o impulso da separación en orixe e a reciclaxe; e o fomento de modelos de negocio que utilicen residuos como materia prima.

Establécense catro liñas de acción para a consecución deste obxectivo:

- **LA. 6.3.1.** Separación en orixe dos residuos e recollida comercial en orixe.
- **LA. 6.3.2.** Experiencias de compostaxe domiciliar, comercial e industrial.
- **LA. 6.3.3.** Programas de información, formación e comunicación para a xestión sostible dos residuos nos sectores produtivos.
- **LA. 6.3.4.** Programas de sensibilización destinados á cidadanía para a xestión sostible dos residuos.



3

PLAN DE ACCIÓN

INTRODUCCIÓN

DIMENSIÓN 1

**COHESIÓN E VERTEBRACIÓN DO
TERRITORIO**

DIMENSIÓN 2

COHESIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL

DIMENSIÓN 3

**DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E
EMPRESARIAL**

DIMENSIÓN 4

**NATUREZA, PATRIMONIO E
IDENTIDADE TERRITORIAL**

DIMENSIÓN 5

**CALIDADE DE VIDA,
ACCESIBILIDADE E IGUALDADE**

DIMENSIÓN 6

**METABOLISMO TERRITORIAL
CIRCULAR**



1

Introdución

O plan de acción da AUPO 2030 é o resultado do amplo proceso participativo levado a cabo ao longo da elaboración da Axenda Urbana e Rural da provincia. Sobre a base do diagnóstico realizado e tendo en conta os obxectivos do marco estratéxico, o plan de acción que se presenta a continuación é un documento propositivo que recolle as liñas de acción que se van desenvolver de forma colaborativa cos municipios e os principais axentes sociais.

O plan de acción de AUPO 2030 estrutúrase en función das seis dimensións da axenda e inclúe 38 liñas de acción, cada unha das cales dará pé ao desenvolvemento dunha serie de actuacións (proxectos, plans e programas) cuxa implementación contribuirá a alcanzar non só os obxectivos da Axenda Urbana e Rural da Deputación de Pontevedra, senón tamén os obxectivos da Axenda Urbana Española e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 de Nacións Unidas.

A continuación, preséntase unha ficha por cada unha das liñas de acción na que se detalla a seguinte información:

- **DENOMINACIÓN** da liña de acción, codificada en función do obxectivo estratéxico e específico ao que contribúe.
- **DESCRICIÓN** na que se desenvolve o contido da liña de acción e se identifica a problemática á que pretende dar resposta e a tipoloxía de actuacións que se

desenvolverán no marco desta.

- **PROXECTOS, PROGRAMAS OU PLANS EN CURSO** en relación coa liña de actuación, que servirán de exemplo e de guía para dar continuidade a estas accións en desenvolvemento.
- **PRIORIDADE**, diferenciando entre baixa, media e alta.
- **PAZO** de execución en tres grupos: curto prazo, medio prazo e longo prazo.
- **AXENTES IMPLICADOS**, indicando as entidades públicas ou privadas que colaborarán de maneira activa no desenvolvemento de cada liña de acción.
- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO E ESPECÍFICO DA AUPO 2030** nos que se enmarca cada liña de acción.
- **OBXECTIVOS ESTRATÉXICO E ESPECÍFICOS DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA** aos que dá resposta de maneira principal.
- **INDICADORES DE SEGUIMENTO DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA** que permitirán valorar en que medida a execución das liñas de acción está a contribuir aos obxectivos da Axenda Urbana Española.
- **INDICADORES DE SEGUIMENTO DA AUPO 2030** que servirán para medir a execución de cada liña de acción.



DIMENSIÓN 1

Cohesión e vertebración do territorio

Obxectivo 1: Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a Dixitalización, así como a participación activa e a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico 1.1.

Favorecer a mobilidade sostible e segura na provincia, configurando un territorio de proximidade

Liñas de acción



1.1.1.

Incremento dos itinerarios peonís e mellora da seguridade na vía pública

Desde a entrada do automóbil nas dinámicas das cidades, os espazos peonís foron diminuíndo progresivamente en favor das infraestruturas dedicadas especificamente aos vehículos de motor. Así é que, nos ámbitos urbanos, a superficie dedicada ao automóbil supón en moitos casos máis un 50 % do espazo libre dispoñible para uso público, o que condiciona a mobilidade das persoas aos medios de transporte motorizados.

Os municipios de Pontevedra contan con características moi diversas en relación co contorno urbano e o seu espazo público, con núcleos de poboación máis densos e colmatados que permiten o seu percorrido a pé e outros núcleos de poboación, máis dispersos, nos que as distancias e as características físicas das vías de comunicación dificultan a mobilidade branda.

Neste sentido, a AUP0 2030 conta cun obxectivo específico orientado a favorecer a mobilidade sostible no territorio. No marco do citado obxectivo, desenvólvese a presente liña de acción que inclúe actuacións que contribúen a incrementar a rede de itinerarios peonís no territorio, tanto intramunicipais como intermunicipais, o que favorece unha mobilidade máis sostible, amable e segura.

Concretamente, no marco desta liña de acción desenvolveranse accións destinadas á peonalización de rúas, a

reorganización do tráfico para favorecer os desprazamentos peonís e a mellora da seguridade na vía pública, como sinalizacións, pasos de peóns elevados ou zonas de tráfico reducido.

Así mesmo, a implementación desta liña de acción tamén incluírá a creación de redes peonís entre núcleos ou entidades de poboación, para favorecer a súa conexión e permitir os desprazamentos en modos non motorizados. Para iso, será clave a actual estrutura de camiños tradicionais e sendas existentes, que poderán ser obxecto de acondicionamento, recuperación, sinalización e adaptación.

Proxectos, programas e plans en curso

- Plan provincial de obras e servizos
- Proxectos de creación e mellora de itinerarios peonís
- Proxectos de mellora da mobilidade en contornos singulares
- Implantación de medidas que garantan a seguridade nas vías públicas.



Prioridade: alta
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra e concellos da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico da AUPO 2030:

1.1. Favorecer a mobilidade sostible e segura, e configurar un territorio de proximidade



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE2 Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.

OE5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española

2.4. Mellorar o medio ambiente urbano e reducir a contaminación

5.1. Favorecer a cidade de proximidade



Indicadores de seguimento de a Axenda Urbana Española:

2.4.3. Superficie de chan urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora.

5.1.2. Distribución modal das viaxes (todos os motivos) na área urbana.

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

1.1.1. Lonxitude de itinerarios peonís continuos implementados coa participación da Deputación de Pontevedra

1.1.2.

Creación de redes ciclistas intermunicipais que permitan unir municipios

O territorio da provincia de Pontevedra conta cunha **estrutura de asentamentos poboacionais dispersos de baixa densidade habitacional**. Esta característica reforza a dependencia do vehículo privado en detrimento doutros medios de transporte.

Esta elevada dependencia do vehículo privado ten o seu reflexo no número de vehículos domiciliados en cada municipio que, na maior parte dos casos, supera amplamente a media dos municipios españois do mesmo tamaño.

Con todo, a mencionada dispersión poboacional favorece a continuidade territorial, en moitos casos, mesmo máis alá dos límites municipais, o que resulta en maiores facilidades para establecer vías de comunicación baseadas na mobilidade branda, como as vías peonís e, sobre todo, ciclistas.

A creación de novas vías ciclistas permitirá comunicar núcleos de poboación pertencentes tanto ao mesmo municipio como a distintos municipios. Para iso, no marco desta liña de actuación desenvolveranse accións dirixidas á incorporación de carrís bici nas vías provinciais, de maneira que permitan unir distintas entidades de poboación. Do mesmo xeito, apoiarase a creación de carrís bici nos distintos municipios da provincia, que favorezan a implantación desta alternativa de mobilidade para os desprazamentos intramunicipais.

A colaboración e a gobernanza intermunicipal facilitará o deseño de plans conxuntos orientados a mellorar a mobilidade sostible e, máis concretamente, a creación de vías ciclistas que permitan conectar municipios.

Esta liña de acción contribúe, así, a reducir a dependencia do vehículo privado, e facilitar así modos alternativos de desprazamento, e favorece a configuración dun territorio de proximidade, dotado de maior conectividade.

Proxectos, programas e plans en curso

- Proxectos de creación e mellora de itinerarios ciclistas.
- Financiamento de proxectos para a creación ou mellora

de espazos segregados para a circulación ciclable anexos ás vías existentes e que, na actualidade, non contan cos espazos adecuados para este tipo de usos.



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia e entidades supramunicipais que agrupen diversos municipios



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios.

Obxectivo específico da AUPO 2030:

1.1. Favorecer a mobilidade sostible e segura, e configurar un territorio de proximidade



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE5 Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

5.1 Favorecer a cidade de proximidade



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

5.1.2. Distribución modal das viaxes (todos os motivos) na área territorial

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

1.1.2. Lonxitude de carrís bici continuos implementados coa participación da Deputación de Pontevedra

1.1.3.

Fomento do uso do transporte público e colectivo

A distribución dos asentamentos de poboación ao longo do territorio provincial mostra un patrón de crecemento característico de Galicia, no cal os núcleos poboacionais se foron asentando ao redor das infraestruturas viarias, e os que se atopan ao redor das tres principais (AP-9, N-550 e AP-53) son os que concentran, na actualidade, a maior cantidade de poboación e servizos.

Esta estrutura mostra un desequilibrio territorial entre interior e litoral, onde o litoral concentra a maior densidade de poboación, que destaca singularmente arredor da rexión de Pontevedra-Vigo, en detrimento dos municipios de interior.

Esta vertebración territorial a través das vías de comunicación fomentou unha mobilidade baseada nos medios de transporte privado motorizados, pero que, na actualidade, serven de vía de comunicación tamén para os transportes públicos colectivos.

Sumada a esta característica atópase outra, a gran dispersión territorial existente en Galicia e, concretamente, no interior da provincia de Pontevedra. Esta situación dificultou en gran medida a popularización do uso de medios de transporte colectivo, que precisan dunha certa densidade que, en moitos puntos do territorio pontevedrés, resulta inexistente.

Con todo, na actualidade existen novas fórmulas para o transporte colectivo que poden facilitar a súa implantación en zonas menos densas, como o transporte a demanda ou a creación de medios de transporte conxuntos que poñan o foco na conexión dos principais centros de servizos básicos con diferentes puntos do territorio próximo.

A Deputación de Pontevedra poderá impulsar, en colaboración cos diferentes concellos, a implantación destas novas fórmulas de transporte público colectivo intramunicipal que se adapten ás necesidades reais da poboación, con especial atención na poboación máis illada por características sociais, territoriais ou económicas.

Á hora de implantar estas novas formas de transporte público colectivo ou nos procesos de actualización das xa existentes, teranse en conta os criterios de sostibilidade para empregar vehículos de baixas emisións ou que empreguen combustibles limpos.

Así mesmo, no marco desta liña de acción desenvolveranse outras actuacións que contribuirán a fomentar o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado, como a modernización e a mellora das paradas de autobús nas vías provinciais, facéndoas máis accesibles e equipadas tecnoloxicamente, o que permitirá que nelas se ofrezca información actualizada sobre horarios e tempos do transporte público.

Tamén se desenvolverán accións de dixitalización das vías provinciais, coa finalidade de obter información (datos de capacidade, fluxos de tráfico, patróns de mobilidade, accidentes, danos nas vías etc.), que facilitará a optimización das rutas de transporte público e a mellora da eficiencia e a seguridade do tráfico.

Estas accións poderán dotar a provincia dunha vertebración territorial baseada no transporte público, para que os servizos municipais sexan accesibles a toda a poboación.

Proxectos, programas e plans en curso

- Plan de mellora de infraestruturas vinculadas ao transporte público nas vías provinciais: paradas de autobús intelixentes e accesibles



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia e empresas concesionarias dos servizos de transporte público colectivo da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

2. Obxectivo específico de AUPO 2030:

2.1. Favorecer a mobilidade sostible e segura, e configurar un territorio de proximidade



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE5 Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

5.2. Potenciar modos de transporte sostibles



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

5.2.3. Número de viaxes en transporte público

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

1.1.3. Orzamento da Deputación de Pontevedra destinado á posta en marcha de redes de transporte público ou de transporte colectivo intramunicipais

Obxectivo específico 1.2.

Garantir o pleno desenvolvemento da administración electrónica para favorecer o acceso igualitario aos servizos públicos en todo o territorio

Liñas de acción

1.2.1.

Ampliación e mellora dos servizos de administración electrónica dos municipios da provincia e a Deputación

1.2.2.

Asistencia e formación en competencias TIC ás persoas con máis dificultades, para facilitar o acceso aos servizos da administración electrónica



1.2.1.

Ampliación e mellora dos servizos de administración electrónica dos municipios da provincia e a Deputación

O 41 % dos municipios da provincia sitúase por baixo do limiar dos 5000 habitantes. Esta característica, que condiciona os seus recursos e capacidades administrativas, resulta nunha maior dificultade para a execución das súas competencias locais. Desta maneira, a creación dunha administración electrónica aberta e accesible para todas as persoas é un proxecto no que moitos municipios precisan de apoio para a súa implantación.

As deputacións son entes de goberno que teñen a súa plena lexitimidade no apoio e o fortalecemento dos concellos, especialmente os pequenos. Neste sentido, a Deputación de Pontevedra enfoca a súa acción de maneira principal no apoio aos concellos de menor tamaño da provincia. Esta función é esencial, debido a que asegura o exercicio das competencias locais en diversos ámbitos.

Concretamente, a implantación da administración electrónica en todos os municipios da provincia contribúe á vertebración do territorio e resulta de grande utilidade para facilitar o acceso de todas as persoas aos servizos municipais en igualdade de condicións, independentemente do lugar de residencia.

A posibilidade de acceder a servizos e/ou realizar unha gran cantidade de trámites a través do portal web municipal

ou da propia entidade provincial aumenta a proximidade da administración á cidadanía, facilita o acceso de maneira continuada, sen horarios e sen necesidade de desprazamentos, e reduce os tempos necesarios. En definitiva, a plena implantación da administración electrónica favorece a cohesión territorial e iguala a poboación á hora de acceder aos servizos públicos, independentemente do seu lugar de residencia.

Así mesmo, a implantación dunha administración electrónica eficiente e a dixitalización permiten mellorar a eficiencia administrativa interna das administracións locais (concellos e Deputación), e axiliza os procesos, de maneira que se optimizan os recursos humanos e minimizan os erros, coa que se lle presta un mellor servizo á cidadanía.

No marco desta liña de acción desenvolveranse actuacións orientadas a asesorar e apoiar os concellos da provincia nos seus procesos de implantación da administración electrónica e na incorporación das TIC aos seus procesos de traballo coa finalidade de alcanzar unha prestación de servizos á cidadanía máis eficiente. Para iso, desde a Deputación de Pontevedra porase en marcha unha oficina técnica de asistencia tecnolóxica para os concellos da provincia. Co mesmo fin de mellorar a eficiencia, levaranse a cabo actuacións dirixidas a incorporar as TIC ao día a día dos servizos da Deputación provincial.

Proxectos, programas e plans en curso

- Asistencia e asesoramento aos concellos da provincia para a implantación da administración electrónica.



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia (con especial atención aos concellos de menos tamaño)



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico da AUPO 2030:

1.2. Garantir o pleno desenvolvemento da administración electrónica na Deputación provincial e os municipios da provincia de menor tamaño



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE9 Liderar e fomentar a innovación dixital

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

9.2. Fomentar a Administración electrónica e reducir a fenda dixital



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

9.2.2. Porcentaxe de trámites e xestións a través de internet de empresas e cidadanía

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

1.2.1. Número de trámites e xestións realizados a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra

1.2.2.

Asistencia e formación en competencias TIC ás persoas con máis dificultades, para facilitar o acceso aos servizos da administración electrónica

Os servizos públicos electrónicos son un facilitador da cohesión e a vertebración territorial, xa que facilitan o acceso da poboación a eles en igualdade de condicións, independentemente do seu lugar de residencia. Por tanto, garantir este acceso para todas as persoas é necesario para que a súa implantación poida ser efectiva.

A provincia de Pontevedra presenta un elevado índice de envellecemento da poboación, o que resulta nun maior número de persoas en situación de exclusión dixital por atoparse en desigualdade á hora de entender as tecnoloxías dixitais como internet, o uso de dispositivos electrónicos ou o acceso a certos servizos en liña.

Neste sentido, no marco desta liña de acción desenvolveranse actuacións orientadas a capacitar as persoas que o necesiten, en especial á poboación maior, no uso e o manexo das tecnoloxías e os servizos dixitais co fin de que poidan operar de forma autónoma coa

administración sen necesidade de desprazarse. Para iso, poranse en marcha accións de formación e acompañamento, concretamente, desenvolveranse talleres e cursos presenciais nos distintos municipios da provincia que se centrarán na mellora das habilidades dixitais das persoas que o necesiten e prestaráselles asistencia na súa adaptación aos dispositivos electrónicos.

Ademais, no contexto actual no que os trámites administrativos se realizan cada vez máis desde plataformas web, ofrecerase un servizo de acompañamento na realización dos citados trámites.

Por último, tendo en conta que o envellecemento é máis elevado non contornos rurais, para garantir que as accións de formación e acompañamento chegan a todos os núcleos de poboación, valorarase a posibilidade de poñer en marcha unha aula móbil que operará en todo o territorio, o que facilitará o acceso á poboación dos núcleos máis illados.

Proxectos, programas e plans en curso

- Creación de aulas de formación en materia de tecnoloxías da información e a comunicación para as persoas de maior idade e con menores competencias dixitais
- Programa de capacitación en competencias dixitais básicas para maiores: formación no uso de dispositivos dixitais e acceso a servizos de Administración electrónica; acompañamento para a realización de trámites básicos



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra e entidades sociais da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico da AUPO 2030:

2.2. Garantir o pleno desenvolvemento da administración electrónica para favorecer o acceso igualitario aos servizos públicos en todo o territorio



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE9 Liderar e fomentar a innovación dixital

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

9.2. Fomentar a administración electrónica e reducir a fenda dixital



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

9.2.1. Incorporáronse criterios para mellorar os servizos de administración electrónica e reducir a fenda dixital?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

1.2.2. Número de persoas beneficiadas polos programas de formación en competencias TIC

Obxectivo específico 1.3.

Favorecer a transparencia e a gobernanza intermunicipal





1.3.1.

Potenciación dos instrumentos de gobernanza e colaboración horizontal

Más do 40 % dos municipios da provincia de Pontevedra teñen menos de 5000 habitantes. Estes son concellos cuxos recursos e capacidades son insuficientes, non só para desenvolver as súas competencias e cumprir coas súas obrigacións, senón tamén para afrontar os problemas e retos que lles afectan. A abordaxe dos devanditos retos necesita, cada vez máis, de fórmulas asociativas con outros municipios e con outros actores.

Na provincia xa existen entes ou fórmulas asociativas con diversas funcións, cuxa creación responde á necesidade de articular unha acción colaborativa que supere a insuficiencia dos municipios a nivel individual. Entre estas fórmulas atópanse, entre outros, a Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Río Miño, constituída pola Comunidade Intermunicipal do Alto Minho e pola Deputación Provincial de Pontevedra, co fin de promover a cooperación en distintos ámbitos entre os municipios de Galicia e Portugal que están máis próximos á fronteira e que, pola súa proximidade, comparten necesidades e retos comúns.

Entre municipios fronteirizos da provincia de Pontevedra e o Norte de Portugal créanse tamén algunhas eurociudades, que son agrupacións que nacen como acordos entre municipios próximos que están vinculados historicamente, pero pertencen a distintos estados da Unión Europea, para compartir recursos para a promoción conxunta. Outras fórmulas de cooperación entre municipios son os grupos de desenvolvemento rural (GDR) e os grupos de acción local pesqueira (GALP), que agrupan a concellos con desafíos comúns nos ámbitos do desenvolvemento rural e marítimo-pesqueiro.

A Deputación provincial dispón dun servizo a través do cal se lles dá apoio aos concellos, especialmente, aos de menor tamaño. Para establecer marcos de produción conxunta sobre o territorio, a Deputación poderá poñer en marcha novos espazos e órganos directivos permanentes para, así, coproducir proxectos e programas. Ademais, para establecer relacións directas con axentes económicos, sociais e ambientais da provincia crearanse espazos estables de consulta, deliberación e xeración de acordos para acometer programas e accións conxuntamente.

Para levar a cabo estas propostas propóñense unha serie de fórmulas asociativas e de colaboración intermunicipal que buscan superar as insuficiencias dos municipios máis pequenos. Poranse en marcha actuacións orientadas á creación dunha serie de consellos sectoriais, que poderían ser comarcais ou por áreas urbanas funcionais, que actuarían como órganos de carácter consultivo e asesor no ámbito ambiental, social e económico, nos que participen representantes da Deputación, dos municipios da provincia, representantes do goberno autonómico e os principais axentes de cada un dos ámbitos. Así mesmo, coa finalidade de garantir a maior eficiencia na implementación da AUP0 2030, valorarase a conveniencia de desenvolver un órgano de cooperación permanente entre os distintos servizos provinciais con competencias nos ámbitos de actuación da axenda.

Proxectos, programas e plans en curso.

- Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Río Miño, como ferramenta de colaboración intermunicipal nos ámbitos de turismo e patrimonio



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, axentes económicos, sociais e institucionais e terceiro sector.



Obxectivo estratéxico da AUP0 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico da AUP0 2030:

1.3. Favorecer a transparencia e a gobernanza intermunicipal



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

10 Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

10.2. Asegurar a participación cidadá e a transparencia e favorecer a gobernanza multinivel



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

10.2.3. Existen mecanismos efectivos para favorecer a gobernanza multinivel e, en particular, a coordinación dos instrumentos de ordenación?

Indicadores de seguimento da AUP0 2030:

1.3.1. Existen espazos ou órganos de gobernanza no ámbito público local da provincia, así como espazos de consulta, deliberación e acordos con axentes económicos e sociais da provincia?

1.3.2.

Optimización das ferramentas de comunicación dixitais da Deputación para mellorar o acceso á información e a transparencia

A páxina web da Deputación de Pontevedra é a ferramenta a través da cal o ente provincial pon a disposición da cidadanía información de interese público relativa ao desenvolvemento da provincia e acerca da actividade do ente provincial e facilita o acceso aos servizos públicos que presta. Optimizar a información que a Deputación pon ao dispor da poboación a través da páxina web e incrementar a transparencia redundará no fortalecemento da confianza cidadá, mellorará a rendición de contas, previrá a corrupción e o clientelismo e facilitará a participación e a cooperación institucional.

Neste sentido, no marco desta liña de acción, desenvolveranse actuacións orientadas a incrementar e mellorar a información dispoñible para a cidadanía, tanto sobre o territorio como sobre a propia entidade provincial. Entre outras actuacións, desenvolverase unha ferramenta de visualización de datos con información sobre proxectos municipais financiados con axudas da Deputación; desenvolverase un observatorio cartográfico provincial, que se centrará en variables e información estatística que permita levar a cabo análises a escala municipal (e, no seu caso, inframunicipal), de utilidade para o deseño e a implantación de políticas públicas, que facilitará a medición do seu impacto unha vez implementadas. Este observatorio será complementario ao xa existente sobre os ODS da Axenda 2030.

Tamén se incluírá unha sección na web cos recursos e espazos cos que conta o ente provincial e que están ao dispor doutras entidades e a cidadanía. Nesta sección abrirase unha canle específica a través da cal se poderá tramitar a reserva dos citados recursos e espazos.

Por último, a Deputación de Pontevedra prestará asesoramento e apoio aos municipios da provincia para a actualización e mellora das súas ferramentas de comunicación dixitais, para ofrecer máis e mellor información á cidadanía e favorecer a transparencia.

Así mesmo, coa finalidade de establecer unha política de seguridade no uso de medios electrónicos e conseguir unha protección adecuada dos sistemas de información, desde o ente provincial levarase a cabo a elaboración e implantación do esquema nacional de seguridade (ENS) nas entidades locais da provincia.

Proxectos, programas e plans en curso

- Observatorio de Axenda Urbana e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da provincia de Pontevedra
- Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas de todos os municipios da provincia
- Servizo de padrón municipal de habitantes para concellos de menos de 50 000
- Chatbot baseado en IA para o Boppo
- Proxecto de transformación dixital e modernización das administracións locais para concellos de menos de 20 000 habitantes: portal de transparencia, app comunicación cidadá, sistema de gravación de plenos



Prioridade: alta
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra e entidades públicas municipais e supramunicipais



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico da AUPO 2030:

1.3. Favorecer a transparencia e a gobernanza intermunicipal



Obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana Española

OE9 Liderar e fomentar a innovación dixital

Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española

9.2. Fomentar a administración electrónica e reducir a fenda dixital



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

9.2.2. Porcentaxe de trámites e xestións a través de internet de empresas e cidadanía

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

1.3.2. Orzamento investido na mellora e na implementación de ferramentas de comunicación dixitais da Deputación de Pontevedra

Obxectivo específico 1.4.

Impulsar un modelo territorial equilibrado e cohesivo, cun incremento do acceso a posibles fontes de financiamento

Liñas de acción





1.4.1.

Desenvolvemento dun modelo territorial equilibrado e policéntrico na provincia

A provincia de Pontevedra, e o territorio galego en xeral, estrutúrase nun conxunto de numerosos núcleos de pequeno e mediano tamaño, o que xera un tecido territorial heteroxéneo característico pola súa continuidade e urbanidade difusa. Neste sistema territorial destacan unha serie de cabeceiras de comarca que actúan como nodos territoriais ou centros nos que se agrupan a maioría dos servizos básicos e que se consolidan como centros de lecer de referencia.

Neste contexto faise patente a necesidade do desenvolvemento dun modelo territorial conxunto e estruturado que organice o territorio máis alá dos límites municipais, entendendo que as relacións funcionais os exceden .

A Deputación de Pontevedra, no marco desta axenda urbana e rural provincial, buscará impulsar a elaboración de estratexias de desenvolvemento territorial que articulen territorios con características, necesidades e retos comúns.

Neste sentido, a articulación de áreas urbanas funcionais vólvese unha ferramenta de grande utilidade para a xestión do territorio. As áreas urbanas funcionais integran municipios que comparten retos e desafíos que poden ser abordados dunha maneira máis eficiente se se tratan conxuntamente. Esta figura pode resultar de grande axuda para o desenvolvemento territorial da provincia, xa que permite a planificación conxunta dos servizos públicos e o desenvolvemento económico coordinado, ademais do emprendemento de accións máis efectivas en materia de mobilidade, vivenda, infraestruturas ou

sostibilidade, o cal favorecerá, á súa vez, o desenvolvemento equilibrado e a cohesión territorial.

Así, no marco desta liña de acción, a Deputación de Pontevedra elaborou un estudo de identificación de posibles áreas funcionais da provincia, no que se incluíron unha serie de criterios cuxo cumprimento evidenciaría a existencia de relacións de funcionalidade entre municipios:

- Continuidade urbana a través da conexión física dos asentamentos de poboación, que funcionen como unha única peza urbana.
- Presenza de vías estruturantes comúns no territorio, que articulen diversos núcleos e asentamentos de poboación.
- Existencia de centros atractores ou áreas económicas que vinculen diferentes territorios por darlle servizo á poboación de diversos municipios.
- Existencia de patróns de mobilidade conxuntos, é dicir, dun elevado número de persoas que se desprazan de maneira frecuente cara a centros de emprego ou estudos.
- Existencia de estruturas de gobernanza conxunta que evidencien unha xestión común dos servizos, equipamentos e infraestruturas.

Sobre a base do estudo previo realizado e coa participación dos municipios implicados poderase levar a cabo a identificación das áreas funcionais que conforman o territorio provincial e desenvolver os seus propios plans de acción local. Estes plans de acción local serán a base para lograr unha maior eficiencia nas políticas de desenvolvemento local.

Proxectos, programas e plans en curso

- Proxecto piloto de Axenda Urbana para a área Funcional do Val Miñor



Prioridade: alta
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra e entidades públicas, privadas e do terceiro sector do territorio das áreas urbanas funcionais



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico da AUPO 2030:

1.4. Impulsar un modelo territorial equilibrado e cohesivo, cun incremento do acceso a posibles fontes de financiamento



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE10 Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

10.2. Asegurar a participación cidadá e a transparencia, e favorecer a gobernanza multinivel.



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

10.2.3. Existen mecanismos efectivos para favorecer a gobernanza multinivel e, en particular, a coordinación dos instrumentos de ordenación?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

1.4.1. Existen plans, estratexias ou instrumentos de planificación estratéxica enfocados a impulsar un modelo territorial equilibrado e policéntrico na provincia?

1.4.2.

Información e asesoramento aos municipios máis pequenos da provincia en relación a todas as liñas de axuda públicas das que poderían beneficiarse

A provincia de Pontevedra está composta principalmente por municipios de pequeno tamaño. Estes municipios ven limitada a súa capacidade de acción debido á falta de recursos propios. Neste contexto, a obtención de financiamento público resulta de vital importancia para avanzar na implementación de políticas públicas efectivas.

A Deputación de Pontevedra desempeña un papel fundamental no apoio a estes municipios de menos de 20 000 habitantes, cos que colabora de maneira habitual a través de diversas liñas de axuda, aos que lles ofrece financiamento para proxectos específicos, infraestruturas e accións de diversa índole que contribúen á mellora de a calidade de vida da súa cidadanía.

Os municipios da provincia teñen á súa disposición diversas liñas de financiamento, tanto europeas como estatais, para impulsar o desenvolvemento local a través de plans, proxectos ou programas que estean aliñados cos obxectivos estratéxicos da Unión Europea e o Estado español. Estes buscan promover a cohesión social e territorial, a sostibilidade ambiental, a dixitalización, o desenvolvemento económico, a modernización de infraestruturas, a adaptación ao cambio demográfico, a innovación e a resiliencia ante desafíos económicos e sociais. É dicir, estes obxectivos buscan promover un desenvolvemento equilibrado, sostible e cohesivo en todo o territorio.

Os proxectos, programas ou plans que se enmarquen nos obxectivos globais, permitiránlles aos municipios avanzar nas súas necesidades particulares e contribuír, á súa vez, ao desenvolvemento territorial conxunto.

Con todo, en moitos casos, os concellos máis pequenos carecen dos recursos para identificar, solicitar e xestionar estas axudas de maneira eficaz. Aquí é onde a Deputación de Pontevedra pode contribuír a través da prestación de información e asesoramento a estes municipios de menor tamaño en relación con todas as liñas de axuda pública das cales poidan beneficiarse.

Este apoio da Deputación facilitará o acceso a fondos cruciais para o desenvolvemento local, e permitiránlles aos concellos mellorar as súas infraestruturas, promover a sostibilidade, impulsar o desenvolvemento económico e social, e abordar desafíos específicos como o envellecemento poboacional e a dixitalización. Todo isto aumentará a capacidade destes municipios para realizar proxectos que beneficien as súas comunidades.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de apoio e **asesoramento** a concellos da provincia de menor tamaño no acceso a financiamento



Prioridade: media
Prazo: media prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra en colaboración cos concellos da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico da AUPO 2030:

1.4. Impulsar un modelo territorial equilibrado e cohesivo, cun incremento do acceso a posibles fontes de financiamento



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE10 Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

10.3. Impulsar a capacitación local e mellorar o financiamento

Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

10.3.1. Cántase cos medios para acceder aos programas e axudas públicas de alcance europeo, nacional e autonómico en materia de desenvolvemento urbano?



Indicadores de seguimento de AUPO 2030:

1.4.2.a. Cántase con programas de información e asesoramento que lles permitan ás entidades locais da provincia acceder aos programas e axudas públicas de alcance europeo, nacional e autonómico en materia de desenvolvemento urbano?

1.4.2.b. Número de entidades locais da provincia beneficiarias de programas de asesoramento e información para o acceso a liñas de axuda públicas

1.4.3.

Impulso de plans e proxectos municipais vinculados aos obxectivos da AUE e AUPO 2030

A elaboración da Axenda Urbana e Rural de Pontevedra é unha oportunidade para xerar un desenvolvemento territorial máis coordinado, equitativo e sostible, que mellore a calidade de vida da cidadanía e prepare o territorio para afrontar os retos do futuro. Ademais, permite unha maior cohesión entre áreas urbanas e rurais, favorece a colaboración e ofrece un marco para a xestión eficaz dos recursos públicos.

A AUPO 2030, elaborada coa metodoloxía da Axenda Urbana Española, conta con seis obxectivos estratéxicos, centrados en seis dimensións, que contribúen aos dez obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana Española, coa que está totalmente aliñada. A AUPO 2030 aliñase tamén coas Axendas Urbanas Internacionais (Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas (ONU Hábitat) e Axenda Urbana Europea) e os ODS da Axenda 2030, en especial o ODS 11, que busca cidades e territorios sostibles, inclusivos, seguros e resilientes.

Para a implantación da AUPO 2030 identificáronse 38 liñas de acción, no marco das cales se desenvolverán as distintas actuacións.

Agora ben, a Deputación de Pontevedra é unha entidade de goberno local intermedio cuxa función principal é coordinar, apoiar e prestar servizos aos municipios dentro da provincia, en especial os de menor capacidade administrativa e financeira. Neste sentido, a implantación da AUPO 2030 non sería posible sen a colaboración dos concellos da provincia, en cuxos territorios se deberán poñer en marcha as actuacións deseñadas.

Neste sentido, e para garantir a execución da AUPO 2030, desde a Deputación de Pontevedra impulsaranse os plans, programas e proxectos municipais que estean vinculados ás liñas de acción da AUPO 2030 e contribúan aos seus obxectivos. Para iso, nas súas distintas liñas de subvención a municipios, a Deputación provincial poderá requirir que os proxectos ou actuacións que concorran para a obtención das axudas públicas estean aliñados coa AUPO 2030 ou, no seu caso, con outros instrumentos de planificación estratéxica municipal ou supramunicipal que contribúan aos obxectivos da Axenda Urbana Española.



Prioridade: alta
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra en colaboración cos concellos da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

1. Garantir a vertebración do territorio provincial e o acceso universal aos servizos públicos de calidade en todos os municipios, aproveitando as oportunidades que ofrece a dixitalización e a participación activa, así como a colaboración entre os municipios

Obxectivo específico da AUPO 2030:

1.4. Impulsar un modelo territorial equilibrado e cohesivo, cun incremento do acceso a posibles fontes de financiamento



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE10 Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

10.3. Impulsar a capacitación local e mellorar o financiamento



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

10.3.2. Dispónse de a capacidade económica e financeira a nivel local para abordar os compromisos no contexto da Axenda Urbana?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

1.4.3. Orzamento orientado á posta en marcha de plans, programas ou proxectos que contribúan ao cumprimento dos obxectivos da AUPO 2030

DIMENSIÓN 2

Cohesión e integración social

Obxectivo 2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Obxectivo específico 2.1.

Garantir a asistencia, a atención e o coidado necesarios ás persoas en situación de vulnerabilidade

Liñas de acción



Atención e cobertura das necesidades básicas de todas as persoas en situación de vulnerabilidade

2.1.1.

Atención e cobertura das necesidades básicas de todas as persoas en situación de vulnerabilidade

A atención a colectivos vulnerables é unha condición imprescindible para promover a cohesión social no territorio provincial. Estes colectivos, que inclúen persoas maiores, persoas con discapacidade, inmigrantes, familias con baixos ingresos ou persoas en risco de exclusión social, enfrontan barreiras significativas para acceder a recursos básicos. Cando se desatenden as súas necesidades, afóndase nas desigualdades sociais. Unha atención adecuada e coordinada asegura que toda a poboación, independentemente da súa situación económica, poida participar plenamente na vida económica, cultural e social.

A través desta liña de acción desenvolveranse actuacións orientadas a atender as persoas en situación de vulnerabilidade e garantirase a cobertura das súas necesidades básicas. Darase continuidade aos servizos e programas que se están a impulsar actualmente desde a Deputación neste ámbito, como o servizo de atención domiciliaria, as axudas de emerxencia social ou o programa de inclusión específico para poboación inmigrante, e poranse en marcha outros novos. Estes poderán incluír programas de alimentación, como o apoio a bancos de alimentos, comedores sociais ou axudas á compra de alimentos básicos; programas de reforzo educativo; axudas para o transporte adaptado; ou centros de acollida e protección, entre outros.

Actualmente, a Deputación de Pontevedra conta con tres centros (centros Príncipe Felipe) de atención a menores que se atopan en situación de risco ou desamparo, pertencentes a familias con dificultades sociais: o centro escola-fogar e o centro infantoxuvenil Agarimo, que acollen a menores de ambos os sexos de entre 8 e 18 anos; e o centro maternoinfantil, que acolle a menores de ambos os sexos, de entre 0 e 8 anos. Ademais da necesaria mellora e adecuación das instalacións dos tres centros anteriormente mencionados, no marco desta liña de acción levarase a cabo a rehabilitación e a adecuación dunha parte das instalacións do complexo Príncipe Felipe, actualmente en desuso, para crear unha nova unidade de atención á mocidade en situación de garda ou tutela cando alcanza a maioría de idade, coa finalidade de proporcionarlles un fogar e o apoio necesario no seu proceso de transición á vida adulta.

Así mesmo, prestarase especial atención á poboación residente nas áreas rurais da provincia, para paliar unha posible soidade non desexada, agravada pola dispersión rural existente no territorio, ampliando e estendendo xeograficamente o actual servizo de axuda a domicilio a todos os puntos da provincia. Ademais, con estas actuacións favorecerase a identificación temperá de situacións de elevada vulnerabilidade.

Proxectos, programas e plans en curso

- Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, orientado ás persoas maiores e/ou con discapacidade que vivan soas ou ás persoas que estean acompañadas e teñan as súas facultades moi diminuídas para valerse na vida cotiá
- Programa de inclusión social dirixido á poboación inmigrante
- Plan de axudas de emerxencia social dirixidas á poboación en situación de vulnerabilidade
- Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais (municipios de menos de 20 000 habitantes)



Prioridade: alta

Prazo: curto prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, entidades sociais que operan no territorio



Obxectivo estratéxico da AUP0 2030:

2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Obxectivo específico da AUP0 2030:

2.1. Garantir a asistencia, a atención e o coidado necesarios ás persoas en situación de vulnerabilidade



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental


Indicadores de seguimento da AUP0 2030:

2.1.1. Orzamento investido en actuacións destinadas a incrementar a cobertura das necesidades básicas de todas as persoas en situación de vulnerabilidade na provincia

Obxectivo específico 2.2.

Mellorar a calidade de vida de todas as persoas, tendo en conta a idade e o xénero

Liñas de acción





2.2.1.

Equipamentos, servizos e programas adaptados á poboación de maior idade

A provincia de Pontevedra enfróntase a un progresivo envellecemento da súa poboación. Garantir un envellecemento activo e saudable é clave para evitar a exclusión social das persoas maiores e favorecer a cohesión social. Prover acceso a servizos de saúde adecuados, programas de apoio e actividades que promovan a interacción interxeracional son esenciais para mellorar a súa calidade de vida e evitar o seu illamento.

Neste sentido, no marco desta liña de acción desenvolveranse actuacións orientadas a favorecer a creación e a adaptación de equipamentos e servizos ás necesidades das persoas maiores. Más concretamente, poranse en marcha actuacións dirixidas a garantir o acceso aos servizos básicos, como o transporte desde os núcleos de poboación máis pequenos e afastados ata os principais equipamentos e dotacións dos municipios; crearanse e/ou adaptaranse equipamentos para albergar espazos que poidan funcionar como puntos de encontro para a poboación maior en contornos de proximidade; ampliarase a oferta de actividades e programas existentes dirixidos a fomentar o envellecemento activo e a interacción social, como os obradoiros de memoria, ximnasia, formación etc.

Por último, fomentárase a participación das persoas maiores no asociacionismo local, como vía para formar parte activa da comunidade na que residen.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de fomento do envellecemento activo en establecementos hostaleiros das Rías Baixas
- Plan de envellecemento activo e saudable: cursos, obradoiros, actividades e servizos orientados a favorecer a convivencia e evitar a soidade non desexada.



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, entidades sociais da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Obxectivo específico da AUPO 2030:

2.2. Mellorar a calidade de vida de todas as persoas, tendo en conta a idade e o xénero



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

6.2.2. Dispónse dun plan ou estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá da vulnerabilidade/exclusión social?

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

2.2.1. Orzamento da Deputación de Pontevedra investido en actuacións destinadas a crear ou mellorar equipamentos, servizos e programas orientados á poboación de maior idade na provincia

2.2.2.

Equipamentos, servizos e programas adaptados á poboación nova

Durante os últimos anos, a provincia de Pontevedra vén sufrindo unha progresiva perda de poboación que pode implicar consecuencias non desexadas no territorio e afectar ao seu dinamismo económico e social. A perda de poboación, ademais, acentúa o envellecemento, debilita a economía e incrementa os desequilibrios. Por este motivo, un dos obxectivos da AUP0 2030 é atraer e fixar poboación nova no territorio. Proporcionar unha oferta de equipamentos e servizos apropiados e atractivos para a infancia, a adolescencia e a mocidade, ademais de favorecer a igualdade de oportunidades no acceso aos recursos e as condicións necesarias para o desenvolvemento persoal e profesional nos municipios da provincia facilitará a permanencia da poboación xuvenil e a atracción de novas familias.

No marco desta liña de acción poranse en marcha unha serie de actuacións dirixidas a fomentar a cultura, o deporte e o lecer xuvenil, ademais da empregabilidade das persoas mozas, actuacións que serán complementadas con outras que se desenvolverán no marco doutras liñas de acción da AUP0 2030 (fomento do emprendemento, acceso á vivenda, rexeneración urbana, entre outras), que tamén redundarán no mesmo obxectivo de atraer e fixar poboación, sobre todo nas zonas máis rurais.

Concretamente, nesta liña fomentarase a creación ou a rehabilitación de espazos e equipamentos destinados ao

uso social, deportivo e cultural da infancia e a mocidade; desenvolveranse programas de apoio e fomento do deporte de base e deporte de elite; incrementárase a oferta de programas de lecer e tempo libre; ampliárase a oferta cultural e os recursos destinados a favorecer a actividade cultural entre a poboación nova; e impulsárase o labor das oficinas municipais de información xuvenil (OMIX).

No ámbito do emprego, poranse en marcha accións que contribúan á creación de emprego de calidade a través da liña de 3.2.1. deste plan de acción, con especial énfase no fomento da empregabilidade das persoas máis novas.

Por último, prestarase especial atención á saúde mental da mocidade a través da implementación de accións de carácter formativo, informativo e de sensibilización neste ámbito que, a día de hoxe, tanto afecta á xente nova.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de campamentos de verán para infancia e mocidade
- Banco de recursos de material audiovisual dirixido á poboación nova
- Programa de saídas educativas para escolares a granxas escola da provincia
- Programa de financiamento de equipamentos locais municipais destinados á mocidade
- Premios provinciais á mocidade
- Programa de apoio a iniciativas de asociacións e colectivos xuvenís para a posta en marcha de proxectos nos que a xente nova participe de forma activa
- Plan de desenvolvemento e fomento da actividade deportiva en idade escolar
- Plan de axudas destinadas a apoiar a deportistas de elite e promesas
- Programa de subvencións para clubs deportivos da provincia
- Programa de estancias de fin de semana en balnearios para familias
- Programa de promoción da inclusión social e o desenvolvemento económico e social a través da creación de emprego de calidade e do fomento da empregabilidade



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, oficinas municipais de información xuvenil (OMIX), entidades sociais e culturais da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Obxectivo específico da AUPO 2030:

2.2. Mellorar a calidade de vida de todas as persoas, tendo en conta a idade e o xénero



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

2.1. Definir un modelo urbano que fomente a compactidade, o equilibrio urbano e a dotación de servizos básicos

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

2.1.2. Porcentaxe de poboación próxima aos principais servizos básicos

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

2.2.2. Orzamento da Deputación de Pontevedra investido en actuacións destinadas a crear ou mellorar equipamentos, servizos e programas orientados á xente nova da provincia

2.2.3.

Mellora da calidade de vida no rural

Tal e como se reflicte no diagnóstico, a provincia de Pontevedra manifesta unha distribución irregular dos asentamentos de poboación, na que o espazo litoral é o que congrega unha maior densidade de poboación. Neste contexto, os municipios máis rurais e de interior rexistran unha maior perda de poboación que, en moitos casos, é superior mesmo á do 75 % dos municipios do seu tamaño de todo o conxunto estatal. A través da presente liña de acción preténdese mellorar a calidade de vida no rural, incrementando o atractivo destes contornos mediante o aumento dos servizos, as dotacións e os equipamentos, para evitar así unha excesiva dependencia das áreas urbanas.

Para iso, no marco desta liña de acción poranse en marcha actuacións orientadas a favorecer o acceso a dotacións e servizos nas zonas rurais. Máis concretamente, desenvolverase, en colaboración cos municipios e complementando á iniciativa "coidados porta a porta" da Xunta de Galicia, un programa de servizos a domicilio que achegue á poboación que o necesite os servizos básicos como a compra, a comida a domicilio, apoio ou acompañamento á mobilidade exterior etc. Esta actuación

permitirá identificar situacións de vulnerabilidade e de soidade non desexada nas zonas rurais. Na súa execución poderase involucrar as entidades sociais que actúan no territorio.

Tamén se desenvolverán actividades que permitan incrementar as alternativas de lecer e cultura no rural. Para iso, poranse en marcha programas itinerantes de formación, divulgación e cultura. Tamén se fomentará a organización de actividades de carácter cultural que doten de contido os equipamentos socioculturais existentes nos núcleos rurais e propiciarase a organización de eventos de carácter sociocultural e de lecer que favorezan a interrelación e o encontro entre a veciñanza. As axudas á rehabilitación das dotacións socioculturais nas zonas rurais tamén estarán incluídas no marco desta liña de acción.

Por último, ampliaranse os servizos orientados a mellorar a conciliación da vida laboral e familiar, para facilitar o coidado de persoas maiores e menores. Estes servizos poden abarcar actividades extraescolares, ludotecas, actividades interxeracionais e implantación de bancos de tempo, entre outros.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa para mellorar e satisfacer as relacións e condicións de vida das persoas maiores da provincia



Prioridade: media

Prazo: curto prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, entidades sociais e culturais que operan no territorio, Xunta de Galicia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Obxectivo específico da AUPO 2030:

2.2. Mellorar a calidade de vida de todas as persoas, tendo en conta a idade e o xénero



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

2.1. Definir un modelo urbano que fomente a compactidade, o equilibrio urbano e a dotación de servizos básicos

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

2.1.2. Porcentaxe de poboación próxima aos principais servizos básicos

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

2.2.3. Orzamento da Deputación de Pontevedra investido en actuacións destinadas a incrementar ou mellorar os servizos, dotacións e equipamentos no rural

Obxectivo específico 2.3.

Impulsar a cultura galega e o asociacionismo como instrumentos de integración social

Liñas de acción

2.3.1.

Apoio e impulso da cultura e o idioma galegos como ferramenta de identidade e integración

2.3.2.

Fomento do asociacionismo para favorecer a integración e participación na vida pública



2.3.1.

Apoio e impulso da cultura e o idioma galegos como ferramenta de identidade e integración

A presente liña de acción pretende promover e fortalecer a cultura de Galicia na provincia de Pontevedra, e consolidar o seu papel como elemento de cohesión e xerador de identidade, así como valorizar as expresións culturais e lingüísticas galegas, para asegurar a súa difusión e acceso en toda a provincia. Así mesmo, impulsarase o coñecemento e uso do idioma galego, entendendo a lingua como elemento clave da cultura e a identidade propias. Deste xeito, esta liña de acción contribuirá a impulsar a cohesión e a inclusión social, así como o sentimento de pertenza.

Con esta finalidade, será clave o impulso do Museo Provincial de Pontevedra, como un dos principais referentes culturais da provincia. Deste xeito, a través desta liña de acción poranse en marcha as medidas concretas para consolidar o seu papel como centro de difusión do patrimonio galego na provincia, e fomentar así a investigación, a conservación e a divulgación das súas coleccións, ademais de continuar impulsando a programación e eventos asociados a este equipamento cultural. Así mesmo, fomentarase o desenvolvemento de accións colaborativas entre o Museo Provincial de Pontevedra e os centros educativos, do mesmo xeito que as entidades culturais do territorio.

Paralelamente, desde esta liña de acción impulsarase a Bienal de Pontevedra como evento cultural de primeiro nivel na provincia, que permitirá promocionar a arte e a

cultura de Galicia, ademais de situar a provincia nun contexto estatal e internacional.

Así mesmo, desde esta liña de acción propónse o desenvolvemento e a implementación de accións culturais, como eventos e exposicións con diferentes temáticas, nas que se garantirá o acceso, independentemente do lugar de residencia, ás distintas expresións artísticas e culturais galegas. Para isto propónse a implementación destes eventos culturais tanto nas sedes propias da Deputación de Pontevedra como a través de exhibicións itinerantes en todo o territorio provincial.

Estas exposicións non só impulsarán o coñecemento da tradición ou a herdanza cultural de Galicia, senón que tamén facilitarán o acceso á arte e á cultura contemporáneas, e ampliarán a oferta cultural da provincia á vez que se contribúe a impulsar a economía creativa e cultural no territorio.

Por último, darase continuidade e ampliaranse as accións e eventos de carácter cultural promovidos actualmente pola Deputación provincial en todo o territorio (concertos, cinema, teatro etc.). Estas contribúen, ademais, a dinamizar a produción musical, cinematográfica e as artes escénicas en galego e realizadas por artistas de Galicia, que tamén contarán co apoio específico da Deputación no marco desta liña de acción.

Proxectos, programas e plans en curso

- Circuito de apoio á programación de artes escénicas en galego. Programación de espectáculos profesionais de artes escénicas nos concellos da provincia de ata 20 000 habitantes
- Programa de apoio á programación musical profesional en galego nos concellos da provincia
- Circuito de cinema galego, en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual, para favorecer a programación da produción audiovisual galega actual nos concellos da provincia
- Identificación, agrupación e promoción conxunta dos festivais do sector audiovisual da provincia



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, axentes e entidades culturais do territorio



Obxectivo estratéxico da AUP0 2030:

2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Obxectivo específico da AUP0 2030:

2.2. Mellorar a calidade de vida de todas as persoas, tendo en conta a idade e o xénero



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

Indicadores de seguimento da AUP0 2030:

2.3.1. Orzamento da Deputación de Pontevedra investido en accións de promoción da cultura e o idioma galegos como ferramenta de identidade e integración

2.3.2.

Fomento do asociacionismo para favorecer a integración e a participación na vida pública

AUP02030 ten como un dos seus obxectivos estratéxicos lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, proporcionando as ferramentas e as oportunidades para que todas, en especial a xente nova, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia. Neste sentido, o fomento do asociacionismo, xunto coa cultura e a identidade local, enténdese como unha ferramenta clave para impulsar a integración e a participación da cidadanía na vida pública.

Desde esta liña de acción preténdese impulsar o tecido asociativo local na provincia, reforzando o seu papel como elemento de cohesión e de integración social e como xerador de pertenza e identidade. A implementación desta liña de acción será clave nas áreas rurais, onde facilitará a xeración de contornos activos, dinámicos e con maior cohesión, co que se contribuirá a incrementar a oferta de actividades e eventos de carácter social e cultural e, con iso, a fixar e atraer poboación ás devanditas zonas.

Unha das principais actuacións no marco da presente liña de acción será o fomento e o impulso das canles de comunicación entre as diferentes asociacións que teñen a súa actividade no territorio, para favorecer a cooperación entre elas, ademais de potenciar a súa capacidade de acción conxunta. Deste xeito, contribuirase á identificación de sinerxías no territorio que facilitarán a creación de redes

de traballo e cooperación que, a través da colaboración e o intercambio de experiencias, poderán dar unha resposta conxunta aos retos aos que se enfronta. Deste xeito, esta acción está moi vinculada ao impulso da gobernanza multinivel, pois implica a cidadanía no desenvolvemento das súas propias aldeas e cidades.

Neste contexto, impulsarase a creación de mesas sectoriais a nivel provincial, como espazos de encontro e diálogo entre as entidades e as asociacións de diferentes sectores (culturais, sociais, deportivas etc.), o que permitirá abordar de maneira conxunta retos comúns, identificar oportunidades de colaboración e coordinar esforzos para maximizar o impacto das súas iniciativas. Ademais, servirán como plataforma para canalizar propostas e proxectos que impliquen a colaboración das diferentes administracións, e impulsar unha gobernanza transversal e multinivel na provincia.

Complementariamente, desde a Deputación continuarase coas diferentes accións de colaboración con asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro existentes, tanto para a mellora dos seus espazos físicos como para apoiar o seu funcionamento diario ou para a programación das accións que desenvolven en distintos ámbitos, como a formación, a divulgación cultural e ambiental, a igualdade de oportunidades etc.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de colaboración coas entidades do terceiro sector mediante o apoio ao seu gasto corrente
- Plan de axudas para accesibilidade, axudas técnicas e equipamentos audiovisuais inclusivos das entidades sociais con sede nos municipios de menos de 50 000 habitante



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, entidades sociais e culturais da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Obxectivo específico da AUPO 2030:

2.3. Impulsar a cultura galega e o asociacionismo como instrumentos de integración social



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade

10.2. Asegurar a participación cidadá e a transparencia e favorecer a gobernanza multinivel



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental


10.2.3. Disponse de mecanismos efectivos para favorecer a gobernanza multinivel e, en particular, a coordinación dos instrumentos de ordenación?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

2.3.2. Número de entidades ás que se lles deu apoio desde a Deputación provincial

Obxectivo específico 2.4.

Garantir a igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes na provincia





2.4.1.

Fomento da igualdade de xénero

A presente liña de acción ten como finalidade contribuír a alcanzar a igualdade de xénero efectiva no territorio, a través da coordinación e a planificación dunha serie de actuacións ou medidas orientadas a mellorar a calidade de vida das mulleres na provincia, incrementar a taxa de emprego feminino e, en xeral, lograr a igualdade de oportunidades de mulleres e homes no territorio, incluíndo a perspectiva de xénero de forma transversal en todas as accións e ámbitos de actuación da entidade local. Esta liña de acción incluírá catro eixes de actuación.

Nun primeiro eixe, a presente liña de acción impulsará a inclusión da perspectiva de xénero como vector transversal ás políticas internas do ente provincial e activará os mecanismos necesarios para integrar a transversalidade de xénero no seu funcionamento diario, o que garantirá o compromiso político e a coordinación e a participación de todas as áreas implicadas. Neste eixe, enmárcanse o protocolo para a prevención do acoso laboral, sexual e por razón de sexo e o terceiro plan de igualdade da Deputación de Pontevedra, actualmente en elaboración.

Nun segundo eixo inclúese o desenvolvemento de medidas concretas en materia de sensibilización, formación e comunicación que darán continuidade e ampliarán os programas formativos que veñen poñendo

en marcha desde a Deputación no territorio. Este tipo de actuacións inciden favorablemente na mellora da cohesión social, e fomentan unha sociedade máis igualitaria, libre de estereotipos sexistas e de actitudes violentas.

Tamén se incluírán medidas orientadas a favorecer a dinamización do movemento asociativo de mulleres. Así mesmo, prestarase especial atención ás áreas rurais, co impulso á creación de redes de apoio e espazos de convivencia e á eliminación das barreiras que se dan entre mulleres e homes que se producen especificamente nestes contextos rurais.

O terceiro eixe de acción está orientado a favorecer a empregabilidade das mulleres e incrementar a taxa de emprego feminino na provincia, para garantir que todas as persoas, independentemente do seu sexo, teñan as mesmas condicións, oportunidades e trato. Así, impulsaranse accións que favorezan o desenvolvemento da carreira profesional das mulleres, ademais de accións orientadas a favorecer a conciliación, para garantir que todas as persoas poidan conciliar a vida persoal, familiar e laboral asumindo de forma corresponsable o reparto das tarefas de coidado.

Por último, o cuarto eixe inclúe un conxunto de accións orientadas a erradicar a violencia de xénero no territorio nas súas distintas manifestacións e promover a sensibilización e a prevención en colaboración cos concellos da provincia.

Proxectos, programas e plans en curso

- Plan de sensibilización interna en materia de igualdade, coa finalidade de garantir a inclusión da perspectiva de xénero en todos os ámbitos de acción provincial
- Plan de axudas aos concellos de menos de 20 000 habitantes e entidades de iniciativa social para o impulso e a implementación de políticas de igualdade de xénero
- Programa orientado a mellorar a formación básica das mulleres e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio, así como para fomentar as relacións interpersoais
- Plans de concienciación e sensibilización en materia de igualdade de xénero postos en marcha en todo o territorio provincial
- Programa de axudas para impulsar a formación de mulleres en postos de técnicas e adestradoras no ámbito deportivo
- Protocolo para a prevención do acoso labora, sexual e por razón de sexo da Deputación de Pontevedra



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia e tecido asociativo



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

2. Lograr a inclusión social, cultural e xeracional de todas as persoas, con perspectiva de xénero, proporcionando as ferramentas e oportunidades para que todas, en especial a mocidade, poidan desenvolver o seu proxecto vital nos municipios da provincia

Obxectivo específico da AUPO 2030:

2.4. Garantir a igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes na provincia



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

6.2.1. Dispónse dun plan ou estratexia a nivel local para garantir a igualdade de oportunidades, o acceso ao mercado de traballo e a vida pública en condicións de igualdade?

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

2.4.1. Orzamento da Deputación de Pontevedra investido en accións destinadas a impulsar a igualdade de xénero na provincia

DIMENSIÓN 3

Desenvolvemento económico e empresarial

Obxectivo 3. Crear oportunidades de desenvolvemento económico provincial a través do aproveitamento dos recursos locais, o reforzo do tecido empresarial provincial e a promoción do emprendemento

Obxectivo específico 3.1.

Mellorar a competitividade do sector primario respectando o medio natural e garantindo a seguridade alimentaria

Liñas de acción

3.1.1.

Fomento de prácticas sostibles no sector primario

3.1.1.

Fomento de prácticas sostibles no sector primario

A AUPO 2030 ten entre os seus obxectivos crear oportunidades de desenvolvemento económico a través do aproveitamento dos recursos locais e, concretamente, mellorar a competitividade do sector primario baixo unha acción sostible e respectuosa co medio.

Ante este contexto, desde a presente liña de acción preténdese fomentar o desenvolvemento económico vinculado ao sector primario baixo unha perspectiva sostible, ligada a unha economía circular no territorio.

Para iso, poranse en marcha distintas actuacións orientadas a reducir o impacto ambiental da actividade do sector primario, tendo en conta que se impulsa a produtividade e a rendibilidade das explotacións, o que fortalece o tecido empresarial no rural da provincia.

Neste sentido, preténdese consolidar a Finca Mouriscade como espazo modelo para o desenvolvemento dunha economía circular, unindo diferentes experiencias, prácticas e accións piloto vinculadas a un modelo de explotación agraria sostible.

Así mesmo, promoverase o desenvolvemento da viticultura sostible, a través da ampliación de experiencias piloto xa desenvoltas pola Deputación coa axuda de determinadas adegas da provincia, orientadas a reducir a cantidade de fitosanitarios que se aplican aos viñedos para conseguir cultivos máis ecolóxicos. As boas prácticas obtidas a partir destas experiencias e o labor desenvolto na estación fitopatolóxica Areeiro permitirán crear novos

proxectos que favorezan que se estenda esta iniciativa e desenvolver e aplicar outras de agricultura sostible a outro tipo de cultivos.

Outro sector de gran relevancia na provincia é o da pesca. Neste ámbito continuarase traballando nas accións xa iniciadas de apoio ás confrarías para seguir mellorando a situación do sector e incrementar as prácticas sostibles na pesca.

Complementariamente, promoverase a creación de redes de comercialización de produtos de proximidade e de tempada, e facilitarase a presenza dos produtos locais en mercados da provincia, co que se contribuirá ao desenvolvemento do sector primario e o rural provincial. Así mesmo, incentivarase a creación de redes de colaboración entre explotacións e promoverase o intercambio de coñecementos e recursos.

Estas medidas irán vinculadas a un programa de accións de formación e capacitación ligadas ao sector primario, en colaboración con outras entidades que operan no territorio, a fin de continuar impulsando o desenvolvemento económico deste sector e garantir a súa sostibilidade. Mediante estes programas de formación e asesoramento, divulgaranse os coñecementos e as ferramentas necesarias para implementar prácticas respectuosas co medio nas explotacións agropecuarias, ademais de favorecer a innovación e a modernización das citadas explotacións.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programas formativos vinculados co sector primario, en colaboración con outras entidades ambientais e agropecuarias do territorio
- Plan de impulso de modelos de cultivo sostibles e potenciación de química verde
- Programa de axudas a cooperativas agropecuarias para levar a cabo os investimentos necesarios para desenvolver a súa actividade.
- Programa de axudas a confrarías de pesca, á federación de confrarías e ás agrupacións de mariscadoras.



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, tecido empresarial vinculado ao sector agropecuario e poboación que traballa do sector agropecuario



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

3. Crear oportunidades de desenvolvemento económico provincial a través do aproveitamento dos recursos locais, o reforzo do tecido empresarial provincial e a promoción do emprendemento

Obxectivo específico da AUPO 2030:

3.1. Mellorar a competitividade da agricultura e da gandería, respectando o medio natural e garantindo a seguridade alimentaria



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana.

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

4.3. Fomentar o ciclo dos materiais

7.1 Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e a diversificación da actividade económica



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

7.1.1. Disponse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?


Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

3.1.1.a. Orzamento investido en accións destinadas ao impulso de prácticas sostibles no sector primario da provincia

3.1.1.b. Disponse de plans, programas ou estratexias encamiñadas a fomentar e impulsar prácticas sostibles no sector primario da provincia?

Obxectivo específico 3.2.

Impulsar o emprendemento e o emprego, así como a diversificación da actividade económica





3.2.1.

Activación do emprego na provincia

En termos de emprego e economía, a provincia de Pontevedra conta cunha gran presenza do sector industrial, unha superficie industrial notable, un amplo territorio dedicado a actividades agropecuarias e un sector pesqueiro destacado. Con todo, a taxa de paro nos últimos períodos é superior á rexistrada noutras provincias galegas.

Ante este feito, no marco desta liña de acción poranse en marcha medidas e actuacións orientadas a mellorar a empregabilidade das persoas e facilitarlles o acceso ao emprego.

Así, coa colaboración dos concellos e as entidades empresariais da provincia desenvolverase un programa formativo específico ligado ás necesidades empresariais, que permita adaptar a formación das persoas aos requirimentos do mercado laboral. O devandito programa formativo estará especialmente dirixido ás persoas en situación de desemprego ou en busca do seu primeiro emprego e ás persoas inmigrantes, aínda que iso non implica que non poida participar calquera profesional que busque reorientar a súa traxectoria profesional. Tratarase

de involucrar as empresas do tecido provincial no propio deseño da acción formativa, para garantir que esta dea resposta ás súas necesidades reais.

A maiores, e desde esta acción conxunta, impulsarase a creación de itinerarios personalizados de formación e orientación laboral e asesoramento continuo á poboación que participa nestes programas.

Así mesmo, desde a Deputación de Pontevedra poranse medios para impulsar as relacións entre a universidade e o tecido empresarial da provincia, co fin de adaptar a oferta formativa ás necesidades do mercado laboral e favorecer a empregabilidade do alumnado universitario, o que incrementará a posibilidade de acceder a un posto de traballo nas empresas do territorio, previa realización de prácticas nelas.

Por último, no marco desta liña de acción darase continuidade e ampliaranse os programas orientados a favorecer a contratación pública de persoas desempregadas e/ou en situación de vulnerabilidade, nas entidades locais da provincia.

Proxectos, programas e plans en curso

- Plan de activación do emprego nos municipios da provincia de menos de 50 000 habitantes
- Programa para adquirir experiencia profesional para estudantes e recentemente titulados



Prioridade: alta
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, tecido universitario e tecido empresarial



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

3. Crear oportunidades de desenvolvemento económico provincial a través do aproveitamento dos recursos locais, o reforzo do tecido empresarial provincial e a promoción do emprendemento

Obxectivo específico da AUPO 2030:

3.2 Impulsar o emprendemento e o emprego, así como a diversificación da actividade económica



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade

7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica.

Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

7.1.1. Dispónse de plans de mellora da economía e a competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

3.2.1.a. Orzamento investido en accións destinadas á capacitación, formación e asesoramento da poboación orientadas a incrementar a inserción laboral, a diversificación da actividade económica, e a profesionalización e a capacitación da poboación.

3.2.1.b. Dispónse de plans orientados a impulsar o emprego na provincia?



3.2.2.

Impulso do emprendemento en sectores que faciliten a diversificación da actividade económica

A fin de crear oportunidades de desenvolvemento económico no territorio, esta liña de acción impulsará o emprendemento na provincia, con especial atención aos sectores que impliquen a diversificación da actividade económica, e fomentarse a innovación e a creación de emprego. Deste xeito, favorecerase un equilibrio territorial da oferta laboral e dinamizaranse economicamente as áreas rurais e interiores.

Para iso, impulsaranse accións para detectar novas oportunidades de negocio e os sectores con maior potencial para emprender.

Tamén se promoverá a creación de redes de apoio a persoas emprendedoras; a información sobre o acceso a financiamento, o desenvolvemento de programas de formación en materia de emprendemento, xestión empresarial dirixida a persoas emprendedoras, márketing, innovación e/ou novas tecnoloxías, entre outras, ademais de continuar con programas de formación, o que incrementará as competencias empresariais da poboación da provincia.

A fin de estimular e promover o emprendemento na provincia, darase continuidade á consolidación e ao impulso dos viveiros de empresa e polos de emprendemento a nivel provincial, que complementarán as accións xa implementadas pola Deputación de Pontevedra nos viveiros de Lalín e Barro-Meis. Estes espazos permiten e incentivan o desenvolvemento de proxectos innovadores, ademais de funcionar como puntos de encontro entre profesionais dos centros de emprendemento.

Garantirase que a repartición xeográfica dos novos espazos dedicados ao emprendemento sexa equilibrada, e asegurarse a igualdade de oportunidades no territorio,

dinamizando a economía tanto nas áreas urbanas como nas rurais. Neste sentido, impulsarase a creación de espazos de *coworking* ou espazos de traballo en zonas rurais e/ou municipios máis afectados polo reto demográfico, para o que se habilitarán lugares onde a poboación emprendedora teña acceso a internet de alta velocidade, oficinas compartidas ou servizos básicos que lles permitan desenvolver a súa actividade empresarial. Estes espazos non só proporcionarán infraestruturas, senón que tamén servirán como plataformas para a colaboración e o intercambio de ideas.

Fomentarse especialmente o emprendemento en sectores en auge ou con potencial de desenvolvemento, como toda a actividade vinculada á *silver economy* ou economía dos coidados, que inclúe investimentos, produtos e servizos dirixidos á poboación envellecida ou de maior idade, e que ofrece múltiples oportunidades de emprendemento, o que contribuirá á diversificación da economía e a dar resposta a unha crecente demanda na sociedade. Así mesmo, continuarase apoiando e impulsando a industria cultural e creativa, así como a toda a actividade vinculada coa I+D+i e os centros de coñecemento vinculados ao emprendemento.

Complementariamente, promoverase a organización de eventos ou feiras profesionais, en colaboración co tecido económico, asociativo e os concellos da provincia, para o que se crearán espazos de encontro ou plataformas de contacto entre empresas e poboación. Estas actuacións facilitarán a creación de redes de negocio, a transferencia e capitalización de coñecementos e o acceso a novos mercados, impulsando o crecemento e a consolidación de experiencias de emprendemento na provincia.

Proxectos, programas e plans en curso

- Impulso e xestión dos viveiros de empresas de Lalín e Barro-Meis.
- Programa de fomento da cultura emprendedora no ámbito educativo.
- Plan de impulso da produción audiovisual
- Programa de promoción da I+D+i en sectores estratéxicos da provincia



Prioridade: media
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, axentes económicos e sociais da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

3. Crear oportunidades de desenvolvemento económico provincial a través do aproveitamento dos recursos locais, o reforzo do tecido empresarial provincial e a promoción do emprendemento

Obxectivo específico da AUPO 2030:

3.2. Impulsar o emprendemento e o emprego, así como a diversificación da actividade económica



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

7.1.1. Disponse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

3.2.2. Disponse de ferramentas e/ou mecanismos efectivos que impulsen o emprendemento na provincia, con especial atención aos sectores que faciliten a diversificación da actividade?

Obxectivo específico 3.3.

Apoiar o crecemento e o desenvolvemento sostible dos principais sectores económicos da provincia, en especial do sector turístico


Liñas de acción

3.3.1.

Desenvolvemento empresarial e impulso do comercio local, a través da innovación e o uso de novas tecnoloxías

3.3.2.

Desenvolvemento do turismo sostible e a gastronomía



3.3.1.

Desenvolvemento empresarial e impulso do comercio local, a través da innovación e o uso de novas tecnoloxías

A presente liña de acción ten como obxectivo apoiar o crecemento e o desenvolvemento sostible dos principais sectores económicos da provincia, co que se lles dá continuidade ás accións xa iniciadas e implementadas no territorio. Desde esta liña de acción poranse en marcha as medidas necesarias para impulsar o desenvolvemento empresarial na provincia, así como o comercio local.

O comercio local ten un importante papel na configuración do espazo urbano, pois contribúe a lograr espazos vivos, integrados, produtivos e amables, ademais de mellorar a imaxe urbana e favorecer a proximidade dos servizos á cidadanía, polo que se impulsará a dinamización económica do comercio local e de proximidade, o que favorecerá a economía local.

Más concretamente, darase continuidade ao servizo de asesoramento individual e personalizado a pequenas e medianas empresas da provincia para mellorar a súa competitividade, e ao servizo de capacitación das citadas pemes en materia de novas tecnoloxías e competitividade empresarial, coa finalidade de impulsar a innovación e o talento.

Tamén se ampliarán os plans de promoción do comercio local que inclúen obradoiros e sesións de formación e capacitación no uso das tecnoloxías aplicadas ao comercio

incluíndo e-commerce e márketing dixital.

Ademais das xa existentes, en colaboración cos concellos e as asociacións empresariais e de comerciantes, poderanse poñer en marcha novas medidas orientadas a fomentar o desenvolvemento empresarial e impulsar o comercio de proximidade, a través das TIC e a innovación, en distintos ámbitos:

- Medidas de formación e capacitación dixital, que incluírán programas de alfabetización dixital para empresarias/os e comerciantes locais; cursos de ferramentas tecnolóxicas aplicadas á xestión empresarial e/ou obradoiros sobre ferramentas de márketing dixital e presenza en redes sociais.
- Medidas de infraestrutura tecnolóxica, como pode ser o desenvolvemento de plataformas para comercios locais.
- Medidas de financiamento e apoio, como liñas de financiamento para proxectos de dixitalización e innovación, e premios e recoñecementos a iniciativas empresariais innovadoras locais.

Por último, apoiarase tamén a realización de campañas de sensibilización e dinamización do comercio local, así como a realización de accións orientadas á promoción empresarial, como, feiras, charlas, eventos etc.

Proxectos, programas e plans en curso

- Plans de promoción do comercio local
- Rede de oficinas onde se presta un servizo de información e asesoramento a empresas e persoas emprendedoras sobre as TIC e a súa aplicación



Prioridade: alta
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, axentes económicos e sociais da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

3. Crear oportunidades de desenvolvemento económico provincial a través do aproveitamento dos recursos locais, o reforzo do tecido empresarial provincial e a promoción do emprendemento

Obxectivo específico da AUPO 2030:

3.2. Impulsar o emprendemento e o emprego e a diversificación da actividade económica



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

7.1.1. Dispónse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e industria local e de impulso da actividade turística sostible

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

3.3.1. Dispónse de programas, plans ou estratexias de impulso do comercio local, ou instrumentos equivalentes, que á súa vez recollan actuacións en materia de innovación e novas tecnoloxías?

3.3.2.

Desenvolvemento do turismo sostible e a gastronomía

A provincia de Pontevedra conta cun sector turístico diversificado e de calidade, cun denso conxunto de activos e recursos. Así mesmo, evidénciase un notable crecemento do turismo na provincia. Ante este contexto, a presente medida propón impulsar un turismo sostible, desestacionalizado e vinculado á identidade da provincia, mediante unha oferta diversificada de turismo de natureza e cultural, que distribúa a actividade turística na provincia.

O conxunto de medidas desta liña de acción estará aliñado coa Estratexia Rías Baixas Turismo 61, que pretende promover a calidade de vida local e a integración das persoas visitantes. Esta estratexia estrutúrase en cinco eixes: “Rías Baixas Singular”, enfocado en ofrecer experiencias auténticas; “Somos Rías Baixas”, que destaca os elementos identitarios do territorio; “Rías Baixas Sostible”, centrado na sostibilidade turística e o emprego de calidade; “Rías Baixas Única”, que promociona a marca “Rías Baixas” e fomenta un sentido de pertenza; e un último eixe que aborda a innovación e promove a formación en competencias dixitais.

Desde esta liña de acción apostarase pola mellora, a modernización e a ampliación de infraestruturas turísticas da provincia, impulsando a actualización das oficinas de turismo da provincia. Así mesmo, promoverase a inclusión de ferramentas dixitais e de e-gobernanza que permitan

unha xestión máis eficiente do turismo, destacando, con carácter indicativo, a optimización e a actualización do Observatorio de Turismo, así como a posta en marcha da Plataforma Tourist Tech para a xestión intelixente de produtos turísticos. Complementariamente, impulsárase a formación e a cualificación do persoal no ámbito do turismo, o que mellorará a calidade da oferta e servizos.

Deseñaranse e poranse en marcha accións para o impulso e a posta en valor da gastronomía local, xa que é dos principais sinais de identidade da provincia e un recurso de elevado valor para a promoción do territorio, ligado á paisaxe da provincia e ao patrimonio inmaterial desta. Impulsaranse tamén as festas gastronómicas existentes, algunhas das cales contan co distintivo de Festa de Interese Turístico.

Complementariamente, deseñaranse accións ligadas á promoción e posta en valor do patrimonio natural e cultural da provincia, mediante unha acción colaborativa ou de gobernanza cos municipios de Pontevedra. Neste sentido, impulsárase o coñecemento e a posta en valor do patrimonio arqueolóxico, continuando e expandindo o proxecto “Trazas de Pontevedra” e da actividade investigadora realizada a través do Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico, no Pazo de Liñares, en Lalín.

Proxectos, programas e plans en curso

- Plan estratéxico de turismo da Deputación de Pontevedra
- Proxecto de cooperación transfronteiriza orientado ao impulso do turismo no territorio da AECT Río Miño
- Programa de asesoramento personalizado a empresas do sector turístico para a implantación de solucións TIC
- Rede de oficinas de turismo. Ordenanza Reguladora do funcionamento da Rede de Oficinas de Turismo Info Rías Baixas
- Impulso e promoción do circuito de festivais de música da provincia.
- Proxecto para a posta en valor dos xacementos arqueolóxicos galaico-romanos da provincia
- Proxecto de transformación da provincia de Pontevedra en Destino Turístico Intelixente (DTI)
- Impulso do turismo deportivo: organización de competicións e eventos deportivos
- Plans de xestión dos Castelos de Sobroso e Soutomaioir
- Plans de sostibilidade turística das comarcas Condado-Paradanta e Deza-Tabeirós
- Proxecto “Praias sen límites”: experiencias turísticas atemporais para reducir a estacionalidade



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia e entidades do sector turístico da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

3. Crear oportunidades de desenvolvemento económico provincial a través do aproveitamento dos recursos locais, o reforzo do tecido empresarial provincial e a promoción do emprendemento

Obxectivo específico da AUPO 2030:

3.3. Apoiar o crecemento e desenvolvemento sostible dos principais sectores económicos da provincia, en especial do sector turístico



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

7.2. Fomentar o turismo sostible e de calidade e os sectores clave da economía local



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

7.2.1. Dispónse de plans específicos de reactivación económica e innovación no ámbito do turismo sostible, comercio e industria na cidade ou área urbana?

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos de patrimonio cultural, natural e paisaxístico

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

3.3.2. Numero de plans, programas ou proxectos orientados á promoción do turismo e a gastronomía da provincia financiados pola Deputación de Pontevedra

DIMENSIÓN 4

Natureza, patrimonio e identidade territorial

Obxectivo 4. Protexer e valorizar o patrimonio e a paisaxe, e preservar o territorio fronte aos desastres naturais e os efectos do cambio climático

Obxectivo específico 4.1.

Mellorar a resiliencia do territorio ante o cambio climático e promover a súa adaptación

Liñas de acción

4.1.1.

Desenvolvemento dunha estratexia de infraestrutura verde e azul provincial

4.1.1.

Desenvolvemento dunha estratexia de infraestrutura verde e azul provincial

Coa finalidade de protexer o territorio e a paisaxe, ademais de incrementar a calidade ecolóxica das áreas verdes e incrementar a súa resiliencia ante os efectos do cambio climático, propónse a planificación e a mellora ecolóxica das áreas verdes e azuis da provincia, a través do da elaboración e o desenvolvemento dunha estratexia de infraestrutura verde e azul e de adaptación ao cambio climático.

A implantación da citada estratexia permitirá fomentar a biodiversidade, incrementar a resiliencia da provincia ante os efectos do cambio climático e impulsar as funcións ambientais ou sociais, aumentando ao acceso da cidadanía da provincia ás áreas verdes e azuis de elevada calidade ambiental, o que mellorará a súa calidade de vida. Así mesmo, desde esta liña de acción impulsarase tamén a protección da paisaxe no conxunto da provincia.

A estratexia de infraestrutura verde e azul e adaptación ao cambio climático identificará, caracterizará e definirá as áreas de alto valor ecolóxico ou natural da provincia, así como a rede de corredores ecolóxicos existentes. Vinculados a eles zonificaranse áreas de amortecemento e zonas multifuncionais para posteriormente definir, mediante o plan de acción, un conxunto de accións orientadas á restauración ecolóxica dos recursos verdes e azuis

existentes, e a ampliación dos espazos naturais e os seus servizos ecosistémicos, o que garantirá a conectividade ecolóxica e a introdución das dinámicas ecolóxicas nas tramas urbanas existentes. Complementariamente, identificaranse e definiranse os riscos ante os efectos do cambio climático aos que se enfrenta a provincia, e determinaranse e clasificaranse os espazos altamente vulnerables.

As accións incluídas no plan de acción da estratexia de infraestrutura verde e azul provincial poranse en marcha en colaboración cos concellos da provincia, xa sexa de forma directa por parte do ente provincial, xa sexa polos propios concellos nos seus respectivos ámbitos territoriais coa axuda financeira da Deputación.

Desde a presente liña de acción promoverase tamén a elaboración de estratexias locais de infraestrutura verde e azul nos municipios de menor tamaño da provincia, mediante a creación de liñas de financiamento, coa finalidade de consolidar unha rede de espazos naturais conectados e de calidade na provincia.



Prioridade: alta
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra. Xunta de Galicia, Augas de Galicia e concellos da provincia



Obxectivo estratéxico da AUP0 2030:

4. Protexer e valorizar o patrimonio e a paisaxe, e preservar o territorio fronte aos desastres naturais e os efectos do cambio climático

Obxectivo específico de AUP0 2030:

4.1. Mellorar a resiliencia do territorio ante o cambio climático e promover a súa adaptación



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

1.3. Mellorar as infraestruturas verdes e azuis e vinculalas co contexto natural
3.1. Adaptar o modelo territorial e urbano aos efectos do cambio climático e avanzar na súa prevención



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

1.3.1. Realizouse unha planificación do desenvolvemento en rede e da conectividade das infraestruturas verdes e azuis co contexto natural?

Indicadores de seguimento da AUP0 2030:


4.1.1. Realizouse unha planificación a escala provincial ou local que favoreza un desenvolvemento en rede dos espazos naturais, así como a conectividade das infraestruturas verdes e azuis co contexto natural?

Obxectivo específico 4.2.

Conservar e valorizar os recursos naturais e culturais e as súas diversas capacidades produtivas

Liñas de acción





4.2.1.

Conservación, restauración e protección de espazos naturais

A provincia de Pontevedra conta con numerosos espazos verdes e azuis de gran calidade ambiental e paisaxística, incluíndo unha importante fronte litoral (altamente vulnerable aos efectos do cambio climático), así como espazos fluviais e áreas naturais e/ou forestais de elevada importancia, que conforman o ademais un potente recurso turístico no territorio. A presente liña de actuación pretende impulsar a conservación, restauración, mellora ecolóxica e protección dos recursos naturais da provincia, planificando e implementando unha necesaria rexeneración ambiental do conxunto de espazos verdes e azuis do territorio, impulsando a conectividade ecolóxica e facilitando o deseño dunha paisaxe resiliente ante os efectos do cambio climático.

No marco desta liña de acción desenvolveranse actuacións en tres ámbitos:

- Actuacións en praias e espazos costeiros, nos que se fomentará a súa renaturalización, incrementando as dinámicas naturais e os servizos ecosistémicos. Lograrase así o deseño dunha paisaxe resiliente ante os efectos do cambio climático. Impulsarase, ademais, a integración das dinámicas marítimo-costeiras na trama urbana, o que garantirá o equilibrio entre a conservación e a mellora ecolóxica destes espazos litorais e o seu uso social. Así mesmo, neste ámbito promoveranse actuacións de recuperación, conservación e mellora ecolóxica dos ecosistemas dunares, altamente vulnerables aos efectos do cambio climático, e reduciranse posibles presións

antrópicas, e impulsarase a súa mellora ecolóxica antrópicas, e impulsarase a súa mellora ecolóxica.

- Actuacións para a mellora ecolóxica dos espazos fluviais da provincia, auténticos corredores ecolóxicos no territorio, mediante o reforzo da vexetación rupícola e o aumento do espazo fluvial, nos casos nos que sexa necesario. Isto incrementará a súa resiliencia ante os efectos do cambio climático, ademais de impulsar a inclusión das dinámicas fluviais na malla urbana, no caso dos tramos fluviais urbanos.
- Actuacións en áreas urbanas, nas que as áreas verdes e azuis poden verse afectadas por actividades antrópicas. Neste terceiro ámbito, impulsarase o incremento dos servizos ecosistémicos nos tecidos urbanos da provincia, e favorecerase a renaturalización das áreas urbanas, ademais de impulsar a creación de zonas resilientes ante os efectos do cambio climático mediante a inclusión de solucións baseadas na natureza.

Estas accións poderán incluír ou integrar actividades de comunicación e sensibilización, que favorezan a posta en valor dos espazos verdes e azuis da provincia.

A execución destas accións, que estarán aliñadas coas estratexias de infraestrutura verde e azul provincial ou, no seu caso, locais, poderán ser levadas a cabo de forma directa por parte da Deputación ou en colaboración cos municipios da provincia, co impulso da execución de proxectos a través da articulación de liñas de axuda.

Proxectos, programas e plans en curso

- Proxecto de divulgación, sensibilización e educación ambiental para favorecer a conservación do medio mariño
- Proxecto de divulgación, sensibilización e educación ambiental para a posta en valor do patrimonio natural e cultural da provincia
- Proxecto para a mellora do estado de conservación de hábitats costeiros, así como das especies de flora e fauna asociadas



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia e concellos da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

4. Protexer e valorizar o patrimonio e a paisaxe, e preservar o territorio fronte aos desastres naturais e os efectos do cambio climático

Obxectivo específico de AUPO 2030:

4.2. Conservar e valorizar os recursos naturais e culturais e as súas diversas capacidades produtivas



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo

3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española:

1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe

3.1. Adaptar o modelo territorial e urbano aos efectos do cambio climático e avanzar na súa prevención

3.3. Mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

1.2.2. Orzamento das actuacións previstas de mellora e/ou conservación do patrimonio natural e cultural, incluíndo as encamiña á mellora da conexión urbana-rural

3.1.2. Superficie de solo urbano na que se prevé realizar actuacións de mellora ou prevención de riscos naturais

3.3.2. Superficie de solo urbano na que se prevén realizar actuacións de mellora ou creación de zonas verdes e/ou espazos abertos baseados en modelos autóctonos e criterios bioclimáticos

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

4.2.1. Superficie de solo na que se realizarán actuacións orientadas á conservación, restauración ou protección de áreas verdes

4.2.2.

Conservación e valorización do patrimonio cultural como elemento de identidade e de desenvolvemento económico

A provincia de Pontevedra dispón dun vasto e diverso patrimonio cultural, tanto material como inmaterial, que constitúe un recurso valioso para os seus habitantes e un motor de oportunidades para o desenvolvemento económico local. Esta riqueza cultural maniféstase na súa historia, tradicións e monumentos, o que reforza o seu potencial como elemento estratéxico para dinamizar o territorio e fortalecer a súa identidade colectiva.

Esta liña de acción ten como obxectivo conservar e poñer en valor o patrimonio cultural da provincia de Pontevedra, recoñecendo a súa importancia non só como testemuño da identidade histórica e social das súas comunidades, senón tamén como un recurso clave para o desenvolvemento económico sostible. No marco desta liña poranse en marcha accións dirixidas á protección e conservación de monumentos, sitios arqueolóxicos, tradicións e manifestacións culturais, o que garantirá a súa preservación para as xeracións futuras. Ademais, promoverase a participación activa da poboación local na conservación da súa herdanza cultural para favorecer o vínculo entre identidade e territorio.

Doutra banda, impulsaranse iniciativas que aproveiten o potencial económico do patrimonio cultural como recurso

turístico e para a creación de novos empregos en sectores como a xestión do patrimonio, o turismo cultural e a artesanía local. O fomento de rutas culturais, eventos e actividades educativas, xunto cunha oferta de experiencias auténticas, atraerá tanto visitantes como investimentos, que dinamizarán a economía local de forma equilibrada e respectuosa co contorno.

Así, desde esta liña de acción promoverase a recuperación e a valorización do patrimonio arquitectónico, etnográfico e arqueolóxico da provincia mediante a rehabilitación de edificios e sitios históricos, que se transformarán en espazos para o uso cultural e comunitario. Estas infraestruturas serán aproveitadas como “contedores culturais” onde se desenvolverán diversas actividades, como recitais de ópera, concertos, representacións teatrais e outras manifestacións artísticas de cara a fomentar o acceso e o aproveitamento tanto da cidadanía local como de visitantes. Ademais, potenciarase o deseño e a implementación de rutas temáticas e visitas guiadas, que permitan descubrir diferentes aspectos da cultura e o patrimonio da provincia, co que se impulsará o seu coñecemento e valorización, á vez que se dinamiza a actividade turística e económica.

Proxectos, programas e plans en curso

- Proxectos de rehabilitación e posta en valor do parque edificado público da provincia con elevado valor patrimonial e arquitectónico (rehabilitación do edificio de Santa Clara, Museo Provincial de Pontevedra ou Teatro Cine Fraga)
- Proxecto de recuperación, difusión e posta en valor do patrimonio arqueolóxico da provincia de Pontevedra
- Organización de eventos culturais vinculados aos espazos e recursos patrimoniais da provincia para a súa posta en valor
- Programa de mellora patrimonial do castelo de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e as tecnoloxías de realidade virtual



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, concellos da provincia e entidades e axentes culturais da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

4. Protexer e valorizar o patrimonio e a paisaxe, e preservar o territorio fronte aos desastres naturais e os efectos do cambio climático

Obxectivo específico de AUPO 2030:

4.2. Conservar e valorizar os recursos naturais e culturais e as súas diversas capacidades produtivas



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo

OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe

7.2. Fomentar o turismo sostible e de calidade e os sectores clave da economía local



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

1.2.2. Orzamento das actuacións previstas de mellora e/ou conservación do patrimonio natural e cultural, incluíndo as encamiñadas á mellora da conexión urbana-rural

1.2.3. Superficie de edificios ou lugares pertencentes ao patrimonio cultural rehabilitados ou mellorados

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos de patrimonio cultural, natural e paisaxístico

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

4.2.2. Orzamento destinado a accións de conservación e posta en valor do patrimonio cultural da provincia

4.2.3.

Defensa do monte e xestión sostible dos recursos forestais

O territorio da provincia de Pontevedra conta cunha ampla porcentaxe do territorio ocupado por masas forestais, con potencial para consolidarse como áreas núcleo da futura estratexia de infraestrutura verde e azul da provincia, así como con capacidade para mellorar a adaptación do territorio aos efectos do cambio climático, coa mellora do seu comportamento ante posibles incendios, conformando espazos verdes multifuncionais.

A xestión sostible dos montes non só contribúe á economía local, senón que tamén desempeña un papel crucial na mitigación do cambio climático e a conservación da biodiversidade.

Ante este contexto, a presente liña de acción pretende impulsar unha xestión sostible e integrada destas áreas forestais da provincia e así conseguir, por unha banda, reducir a vulnerabilidade do territorio ante posibles desastres naturais, agravados polos efectos do cambio climático e, doutra banda, promover e potenciar unha economía circular ligada ás devanditas áreas forestais.

Así, no marco desta liña de acción identificaranse as áreas forestais de interese e valor, desenvolveranse actuacións orientadas a incentivar a substitución das masas forestais existentes de especies exóticas de carácter pirófito (eucaliptos, principalmente) por especies

autóctonas, en colaboración coas entidades locais e as comunidades de montes. Tamén se incluírán todo tipo de accións dirixidas a mellorar a eficacia na loita contra os incendios forestais.

Ademais, de acordo co establecido na liña de acción 4.2.1., poranse en marcha accións dirixidas a fomentar a biodiversidade autóctona, incrementar a conectividade ecolóxica entre as masas forestais e impulsar a planificación e a creación de bandas de protección antiincendios.

Complementariamente, desenvolveranse actuacións dirixidas a impulsar a xestión económica do monte, o que favorecerá os contornos forestais multifuncionais, produtivos e sostibles. Entre os recursos que poden explotarse de forma sostible atópanse a madeira e os produtos forestais non madeireiros como froitos silvestres, cogomelos e plantas medicinais, entre outros. A clave está en promover prácticas de manexo forestal que manteñan a biodiversidade, protexan os solos e as fontes de auga, e respecten os ciclos naturais dos ecosistemas. Para iso, en colaboración coas comunidades de montes, desenvolveranse accións de carácter formativo e de sensibilización da poboación e apoiaranse as iniciativas emprendedoras vinculadas á xestión sostible dos recursos forestais.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de prevención e loita contra incendios forestais: dotación de equipos aos municipios da provincia.



Prioridade: alta
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, concellos da provincia e comunidades de montes veciñais en man común da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

4. Protexer e valorizar o patrimonio e a paisaxe, e preservar o territorio fronte aos desastres naturais e os efectos do cambio climático

Obxectivo específico de AUPO 2030:

4.2. Conservar e valorizar os recursos naturais e culturais e as súas diversas capacidades produtivas



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia.

4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular.

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

3.1. Adaptar o modelo territorial e urbano aos efectos do cambio climático e avanzar na súa prevención

4.3. Fomentar o ciclo dos materiais



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

3.1.1. Dispónse dalgún plan ou estratexia para a adaptación ao cambio climático e a prevención fronte aos riscos naturais?

4.3.1. Incorporáronse criterios na xestión urbana encamiñados a fomentar o ciclo sostible dos materiais e recursos no marco da economía circular?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

4.2.3.a. Numero de plans, programas ou proxectos para a defensa e xestión sostible da provincia financiados pola Deputación de Pontevedra

4.2.3.b. Superficie de áreas forestais cubertas por especies autóctonas

DIMENSIÓN 5

Calidade de vida, accesibilidade e igualdade

Obxectivo 5. Fomentar a calidade, a seguridade e a accesibilidade do espazo público nos distintos núcleos da provincia e facilitar o incremento da oferta de vivenda accesible, en especial nas zonas rurais, para colectivos de xente nova e persoas en risco de exclusión, así como novas formas de comunidade para maiores

Obxectivo específico 5.1.

Mellorar a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos nos municipios da provincia

Liñas de acción

5.1.1.

Creación de espazos públicos accesibles para uso cidadán e mellora da calidade urbana

5.1.1.

Creación de espazos públicos accesibles para uso cidadán e mellora da calidade urbana

Os espazos públicos accesibles son fundamentais para o benestar social, a cohesión comunitaria e a vitalidade urbana. Contribúen significativamente á saúde física e mental da cidadanía, fomentan a equidade social e melloran a resiliencia urbana fronte a desafíos como o cambio climático.

Son varios os núcleos da provincia de Pontevedra que, ou ben adoecen de escaseza de espazos públicos, ou ben contan con espazos de baixa calidade, con carencias evidentes en relación á accesibilidade, a seguridade, a confortabilidade ou a conectividade.

Neste contexto, a través da presente liña de acción preténdese impulsar o desenvolvemento e a revitalización de espazos públicos urbanos inclusivos, seguros e de alta calidade, que fomenten a interacción social, melloren a calidade de vida urbana e promovan a accesibilidade universal para toda a cidadanía.

Para iso, poranse en marcha unha serie de medidas orientadas a consolidar núcleos de centralidade ou que permitan ligar os equipamentos e os servizos existentes mediante itinerarios peonís accesibles que fomenten o uso destes espazos de coexistencia.

Estes espazos urbanos de convivencia ou núcleos de centralidade favorecerán a vida de barrio, a actividade e o lecer, o que mellorará a calidade de vida, a integración

e a cohesión social.

Tamén se incluírán actuacións orientadas a unha redistribución da rede viaria urbana para incrementar o espazo destinado á cidadanía e impulsarse a posta en marcha de proxectos enfocados á recuperación, mellora, urbanización e reurbanización de espazos públicos. Preténdese mellorar a súa calidade urbana, con intervencións que inclúan a mellora da seguridade e o confort, a implantación da iluminación adecuada, mobiliario urbano ergonómico e adaptado e a creación de zonas de sombra e protección fronte ás inclemencias do clima.

Por último, nas intervencións no espazo público promoveranse accións como a integración de elementos naturais e áreas verdes, sistemas de drenaxe sostible e pavimentos sostibles permeables, que permitan a filtración da auga de choiva á terra, entre outras, que contribuirán á adaptación das cidades ao cambio climático e reducirán o efecto de illa de calor propia das áreas urbanas.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de financiamento de proxectos municipais de mellora da calidade do espazo público e recuperación de espazos peonís para a cidadanía que anteriormente estaban ocupados polo vehículo
- Proxectos de recuperación, mellora, urbanización ou reurbanización de espazos públicos para favorecer o uso plural e a estancia da cidadanía



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia e cidadanía en xeral



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

5. Fomentar a calidade, a seguridade e a accesibilidade do espazo público nos distintos núcleos da provincia e facilitar o incremento da oferta de vivenda accesible, en especial nas zonas rurais, para colectivos de xente nova e persoas en risco de exclusión, así como novas formas de comunidade para maiores

Obxectivo específico da AUPO 2030:

5.1. Mellorar a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos nos municipios da provincia



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española.

2.3 Garantir a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

2.3.1. Dispónse dun plan de mellora do espazo público, que identifique os problemas e programe actuacións para garantir a accesibilidade universal e a redución do ruído?

2.3.2. Superficie de solo destinado a espazos públicos urbanizados, sobre os que se van realizar actuacións de mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas


Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

5.1.1. Superficie de solo suxeita a actuacións de mellora do espazo público e a calidade urbana

Obxectivo específico 5.2.

Recuperar o atractivo do rural como lugar para vivir

Liñas de acción





5.2.1.

Rexeneración e activación dos espazos públicos rurais

No ámbito rural, as relacións persoais son un papel fundamental para a conservación das dinámicas sociais. En Galicia e, concretamente, na provincia de Pontevedra existen gran cantidade de núcleos rurais de diversas características. A estrutura destes núcleos, en moitas ocasións, xira ao redor de certos espazos públicos centrais, que funcionan como lugares de reunión, relación e actividade para a poboación rural.

Na actualidade, moitos destes núcleos rurais perderon a súa condición de relación co traballo da terra e distribúense como unha agrupación de vivendas unifamiliares sen relación entre elas nin co seu territorio circundante. Os espazos públicos destes núcleos rurais presentan carencias, como puntos de encontro e dinamización comunitaria, e a súa revitalización é clave para reforzar a cohesión social e fomentar a participación cidadá na vida comunitaria do rural.

A través desta liña de acción búscase activar estes espazos a través de intervencións orientadas a crear oportunidades de interacción social, lecer e participación cidadá, e devolverlles a estes lugares a súa condición de centros de actividade comunitaria. Para iso buscarase dotalos de infraestruturas flexibles e multifuncionais que permitan acoller gran variedade de actividades socioculturais, deportivas e recreativas para a comunidade rural.

Estas actuacións fomentarán o encontro entre diferentes xeracións e activarán a vida no rural a través do reforzo da identidade local.

Levaranse a cabo accións de rexeneración e mellora paisaxística destes lugares para conseguir a súa integración no núcleo rural a través de obras de renovación e mellora da calidade destes espazos públicos. As actuacións irán encamiñadas a poñer en valor estes lugares mediante a súa dignificación arquitectónica con obras singulares que doten os núcleos rurais de puntos de referencia atractivos e adecuados para o seu uso.

Estas obras de rexeneración implicarán o aumento da calidade de uso e flexibilidade dos espazos públicos, e permitirán que se desenvolvan neles actividades diversas que abarquen toda a poboación, o que favorecerá a interacción entre xente nova e maiores. Isto permitirá fortalecer os lazos entre os diferentes grupos da comunidade rural.

A mellora destes espazos contribuirá a reforzar o sentido de pertenza e cohesión social nos núcleos rurais, favorecerá a permanencia da poboación residente e, mesmo, fomentará a atracción de novas familias a estes lugares rurais da provincia de Pontevedra.

Proxectos, programas e plans en curso

- Plan provincial de obras e servizos estratéxicos de competencia municipal



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra en colaboración cos concellos da provincia e os principais axentes sociais



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

5. Fomentar a calidade, a seguridade e a accesibilidade do espazo público nos distintos núcleos da provincia e facilitar o incremento da oferta de vivenda accesible, en especial nas zonas rurais, para colectivos de xente nova e persoas en risco de exclusión, así como novas formas de comunidade para maiores

Obxectivo específico da AUPO 2030:

5.2. Recuperar o atractivo do rural como lugar para vivir



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE2 Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española

2.3. Mellorar a calidade e a accesibilidade universal dos espazos públicos

2.4. Mellorar o medio natural urbano e reducir a contaminación



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

2.3.2. Superficie de solo destinado a espazos públicos urbanizados, sobre os que se van realizar actuacións de mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas

2.4.3. Superficie de solo urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

5.2.1. Superficie de solo suxeito a actuacións de mellora da calidade do espazo en núcleos rurais

Obxectivo específico 5.3.

Aumentar a dispoñibilidade de vivendas e solucións habitacionais para xente nova, maiores e persoas en risco de exclusión

Liñas de acción

5.3.1.

Rehabilitación de vivendas abandonadas nos núcleos máis rurais da provincia

5.3.2.

Impulso das vivendas comunitarias para persoas maiores



5.3.1.

Rehabilitación de vivendas abandonadas nos núcleos máis rurais da provincia

O acceso a unha vivenda digna e alcanzable ten un impacto significativo na calidade de vida das persoas e o benestar da sociedade en xeral. Na provincia de Pontevedra, do mesmo xeito que noutras provincias e rexións españolas, a situación da mocidade e con menos recursos para acceder á vivenda é complicada. Os altos prezos de alugueiro e compra, combinados con salarios baixos e emprego precario, dificultan enormemente o acceso.

Á súa vez, a provincia de Pontevedra non escapa ao fenómeno de concentración da poboación no contorno das áreas urbanas e o despoboamento do rural.

A perda de poboación, maioritariamente nova, nos núcleos rurais está vinculada á escasa capacidade destas áreas para reter esta poboación debido a unha débil estrutura produtiva e unha escasa oferta habitacional, cun parque edificado envellecido e pouco adaptado ás necesidades da mocidade ou novos núcleos familiares. O obxectivo desta liña de acción será incrementar a dispoñibilidade de vivendas e facilitar opcións habitacionais alcanzables en núcleos rurais da provincia para a xuventude e outros grupos con dificultades de acceso a este ben.

Neste sentido, desde a Deputación de Pontevedra, e en colaboración cos concellos da provincia, impulsarase o

desenvolvemento de programas que fomenten a rehabilitación de vivendas abandonadas nos núcleos rurais, co fin de incrementar a oferta de opcións habitacionais nestas áreas da provincia.

Deste xeito, impulsarase a necesaria rexeneración do parque edificado da provincia, especialmente o máis envellecido, para mellorar a súa calidade arquitectónica, así como a súa eficiencia enerxética. Isto reducirá o seu consumo e, por tanto, as emisións de gases de efecto invernadoiro, á vez que se mellora a accesibilidade nas vivendas.

Estas medidas contribuirán a dar resposta ao reto demográfico, pois axudarán a paliar o despoboamento nas áreas rurais, a fixar poboación xuvenil e a atraer nova poboación, ademais de favorecer o impulso económico nestes contornos rurais, xerando emprego e actividade económica.

Complementariamente, a rehabilitación do parque residencial terá un impacto altamente positivo na paisaxe e incrementará a calidade do espazo público. Ademais, o feito de impulsar unha compactidade ou maior densidade de poboación nestas contornas posibilitará unha oferta de servizos maior e máis eficiente.



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, concellos da provincia, entidades do terceiro sector no medio rural e comunidades de persoas propietarias e iniciativa privada



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

5. Fomentar a calidade, a seguridade e a accesibilidade do espazo público nos distintos núcleos da provincia e facilitar o incremento da oferta de vivenda accesible, en especial nas zonas rurais, para colectivos de xente nova e persoas en risco de exclusión, así como novas formas de comunidade para maiores

Obxectivo específico da AUPO 2030:

5.3. Aumentar a dispoñibilidade de vivendas e solucións habitacionais para xente nova, maiores e persoas en risco de exclusión



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente
OE8. Garantir o acceso á vivenda

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

2.6. Mellorar a calidade e a sostibilidade dos edificios
8.2. Garantir o acceso á vivenda, especialmente dos colectivos máis vulnerables



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

2.6.1. Dispónse dalgún plan de rehabilitación dos edificios que realice un diagnóstico da súa situación e estableza prioridades e actuacións para impulsar a súa mellora?

2.6.3. Número de vivendas suxeitas a actuacións de rehabilitación

8.2.2. Número de persoas beneficiarias dos programas incluídos en plans públicos de vivenda

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

5.3.1. Número de vivendas situadas en núcleos rurais suxeitas a actuacións de rehabilitación

5.3.2.

Impulso das vivendas comunitarias para persoas maiores

A provincia de Pontevedra evidencia un progresivo envellecemento poboacional, que se manifesta de maneira máis acentuada nos núcleos rurais, feito que a miúdo supón un incremento das necesidades sociosanitarias da poboación máis envellecida. Complementariamente, xorde a necesidade de dar resposta ao illamento e a soidade non desexada, principais problemáticas asociadas ao envellecemento e á dispersión da poboación. En termos de vivenda, unha poboación máis envellecida, a miúdo condicionada por limitacións físicas e de mobilidade, implica a necesidade dun parque edificado diverso e adaptado á demandas e necesidades desta poboación de maior idade.

Ante este contexto, esta liña de acción ten como obxectivo ampliar a oferta de opcións residenciais para persoas maiores, impulsando experiencias de *cohousing* ou vivendas comunitarias (tanto nas áreas urbanas como en núcleos rurais) que ofrezan unha opción habitacional a persoas maiores para que poidan vivir de maneira autónoma, pero con apoio mutuo.

Deste xeito, as vivendas comunitarias son unha opción residencial e de convivencia para as persoas maiores na que residentes viven en comunidades deseñadas para fomentar a independencia e a creación de redes de apoio. Esta tipoloxía de vivenda permítelle á poboación de maior idade manter a súa autonomía e contar cun contorno social próximo, o que mellorará a súa calidade de vida.

Isto permitirá darlles resposta aos actuais retos de illamento e soidade non desexada, principais problemáticas vinculadas ao envellecemento, e incrementar a cohesión social.

Así mesmo, estas tipoloxías habitacionais nas áreas rurais non só ofrecen unha modalidade alternativa de vivenda a persoas maiores con apoio próximo, senón que tamén contribúen a revitalizar as zonas rurais onde se implanten estas vivendas colaborativas, o que permitirá que moitas persoas poidan pasar a súa vellez no seu contorno, así como atraer nova poboación sénior e xerar actividade económica.

No marco desta liña, desde a Deputación de Pontevedra asistírase e apoiárase aos municipios interesados no desenvolvemento das medidas necesarias para impulsar estes proxectos residenciais, especialmente os de menor tamaño, así como o asesoramento técnico ás entidades que desexen participar nestes programas.

Complementariamente, desde a Deputación de Pontevedra, e a través desta liña de acción, poranse en marcha accións de promoción e difusión destas solucións habitacionais, así como dos aspectos técnicos vinculados ao seu desenvolvemento.

Esta liña de acción contribuirá tamén a incrementar o acceso da cidadanía a dotacións e servizos, e evitará a dispersión da poboación, creando sinerxías coas liñas de acción 2.2.3 e 2.2.1, orientadas a mellorar a calidade de vida de todas as persoas, tendo en conta a idade e o xénero.



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, concellos afectados, iniciativa privada e entidades sociais cuxo ámbito estea centrado no coidado das persoas maiores



Obxectivo estratéxico da AUP0 2030:

5. Fomentar a calidade, a seguridade e a accesibilidade do espazo público nos distintos núcleos da provincia e facilitar o incremento da oferta de vivenda accesible, en especial nas zonas rurais, para colectivos de xente nova e persoas en risco de exclusión, así como novas formas de comunidade para maiores

Obxectivo específico da AUP0 2030:

5.3. Aumentar a dispoñibilidade de vivendas e solucións habitacionais para xente nova, maiores e persoas en risco de exclusión



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

OE 8. Garantir o acceso á vivenda

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

8.2. Garantir o acceso á vivenda, especialmente dos colectivos máis vulnerables



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

8.2.1. Dispónse dun plan de axudas para garantir o acceso á vivenda por parte dos fogares e colectivos máis vulnerables, cunha particular atención a xente nova, maiores e afectados por procesos de desafiuamento?

Indicadores de seguimento da AUP0 2030:

5.3.2. Dispónse dun plan, estratexia ou proxectos para a promoción, información e asesoramento na creación de vivendas comunitarias na provincia?


DIMENSIÓN 6

Metabolismo territorial circular

Obxectivo 6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos

Obxectivo específico 6.1.

Reducir o consumo enerxético e fomentar o uso de enerxías renovables



6.1.1.

Edificios e infraestruturas públicas máis eficientes enerxeticamente

O parque edificatorio da provincia de Pontevedra é, en xeral, de construción relativamente nova. A maior parte dos municipios da provincia conta con porcentaxes baixas de inmobles, tanto públicos como privados, cunha antigüidade anterior ao ano 2000.

Con todo, a pesar de que a construción é relativamente recente, as técnicas construtivas da primeira década do século XXI e anteriores non primaban os criterios de eficiencia enerxética, polo que o consumo eléctrico e doutras fontes de enerxía fósiles nos edificios públicos presenta, na actualidade, unha marxe de mellora alta.

Por outra banda, a iluminación pública representa unha porcentaxe moi elevada do consumo total de enerxía nos municipios.

Neste sentido, reducir os consumos e mellorar a eficiencia enerxética dos edificios e infraestruturas públicas é o obxectivo desta liña de acción. No marco desta despregaranse unha serie de actuacións, plans e programas destinados, por unha banda, á rehabilitación enerxética dos edificios públicos, tanto da propia Deputación como dos municipios da provincia, incluíndo a substitución de luminarias, a mellora das envolventes e o illamento de fachadas, a substitución e a implantación de sistemas de xeración de calor e frío que se alimenten de fontes de enerxía renovables e a implantación de solucións tecnolóxicas que

faciliten o control e o aforro nos consumos.

Doutra banda, implantaranse actuacións de substitución da iluminación pública por luminarias máis eficientes, tanto nas vías públicas como na iluminación ornamental, o específico de vixilancia e seguridade nocturna, o dos sinais e anuncios luminosos e a iluminación festiva e do Nadal. Estas actuacións acompañaranse doutras medidas, como a substitución de cadros eléctricos ou a implantación de medidas de iluminación *smart*, que contribuirán tamén a reducir o consumo.

En ambos os tipos de actuacións será necesario contar cun certificado enerxético previo á intervención e posterior que acredite o aforro. No caso dos edificios e os equipamentos públicos deberase garantir a mellora de, polo menos, unha letra na escala de cualificación enerxética. No caso das infraestruturas e a iluminación públicas deberase acreditar un aforro de, polo menos, o 30 % no consumo enerxético.

Ambos os tipos de actuacións contribuirán ademais a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen nos municipios da provincia e por parte do propio ente provincial. Desenvolver accións orientadas a coñecer a pegada de carbono que se produce en edificios e infraestruturas públicas contribuirá a evidenciar a necesidade de intervención.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de redución do consumo enerxético en infraestruturas, edificios e equipamentos públicos
- Programa de mellora da eficiencia enerxética na iluminación municipal
- Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia e IDAE.



Obxectivo estratéxico da AUP0 2030:

6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos

Obxectivo específico da AUP0 2030:

6.1. Reducir o consumo enerxético e fomentar o uso de enerxías renovables



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española OE4

Xestión sostible dos recursos e economía circular

Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española

4.1. Ser máis eficientes enerxeticamente e aforrar enerxía



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

4.1.2. Consumo de enerxía pola edificación, infraestruturas e servizos públicos

Indicadores de seguimento da AUP0 2030:

6.1.1. Número de edificios públicos suxeitos a actuacións de mellora da eficiencia enerxética

6.1.2.

Impulso das comunidades enerxéticas locais

Co fin de reducir o consumo enerxético e favorecer o uso de enerxías renovables, no marco desta liña de acción promóvese o desenvolvemento de proxectos de xeración local de enerxía renovable a través da constitución de comunidades enerxéticas en distintos concellos da provincia.

As comunidades enerxéticas son entidades participativas que producen e xestionan enerxías renovables que poden levar a cabo diversas actividades como producir, consumir, almacenar ou compartir enerxía.

As comunidades enerxéticas locais constitúense principalmente para promover un modelo de produción, distribución e consumo de enerxía que sexa máis sostible, participativo e beneficioso para as comunidades locais. Coa súa implantación búscase non só transformar a maneira na que se produce e consome a enerxía nas localidades ou municipios onde se implanten, senón tamén crear un impacto positivo tanto no plano social como económico e ambiental nos devanditos municipios. Ao xerar e xestionar a súa propia enerxía, as comunidades locais aumentan a súa autosuficiencia e resiliencia ante posibles interrupcións da subministración enerxética, ademais de xerar beneficios económicos directos para estas localidades.

A actual Oficina de Transformación Comunitaria da provincia de Pontevedra permite fomentar e impulsar o desenvolvemento de comunidades enerxéticas en todas as comarcas da provincia, alcanzando tanto núcleos urbanos e rurais como industriais. A prioridade da Oficina de Transformación Comunitaria é fomentar o despregamento das comunidades enerxéticas no rural da provincia, especialmente nos municipios máis afectados polo fenómeno do despoboamento e de menor tamaño, aínda que o ámbito de actuación abarca todos os municipios da provincia de menos de 50 000 habitantes. A Oficina de Transformación comunitaria da provincia de Pontevedra centrará o seu labor na difusión, asesoramento técnico, legal e económico, formación e acompañamento na creación das citadas comunidades enerxéticas.

Proxectos, programas e plans en curso

- Oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra
- Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación co ODS 7 e as comunidades locais de enerxía.



Prioridade: alta
Prazo: curto-medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, empresas e axentes da iniciativa privada



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:
6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos
Obxectivo específico da AUPO 2030:
6.1. Reducir o consumo enerxético e fomentar o uso de enerxías renovables



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española
OE4 Xestión sostible dos recursos e economía circular
Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española
4.1. Ser máis eficientes enerxeticamente e aforrar enerxía





Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:
4.1.1. Dispónse dalgún plan ou estratexia de acción para a enerxía sostible (PAES) ou instrumento equivalente que estableza obxectivos locais neste ámbito?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:
6.1.2. Número de entidades locais nas que se realizaron accións de difusión, asesoramento, formación e acompañamento na creación de comunidades enerxéticas locais.

Obxectivo específico 6.2.

Promover a eficiencia no consumo de auga e mellorar a súa distribución e saneamento





6.2.1.

Redes eficientes de abastecemento e distribución de auga en todos os municipios

O abastecemento de auga potable aos domicilios é un servizo básico que todos os concellos teñen obriga de prestar. En todo caso, as comunidades de usuarios de auga, poderán prestar auxilio e colaboración ás entidades locais nesta xestión dadas por exemplo a orografía do territorio e a dispersión dos emplazamentos dos núcleos de vivenda.

Na provincia de Pontevedra existe un certo desequilibrio na dotación de servizos de abastecemento de auga potable, así como certas deficiencias na devandita rede. Neste sentido, obsérvase unha densa rede de abastecemento nas zonas do litoral onde se produce a concentración poblacional ao redor da rexión urbana (Pontevedra-Vigo) e unha leve e descontinua rede nos municipios do interior.

A través desta liña de acción preténdese, da man da Xunta de Galicia, os municipios da provincia e as comunidades de usuarios de auga, contribuír a garantir as necesidades actuais e futuras de abastecemento de auga potable a todos os núcleos de poboación e a subministración de auga de calidade para consumo humano nas zonas que, por causa da seca, por carecer de sistemas adecuados e/ou pola deterioración das redes, se atopen en situacións de emerxencia, c arestía ou ineficiencia na prestación do servizo.

Para iso, no marco desta liña de acción, poranse en marcha actuacións que incluírán a auditoría do estado dos sistemas de abastecemento dos municipios de menor tamaño para estudar as súas necesidades e o desenvolvemento de plans de acción que inclúan as actuacións que se deben levar a cabo nas redes de abastecemento para garantir a súa suficiencia e a eficiencia.

Ademais, levarase a cabo a implantación das medidas contempladas nos devanditos plans, xa sexa de maneira directa pola Deputación provincial ou a través de subvencións aos municipios afectados ou ás comunidades de persoas usuarias.

Ademais, incluírase calquera outra medida orientada á mellora da calidade da auga e do estado das instalacións de captación, potabilización, tratamento e almacenamento da auga.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de axudas a comunidades de persoas usuarias de augas da provincia para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización, abastecemento e almacenamento de augas de consumo



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, concellos da provincia afectados e comunidades de usuarios de augas da provincia



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:
6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos
Obxectivo específico da AUPO 2030:
6.2. Promover a eficiencia no consumo de auga e mellorar a súa distribución e saneamento



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española
OE4 Xestión sostible dos recursos e economía circular
Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española
4.1. Ser máis eficientes enerxeticamente e aforrar enerxía



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:
4.2.1. Dispónse dalgún plan de xestión sostible da auga ou instrumento equivalente que permita avanzar na sostibilidade e eficiencia dos recursos hídricos da cidade?
4.2.2. Porcentaxe de autosuficiencia hídrica

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:
6.2.1.a. Lonxitude de instalacións de abastecemento e distribución de auga creadas ou melloradas
6.2.1.b. Número de instalacións de captación, potabilización, tratamento e almacenamento suxeitas a accións de mellora

6.2.2.

Infraestruturas de saneamento de auga eficientes

A configuración territorial da provincia de Pontevedra caracterízase por unha notable diversidade paisaxística e unha marcada influencia costeira. Esta configuración distínguese polo seu litoral recortado, onde destacan as rías, que influíron na distribución da poboación, concentrándose ao longo da costa e ao redor da rexión urbana Vigo-Pontevedra. No interior, a provincia presenta un relevo máis accidentado, con serras como a do Suído e a do Monte Faro, entre outras. As áreas rurais do interior están menos poboadas, cun patrón de asentamento disperso, característico de Galicia.

Como resultado da estrutura de asentamento descrita, produciuse un desequilibrio na dotación de infraestruturas de saneamento que se evidencia na disparidade de investimento e desenvolvemento destas entre as áreas do litoral e os municipios e zonas do interior onde, como consecuencia dunha maior dispersión, a dotación das citadas infraestruturas é máis deficiente. Nos municipios da provincia con maior dispersión poboacional é relevante aínda o número de vivendas que non dispoñen dun sistema de depuración de augas residuais e tampouco poden acceder á rede de rede de sumidoiros.

A misión dunha rede de saneamento é conducir as augas residuais ás estacións depuradoras onde se realiza un tratamento para poder devolvelas ao medio nas mellores

condicións de hixiene posibles. A maior parte das redes de saneamento que hai no territorio provincial son redes unitarias, que non separan as augas fecais das pluviais, o que dificulta o tratamento posterior de depuración, facéndoo menos eficiente.

A través da presente liña de acción, a Deputación de Pontevedra pretende contribuír á ampliación da rede de saneamento na provincia, colaborando cos municipios con menos recursos e capacidade de xestión en implantación deste servizo mínimo para darlle cobertura ao maior número posible de vivendas e equipamentos. Así mesmo, a Deputación colaborará cos citados municipios para garantir a progresiva substitución das redes unitarias por redes separativas, que resultan moito máis eficientes, xa que separan as augas fecais das pluviais.

Para iso, prevese a realización dunha auditoría da dotación actual de servizos de saneamento nos municipios da provincia de menos de 50 000 habitantes e o estado das redes que permitirá detectar as necesidades deste. Unha vez que se identifiquen estas necesidades poderanse levar a cabo actuacións para a súa ampliación, mellora e correcto dimensionamento para que os parámetros de efluentes entren en tolerancia.



Prioridade: alta
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra e concellos da provincia afectados



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos

Obxectivo específico da AUPO 2030:

6.2. Promover a eficiencia no consumo de auga e mellorar a súa distribución e saneamento



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE4 Xestión sostible dos recursos e economía circular

Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española

4.1. Ser máis eficientes enerxeticamente e aforrar enerxía



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

4.2.1. Disponse dalgún plan de xestión sostible da auga ou instrumento equivalente que permita avanzar na sostibilidade e eficiencia dos recursos hídricos da cidade?

4.2.2. Porcentaxe de autosuficiencia hídrica

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

6.2.2.a. Lonxitude de instalacións de saneamento creadas ou melloradas

6.2.2.b. Número de auditorías realizadas ás instalacións de saneamento dos municipios

Obxectivo específico 6.3.

Impulsar a xestión eficiente dos residuos e favorecer a súa reutilización





6.3.1.

Separación en orixe dos residuos e recollida comercial en orixe

A AUPO 2030 ten entre os seus retos xestionar de forma eficiente os recursos e reducir a xeración de residuos. Neste sentido, as entidades locais teñen a obriga de xestionar os servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e residuos producidos por servizos e industrias e que non proveñen directamente da súa actividade principal.

A separación en orixe dos residuos domésticos e comerciais é clave para o impulsar unha xestión sostible destes e minimizar o impacto ambiental. Esta práctica facilita a recuperación eficiente de materiais reciclables, a redución do volume de residuos en vertedoiros, a produción de compost a partir de residuos orgánicos e a diminución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

A maior parte dos municipios da provincia realizou avances notables na separación en orixe de papel e cartón, envases e vidro. Con todo, continúa sendo necesario incrementar a recollida reparativa e a reciclaxe xa que, actualmente, a fracción resto supón máis da metade do total de residuos.

Para abordar os retos referidos, a presente liña de acción propón impulsar unha serie de actuacións dirixidas a minimizar a súa produción e facer máis sostible a súa xestión, facilitando e impulsando a separación en orixe e valorizando os biorresiduos.

Concretamente, desde a Deputación de Pontevedra impulsaranse, en colaboración coa rede de municipios da provincia, accións e programas de asesoramento dirixidas

ao persoal técnico e político da provincia.

Así mesmo, impulsarase a posta en marcha de medidas de apoio aos concellos da provincia, co fin de garantir a recollida separada de residuos para progresar nos obxectivos fixados pola UE, coa mellora dos puntos de recollida selectiva, tanto en áreas urbanas como rurais da provincia. Por outra banda, a Lei 7/2022 do 8 de abril establece a obriga ás empresas xeradoras de residuos comerciais de xestionar adecuadamente estes e de asumir ademais os custos da devandita xestión. Desde a Deputación de Pontevedra apoiarase os municipios da provincia no labor de inspección aos locais comerciais para garantir o cumprimento da normativa vixente.

Así mesmo, a obriga que establece a Lei 7/2022 do 8 de abril en relación coa separación de residuos en orixe suporá un incremento da recollida selectiva, que mellorará a calidade dos produtos reciclables e diminuirá os custos de xestión de residuos ás entidades locais, derivados dos ingresos procedentes dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor. Neste sentido, desde a Deputación de Pontevedra darase asesoramento e apoio aos concellos da provincia para a implementación desta norma.

Para avaliar os avances levados a cabo en materia de xestión de residuos, desde esta liña de acción impulsarase tamén o seu correcto seguimento e avaliación, fixando indicadores, metas e obxectivos, para favorecer a cuantificación e a avaliación dos avances realizados.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de financiamento da adquisición e posta en funcionamento do material necesario para dar cumprimento ás obrigas e obxectivos da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- Servizo de apoio a concellos de menos de 50 000 habitantes para a inspección de actividades comerciais co fin de aplicar as disposicións da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- Apoio aos concellos na definición de criterios para a cuantificación das taxas de residuos aplicables ás vivendas e actividades comerciais, que reflectan o custo real das operacións de recollida, xestión e tratamento, tal como esixe a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia e axentes da iniciativa privada



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

OE6. Reducir a demanda de recursos (auga, enerxía e residuos), a través dunha xestión eficiente e reducir así a xeración de residuos, mediante a súa reutilización

Obxectivo específico da AUPO 2030:

6.3. Impulsar a xestión eficiente dos residuos e favorecer a súa reutilización



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

4.3. Fomentar o ciclo dos materiais

4.4. Reducir os residuos e favorecer a súa reciclaxe



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

4.3.1. Incorporáronse criterios na xestión urbana encamiñados a fomentar o ciclo sostible dos materiais e recursos no marco da economía circular?

4.4.1. Dispónse de plans de xestión de residuos, ou equivalentes, co obxectivo de aumentar a porcentaxe de recollida selectiva e a reciclaxe?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

6.3.1.a. Número de accións de sensibilización e comunicación en materia de reciclaxe e compostaxe

6.3.1.b. Número de municipios aos que se lles deu apoio para garantir a recollida selectiva de residuos

6.3.2.

Experiencias de compostaxe domiciliaria, comercial e industrial

A Deputación de Pontevedra estivo traballado en proxectos de xestión de residuos orgánicos municipais (biorresiduos) co obxectivo de transformalos nun recurso valioso a través da compostaxe.

A Deputación colabora con diferentes concellos para a implantación de programas de compostaxe local con diversas modalidades que van desde a compostaxe individual á compostaxe comunitaria e á compostaxe a nivel comarcal.

Nesta liña de acción propónse consolidar e ampliar o alcance dos distintos programas de compostaxe existentes na provincia, para reforzar a separación en orixe, reducir a cantidade de residuos que terminan en vertedoiros e xerar un fertilizante natural que mellora a calidade do solo: o compost.

Para avanzar neste obxectivo, a Deputación ofrecerá servizos de apoio aos municipios da provincia para a realización de estudos técnicos e propostas de xestión de residuos que lles axuden a realizar estas prácticas de maneira efectiva e viable economicamente.

Na actualidade existen pequenas plantas de compostaxe

comarcal, pensadas para xestionar os residuos orgánicos. Estas plantas de compostaxe poderanse mellorar a través da implantación de sistemas de telexestión que acheguen datos en remoto e permitan un seguimento constante da planta.

Ademais, a Deputación de Pontevedra conta cun proxecto piloto de agrocompostaxe, coa colaboración de dúas adegas da provincia, para a creación de dúas plantas de compostaxe, de pequeno tamaño, que xestionen os residuos derivados da produción vitivinícola, xunto con biorresiduos recollidos de forma selectiva en municipios próximos, para convertelos en fertilizante natural que poderán reutilizar nos seus propios cultivos. Este proxecto poderase ampliar a outras adegas ou industrias do sector primario para fomentar a reutilización e avanzar cara ao obxectivo de residuos cero.

O obxectivo desta liña é trazar o camiño para reducir, a través de experiencias locais de compostaxe, o impacto ambiental da xestión de residuos e crear, a partir dos residuos orgánicos, un novo produto, o compost, un recurso valioso que pode utilizarse para mellorar a fertilidade do solo de maneira natural.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de compostaxe local para a xestión dos biorresiduos a través da compostaxe doméstica e comunitaria
- Proxectos piloto de agrocompostaxe en colaboración con adegas da provincia: posta en marcha de dúas plantas de transformación dos residuos orgánicos xerados nas actividades vitivinícolas, xunto con biorresiduos de orixe doméstica, en compost de alta calidade



Prioridade: media
Prazo: medio prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra en colaboración cos concellos da provincia e os principais axentes de carácter privado vinculados coa liña de acción



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos

Obxectivo específico da AUPO 2030:

6.3. Impulsar a xestión eficiente dos residuos e favorecer a súa reutilización



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE4 Xestión sostible dos recursos e economía circular

Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española

4.4. Reducir os residuos e favorecer a súa reciclaxe



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

4.4.1. Dispóñense de plans de xestión de residuos, ou equivalentes, co obxectivo de aumentar a porcentaxe de recollida selectiva e reciclaxe?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

6.3.2. Número de plantas de compostaxe creadas ou suxeitas a accións de mellora

6.3.3.

Programas de información, formación e comunicación para a xestión sostible dos residuos nos sectores produtivos

Nos sectores agrario e comercial apréciase unha certa falta de capacitación no ámbito da xestión sostible dos residuos. Esta necesidade de formación foi parcialmente cuberta coa posta en marcha dunha serie de proxectos cuxo obxectivo vai desde a capacitación ás cooperativas da provincia en materia de agricultura rexenerativa ata a creación de obradoiros e actividades formativas dirixidas ás persoas comerciantes dos municipios da provincia de menor tamaño para a implantación de medidas nos seus establecementos que favorezan a economía circular.

Para darlles continuidade a estas necesidades existentes, a Deputación de Pontevedra poderá levar a cabo accións, en colaboración co sector privado da provincia, para a información e a formación, tamén en termos de normativa, sobre a xestión de residuos dirixida tanto ao sector da agricultura como ao comercial, para informar das novas obrigas e a súa aplicación nos diferentes sectores.

Nesta liña, tamén se poderán realizar accións para o fomento do uso das tecnoloxías da información na xestión de residuos. No sector agrícola poderanse implantar sensores ou drones nas plantacións que permitan facer un seguimento dos cultivos e minimizar os desperdicios. Pola súa banda, no ámbito comercial, a implementación dun software de xestión de inventario pode tamén contribuír á redución de

residuos, sobre todo, nos comercios con produtos perecedoiros.

A creación dunha rede de aprendizaxe arredor da economía circular pode promover a implantación de prácticas sostibles relacionadas con esta no sector agrario e comercial, relacionando diversas empresas que poidan complementar as súas accións e traballar de maneira colaborativa no avance cara a unha xestión sostible dos recursos.

O obxectivo desta liña de acción é ampliar non só o número de accións formativas e de sensibilización na provincia en materia de sostibilidade da actividade comercial e agrícola a través de actuacións que favorezan a economía circular, senón tamén ampliar o contido e o alcance dos programas existentes na devandita materia.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de capacitación e de sensibilización aos comerciantes sobre implementación de medidas nos seus establecementos que favorezan a economía circular.



Prioridade: media
Prazo: curto prazo



Axentes implicados:

Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia e entidades do sector agrario e comercial



Obxectivo estratéxico da AUPO 2030:

6. Xestionar de forma eficiente os recursos (auga e enerxía) e reducir a xeración de residuos

Obxectivo específico da AUPO 2030:

6.3. Impulsar a xestión eficiente dos residuos e favorecer a súa reutilización



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española

OE4 Xestión sostible dos recursos e economía circular

Obxectivos específicos da Axenda Urbana Española

4.4. Reducir os residuos e favorecer a súa reciclaxe



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

4.4.1. Disponse de plans de xestión de residuos, ou equivalentes, co obxectivo de aumentar a porcentaxe de recollida selectiva e reciclaxe?

Indicadores de seguimento da AUPO 2030:

6.3.3. Número de accións de información, formación e sensibilización en materia de xestión sostible de residuos enfocadas aos sectores agrario e comercial

6.3.4.

Programas de sensibilización da cidadanía para a xestión sostible dos residuos

Formar e informar á cidadanía é clave para unha xestión sostible dos recursos naturais, dado que o uso responsable e eficiente destes depende en gran medida do comportamento colectivo. A conciencia e o coñecemento sobre o impacto ambiental das nosas accións diarias son fundamentais para adoptar hábitos máis sostibles. Se as persoas entenden como a sobreexplotación de recursos e a xeración excesiva de residuos afectan o equilibrio ecolóxico, estarán máis dispostas a participar activamente na redución do consumo e na separación adecuada de residuos, facilitando así a súa reutilización e reciclaxe.

O papel da comunicación tamén é esencial. Ademais de educar, cómpre informar constantemente sobre as novas normativas, tecnoloxías e accións sostibles que as persoas poden adoptar na súa vida diaria. Isto pode facerse a través de medios tradicionais, pero tamén utilizando plataformas dixitais e redes sociais para alcanzar un público máis amplo. Un fluxo de información claro e accesible permitirá que as persoas se manteñan actualizadas e comprendan o papel que cada individuo ten na xestión sostible dos recursos. Ademais, estas ferramentas dixitais facilitaránlle a xestión dos residuos á cidadanía a través da creación de aplicacións móbiles que ofrezan información sobre pautas e puntos de recollida selectiva máis próximos ou permitan recibir alertas sobre campañas de recollida selectiva, o que favorecerá a implicación da cidadanía.

Deste xeito, mediante a posta en marcha da presente liña de acción promoverase a realización de programas de educación e sensibilización ambiental, dirixidos a sectores de poboación ou grupos de idade distintos, en materia de redución e xestión sostible dos residuos, ademais da posta

en marcha de accións de comunicación específicas para esta finalidade.

Así, impulsarase a realización de actuacións orientadas a educar a cidadanía sobre a importancia de minimizar a xeración de residuos, fomentar a súa correcta separación e promover a reutilización e a reciclaxe, mediante o impulso de campañas de sensibilización na que se subliñen as consecuencias ambientais, sociais e económicas dunha xestión inadecuada dos residuos.

Tamén se organizarán eventos e accións prácticas no territorio, como obradoiros, xornadas ou charlas dirixidas a diferentes grupos de poboación, para lograr a implicación das entidades sociais da provincia, de modo que reforcen a mensaxe de sostibilidade e lle permitan á cidadanía participar directamente en actividades de xestión de residuos.

Coa finalidade de sensibilizar e formar a poboación, os centros educativos desempeñan un papel clave no territorio. Neste sentido, a Deputación de Pontevedra vén impulsando diferentes accións para implicar a poboación de menor idade na xestión sostible dos residuos, dirixidas a centros educativos de infantil, primaria e secundaria da provincia. Estas accións xa en curso inclúen a capacitación do profesorado, a formación en materia de compostaxe ou separación de residuos e mesmo auditorías aos centros educativos, co obxectivo de avaliar a xestión de residuos neles. Neste sentido, a Deputación provincial continuará impulsando e ampliando estes programas, incluíndo actividades como concursos de reciclaxe, campañas de redución de desperdicio ou visitas a instalacións de tratamento de residuos, para sensibilizar na adopción de prácticas sostibles.

Proxectos, programas e plans en curso

- Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a poboación escolar en materia de residuos, orientado á capacitación para a redución, a separación e a xestión dos residuos domésticos
- Premios Provinciais á Mocidade: concurso “Reacción polo Clima”



Prioridade: media
Prazo: murto prazo



Axentes implicados:
Deputación de Pontevedra, concellos da provincia, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia e a comunidade educativa



Obxectivo estratéxico da AUP0 2030:

OE6. Reducir a demanda de recursos (auga, enerxía e residuos), a través dunha xestión eficiente e reducir así a xeración de residuos, mediante a súa reutilización

Obxectivo específico da AUP0 2030:

6.3. Impulsar a xestión eficiente dos residuos e favorecer a súa reutilización



Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española:

4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

Obxectivo específico da Axenda Urbana Española

4.4. Reducir os residuos e favorecer a súa reciclaxe



Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española:

4.4.1. Disponse de plans de xestión de residuos, ou equivalentes, co obxectivo de aumentar a porcentaxe de recollida selectiva e reciclaxe?

Indicadores de seguimento da AUP0 2030:

6.3.4. Número de accións de sensibilización e formación para a cidadanía en materia de xestión sostible dos recursos

4

ANEXO. PROCESO PARTICIPATIVO E MARCO DE GOBERNANZA

1. Introducción

2. Proceso de participación para a elaboración da AUPO2030

3. Marco de gobernanza para a implementación da AUPO 2030

4. Entidades participantes no proceso.



1. INTRODUCCIÓN

Para o desenvolvemento da AUPO 2030 púxose en marcha un proceso participativo e modelo de gobernanza co obxectivo de incorporar todos os puntos de vista da cidadanía no proceso, traballar no consenso e fomentar a corresponsabilidade. Este modelo incluíu os seguintes grupos ou entidades, a través de diferentes espazos e metodoloxías de participación:

- Goberno Provincial.
- Persoal técnico das diferentes áreas da Deputación de Pontevedra.
- Representantes políticos e persoal técnico dos concellos da provincia.

- Axentes sociais, medioambientais e económicos da provincia.
- Cidadanía en xeral.

Así, a Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra 2030 (AUPO2030), foi elaborada con un enfoque transversal, multisectorial e multinivel, implicando aos 61 concellos da provincia, a máis 240 axentes clave do territorio e coa participación de máis de 880 persoas.

Este proceso participativo, transversal a todas as fases da elaboración da AUPO2030, permitiu a identificación, validación e priorización de retos, definición e priorización de obxectivos, identificación de proxectos e programas



en marcha ou previstos por parte do goberno provincial -aliñados aos obxectivos da AUP02030-, e validación das liñas de acción propostas, implicando a diferentes axentes e entidades do territorio.

Nos seguintes apartados detallaranse os procesos participativos desenvolvidos durante o proceso de elaboración da Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra así como a gobernanza deseñada para a fase de implementación da mesma.

Para chegar ao maior número de poboación da provincia e abarcar aos distintos sectores da cidadanía, no proceso utilizáronse diversas ferramentas e recursos que posibilitaron unha participación efectiva e integrada. Para iso, aplicáronse diferentes modalidades de interacción,

asegurando que o proceso fose accesible, amable e inclusivo para todas as persoas. O conxunto de accións levadas a cabo realizáronse tanto en formato presencial, organizando sesións en distintos puntos abarcado todo o territorio provincial, como online, facilitando a accesibilidade e adaptándose ás necesidades actuais.

A utilización de diferentes modalidades, mecanismos ou metodoloxías permitiu a posta en marcha dun espazo participativo e de gobernanza amplo e diverso, garantindo que todos os sectores da sociedade tivesen a oportunidade de facer as súas achegas e participar activamente no deseño da Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra.



2. PROCESO DE PARTICIPACIÓN PARA A ELABORACIÓN DA AUPO2030

No marco do modelo de participación e gobernanza para a elaboración da **AUPO2030** realizáronse diversas accións de participación, sendo as máis representativas as que se detallan a continuación:

- Presentación da Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra.
- Mesas de Traballo Comarcais.
- Enquisa á cidadanía e Puntos de información.
- Mesas temáticas de priorización e validación de retos.
- Mesa intermunicipal de validación de retos.
- Reunión do grupo de traballo interdepartamental AUPO2030 para a validación de retos e obxectivos.
- Comisións Técnicas Temáticas.
- Panel de expertos.
- Reunión do grupo de traballo interdepartamental AUPO2030 para a validación do Plan de Acción.
- Percorridos temáticos.



Presentación da Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra

Tras a firma do protocolo de colaboración entre o “Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana” e a Deputación de Pontevedra para a elaboración da **Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra**, realizouse a presentación da metodoloxía de traballo e inicio do proceso. Neste acto, participaron tanto representantes políticos do equipo de goberno da Deputación de Pontevedra como o persoal técnico das distintas áreas da administración provincial.

Esta presentación serve como punto de partida para establecer as directrices clave para o desenvolvemento da axenda. A implicación do persoal técnico xoga un papel crucial na elaboración da **AUPO2030**, asegurando que cada unha das áreas da Deputación contribúa a detectar as problemáticas e retos da provincia, ademais de crear unha folla de ruta integrada e transversal. Por outro lado,

a participación de representantes políticos garante o apoio institucional e o compromiso de liderar este proxecto a nivel provincial.

Neste encontro, tamén se fai especial mención ao proceso de elaboración da axenda, o cal ten unha elevada compoñente participativa, asegurando a implicación de diferentes axentes da provincia, así como da cidadanía en xeral. A colaboración entre o equipo de goberno e o persoal técnico da Deputación de Pontevedra, que conforman as Comisións Técnicas, é clave para garantir que o Plan de Acción responda aos retos da provincia, xerando sinerxías coas accións xa en marcha.



Mesas de Traballo Comarcais

O proceso de participación posto en marcha para a elaboración da **Axenda urbana e rural de Pontevedra** iniciouse coa celebración dunha serie de **Mesas de Traballo Comarcais** que permitiron implicar a todos os concellos da provincia, así como aos principais axentes económicos, ambientais e sociais. O obxectivo dos devanditos encontros era a identificación dos desafíos e oportunidades que debe abordar a **AUPO2030**.

Cada unha das **Mesas de Traballo Comarcais** desenvolveuse segundo unha metodoloxía similar, incluíndo unha presentación da información clave para a comprensión do marco da **Axenda Urbana e Rural** -contexto teórico, político e conceptual, obxectivos, implicacións do documento estratéxico- e distintos talleres de traballo participativos que permitiron identificar necesidades e retos que debe abordar o territorio provincial nos dez ámbitos de traballo da **Axenda Urbana Española**. Concretamente, desenvóléronse as seguintes dinámicas:

- **Choiva de ideas.** Consistiu nunha dinámica participativa na que as persoas participantes respondían, inicialmente, a preguntas sociodemográficas que permitisen facer unha caracterización das mesmas. Posteriormente, dispúxose dun cuestionario interactivo que permitiu facer unha identificación inicial dos retos aos que se enfronta a provincia de Pontevedra e/ou a comarca na que se celebraba o encontro.
- **Talleres temáticos.** En segundo lugar, tras unha primeira identificación xeral dos retos da provincia, as

persoas participantes tiveron ocasión de concretalos a través dunha serie de paneis temáticos nos que se abordaban os dez ámbitos de traballo da **Axenda Urbana Española**. As persoas participantes puideron rotar polos distintos paneis e xestionar o tempo de forma autónoma, permitindo o coloquio e o debate das ideas entre elas e coa persoa dinamizadora. Ao final da dinámica, realizouse unha posta en común das ideas presentadas.

- **Cuestionario interactivo.** Por último, realizouse un cuestionario interactivo a fin de priorizar os retos previamente identificados, tanto de forma xeral como para cada un dos ámbitos temáticos nos que se dividen os obxectivos da Axenda Urbana Española.

Entre o conxunto de participantes, cabe sinalar que un 95% acudiron en representación dunha entidade, institución ou empresa. Dentro das mesmas, un 43% correspóndense con entidades asociativas (veciñais, culturais, medioambientais, etc.), un 34% con administracións ou institucións públicas e, finalmente, un 23% con iniciativas empresariais ou profesionais.

- **Número de participantes: Participaron no conxunto das Mesas de Traballo Comarcais celebradas na provincia un total de 272 persoas, representando a 211 entidades.**



Enquisa á cidadanía e puntos de información

De maneira paralela á celebración das **Mesas de Traballo Comarcais**, levouse a cabo un proceso de enquisa a cidadanía, tanto en formato presencial, en diferentes puntos do territorio, abarcando o conxunto do ámbito provincial, como en formato online a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

Esta enquisa dirixida á poboación local tiña como obxectivo identificar e priorizar os retos e necesidades da provincia, de modo que a poboación puidese realizar as súas achegas para a determinación de desafíos, ampliando o alcance da participación, de maneira que se complementara a información recollida nas **Mesas de Traballo Comarcais**.

Esta acción permitiu comunicar o proceso de elaboración da **AUPO 2030** á cidadanía, ademais de coñecer a percepción dos problemas e desafíos do seu entorno inmediato e na provincia en xeral.

Mediante este proceso, realizáronse un total de 366 enquisas, online e a pé de rúa, mediante puntos de información distribuídos por todo o territorio provincial.

Complementariamente, ditos puntos de información tiveron tamén unha segunda función, de carácter máis informativo e divulgativo da **AUPO2030** e o seu proceso de elaboración.

Así mesmo, a enquisa online difundíuse mediante as redes sociais da Deputación, permitindo chegar a un maior número de persoas.

- **Número de participantes: Participaron na enquisa un total de 366 persoas, en formato presencial e online.**



Modelo de encuesta:



AXENDA URBANA E RURAL AUPO 2030

Sección 1 de 6

Axenda Urbana e Rural da Deputación de Pontevedra AUPO2030

A Deputación de Pontevedra está a elaborar a Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra, a fin de así contribuír aos obxectivos perseguidos no marco da Axenda Urbana Española.

Co obxectivo de garantir un proceso aberto e inclusivo, que inclúa a toma de decisións de maneira participativa e cunha visión estratéxica, están programadas unha serie de accións de participación, dentro das cales se enmarca a seguinte encuesta á cidadanía.

Después de la sección 1. Ir a la siguiente sección

Sección 2 de 6

1. Información persoal

Descripción (opcional)

1.1. Rango de idade *

16-30

31-45

46-65

+65

1.2. Sexo

Texto de resposta curta

Sección 4 de 6

3. Priorización de ámbitos de actuación

Descripción (opcional)

Dos seguintes temas, cales crees que deberían de ser os ámbitos de actuación prioritarios da Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra? Escolle cinco.

- Territorio, paisaxe e biodiversidade
- Modelo de cidade, vila e áreas
- Cambio climático
- Gestión sostible dos recursos
- Mobilidade e transporte
- Cohesión social e igualdade de oportunidades
- Economía e turismo
- Vivenda
- Digitalización e innovación
- Instrumentos de participación e gobernanza

Después de la sección 4. Ir a la siguiente sección

Sección 5 de 6

4. Priorización de redes

Descripción (opcional)

4.1. Dos seguintes redes relacionadas co medio e co cambio climático, cales pensas que son as prioritarias? Escolle tres.

- Ordenar o crecemento urbano tendo en conta a súa contorna territorial.
- Incrementar a conservación do patrimonio natural e cultural
- Mellorar a conexión entre as áreas verdes e azuis da provincia

Mesas temáticas de priorización e validación de retos

Partindo da información obtida tanto a través das **Mesas de Traballo Comarcais** como da enquisa á cidadanía, convocáronse varios encontros telemáticos, nos que participaron novamente os principais axentes sociais, económicos, ambientais e institucionais do territorio. O obxectivo desta acción é a validación dos retos previamente identificados. Nestas sesións abordáronse os seguintes puntos:

- **Recordatorio do proceso de participación e gobernanza** posto en marcha para a primeira fase de elaboración da AUPO A2030. A primeira actividade da sesión consistiu nunha breve descrición do proceso participativo desenvolvido na fase inicial de elaboración da **AUPO2030**.
- **Metodoloxía de traballo empregada** para a identificación dos principais retos a abordar. A segunda actividade dos encontros telemáticos consistiu en explicar

a metodoloxía empregada para organizar e sistematizar a información xerada no proceso participativo referido con anterioridade. Dita metodoloxía, denominada **Feitos, Desafíos e Proxectos**, permite unha adecuada transición entre a fase de diagnose e a fase propositiva. A partir da identificación dos Feitos con maior incidencia e do impacto dos mesmos no territorio, pódense deducir un conxunto de retos a abordar no marco da **AUPO2030**.

- Posteriormente, presentouse unha primeira proposta dos retos identificados e a través dunha dinámica de grupo foron sometidos á validación e priorización por partes dos axentes participantes.
- **Número total de participantes:** Neste proceso participaron un total de 22 persoas.

Ve a mentis.com | y utiliza el código: 7441 9733

Validación de retos territoriais

Territorio, medioambiente e mob

Mais en desacordo

- Xestión eficiente dos recursos hídricos, garantindo sistemas eficientes de abastecemento e saneamento
- Reveneración de entornos urbanos, periurbanos e rurais degradados
- Mellorar a calidade ambiental dos espazos públicos urbanos da provincia
- Mellorar a calidade de vida nos entornos rurais e facilitar a recuperación da actividade económica tradicional.

Mais de acordo

Meeting Controls: Mute, Video, Chat, Share Screen, Stop Video, End Meeting

Mesa intermunicipal de validación de retos

Coa finalidade de avanzar na reflexión estratéxica de cara á definición dos obxectivos da **AUPO2030**, e complementando a toda a información obtida ata o momento no proceso de participación, elaborouse unha mesa intermunicipal para a validación de retos.

A metodoloxía empregada para a realización desta mesa foi un cuestionario, o cal se enviou ao persoal político e técnico de todos os concellos do territorio provincial.

A estrutura de dito cuestionario incluíu un primeiro bloque de identificación da persoa que o cumprimenta, Concello ao que representa, cargo que ostenta e área de actuación. Así mesmo, contou cun bloque que permitiu identificar

os **Obxectivos Estratéxicos da Axenda Urbana Española (AUE)** vencellados ao itinerario profesional da persoa que cumprimenta o cuestionario, para posteriormente posibilitar a súa priorización. O cuestionario finalizou cunha serie de preguntas abertas para identificar os proxectos en marcha ou previstos desde o Concello. Este proceso participativo concluíu cun total de 20 cuestionarios cubertos.

- **Número de participantes: Participaron na enquisa un total de 19 concellos e 20 persoas.**

Reunión do grupo de traballo interdepartamental da AUPO2030 para a validación de retos e obxectivos.

Tras a elaboración dunha proposta estruturada de retos e obxectivos da **AUPO2030**, levouse a cabo unha reunión co grupo de traballo interdepartamental o da Deputación de Pontevedra, coa finalidade de validar os mesmos.

O encontro iniciouse cunha síntese da diagnose e os resultados do proceso participativo posto en marcha na primeira fase de elaboración da **AUPO 2030**, para posteriormente continuar cunha explicación da metodoloxía de traballo e expoñer tanto os retos identificados como os obxectivos derivados dos mesmos.

O obxectivo principal deste encontro foi dobre: por un lado, **validar os retos e obxectivos propostos**, asegurando que

responden ás necesidades e expectativas do territorio, e por outro, **explicar a orientación da seguinte fase** consistente na definición das liñas de acción futuras que compoñan o **Plan de Acción da AUPO2030**.

Esta reunión representa un fito clave na elaboración da **Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra**, dando inicio á seguinte fase metodolóxica, e asegurando unha toma de decisións consensuada e aliñada coas políticas locais.

- **Número de participantes: Participaron na reunión un total de 14 persoas.**

Comisións Técnicas Temáticas

A metodoloxía destas comisións consistiu, por un lado, na realización de reunións técnicas cos diferentes servizos da Deputación de Pontevedra e, complementariamente, a posta en marcha de encontros telemáticos cos axentes sociais, medioambientais e económicos do territorio para a priorización de obxectivos e liñas de acción. Cabe destacar que a igualdade de xénero abordouse como tema transversal no desenvolvemento das actuacións destas **Comisións Técnicas Temáticas**.

No marco desta acción realizáronse unha serie de encontros co persoal técnico e político responsable de todas as áreas da deputación con competencias nos ámbitos de traballo da **AUPO2030**. Tiveron como finalidade, por un lado, recoller información sobre os plans, programas e proxectos actualmente en execución ou previstos

que tiveran relación cos obxectivos da AUPO2030 e a Axenda Urbana Española e, por outro, identificar posibles proxectos a implementar que poidan contribuír a acadar os obxectivos definidos no **Marco Estratéxico da Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra**. Estas sesións realizáronse en formato presencial, con cada una dos servizos implicados. Previo aos encontros remitiuse aos asistentes convocados documentación relativa á reunión e os temas que se tratarían. As reunións de traballo organizáronse en base ás seguintes dúas preguntas:

- Plans, programas e /ou proxectos vixentes ou a desenvolver actualmente que teñan relación ou contribúan a acadar algún dos obxectivos da **AUPO2030**.
- Plans, programas ou proxectos que, no ámbito de competencia concreto, poderían poñerse en marcha



dende a Deputación provincial para contribuír a acadar algún dos obxectivos da **AUPO2030**.

Complementariamente, a fin de garantir un proceso transversal, integrado e consensuado, incluíndo todas as voces da provincia, realizáronse unha segunda ronda de encontros, en formato online, nos cales participou o conxunto de axentes territoriais da provincia. Estas sesións tiveron como finalidade a validación e priorización da primeira proposta de obxectivos e liñas de acción, que conforman o **Marco Estratéxico e o Plan de da AUPO2030**. Concretamente, nestes encontros abordáronse o seguintes puntos.

- **Introdución.** Presentación da metodoloxía de traballo desenvolvida para a identificación de obxectivos e liñas de acción.

- **Dinámica de grupo.** Esta acción tiña como obxectivo a validación e priorización dos obxectivos e liñas de acción da **AUPO2030**. Nun primeiro momento someteuse a priorización os **6 Obxectivos Estratéxicos da AUPO2030** e posteriormente as liñas de acción de cada un destes obxectivos. Incluíuse de maneira adicional, unha pregunta relativa a identificación de proxectos a acometer de maneira prioritaria no marco das liñas de acción priorizadas.

- **Número total de participantes:** Neste proceso participaron un total de **61** persoas.



Percorridos temáticos

Dentro das accións de participación desenvolvidas dentro da **AUPO2030 da Deputación de Pontevedra**, realizáronse un conxunto de percorridos temáticos ou roteiros distribuídos na Provincia de Pontevedra, destinados ao conxunto de toda a poboación do territorio.

Estas accións tiveron como finalidade dar a coñecer os obxectivos da **Axenda Urbana Española**, cos cales, a súa vez, están aliñados os obxectivos da **AUPO2030**, ademais de comunicar o proceso de elaboración da **Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra**.

Complementariamente, mediante estes encontros, a poboación tivo ocasión de trasladar, dun xeito informal, a súas opinións e suxerencias, ampliando o proceso participativo no marco da elaboración da **AUPO2030**.

Concretamente, realizáronse os seguintes percorridos:

- Nigrán. A Foz do Miñor, espazo natural único
- Tui, cidade de fronteira
- Descubrindo a Toxa, unha illa con identidade propia
- Balneario Mondariz: pola terra da auga
- Do sal á lata: percorrido histórico e arqueolóxico das orixes da industria conserveira en Vigo

- **Número total de participantes:** Neste proceso participaron un total de 122 persoas.





Panel de expertos

A fin de integrar todas as perspectivas e garantir unha correcta identificación de retos e de obxectivos aos que dar resposta nos próximos anos na provincia, o proceso incluíu unha **revisión de persoal experto en materia de planificación estratéxica**, así como en temas vencellados a esta -como medio ambiente ou planificación urbana-, integrando as súas apreciacións e informes no documento final, garantindo a calidade do mesmo. Concretamente, seleccionáronse os seguintes expertos, buscando un equilibrio entre os campos de especialización, ademais de optar por profesionais referentes no sector:

- **María José Piñeira Mantiñán.** Doutora pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Profesora de Xeografía na USC e membro do Instituto de Estudos y Desarrollo de Galicia (IDEGA).
- **Pablo Ramil Rego.** Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Profesor na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, no Departamento de Botánica. Membro do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).
- **José Manuel Peña Penabad.** Licenciado en

Economía. Xefe de Servizo de Alcaldía e Estratexia Urbana do Concello da Coruña. Director académico e docente de cursos na Escola Galega da Administración Pública en materia de desenvolvemento urbano e axendas urbanas. Colaborador da **Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)** sobre desenvolvemento urbano e membro do grupo de traballo FEMP na redacción da Axenda Urbana Española.

Tras a remisión da documentación xerada no proceso de elaboración da **AUPO2030** ao conxunto de expertos, estes enviaron as súas aportacións que foron tidas en conta de cara a elaboración da versión final do documento. Concretamente, as tarefas a realizar por este panel de expertos consistiu na revisión dos documentos de **Diagnose e Marco Estratéxico da AUPO2030**, podendo realizar as súas aportacións, ademais de poder propor posibles accións a incluír do **Plan de Acción da AUPO2030**, a fin de dar resposta aos retos e obxectivos previamente definidos.

- **Número total de participantes:** Neste proceso participaron un total de 3 persoas.



Reunión do grupo de traballo interdepartamental da AUP02030 para a validación do Plan de Acción

Co obxectivo de presentar e validar o **Plan de Acción da AUP02030**, realizouse unha reunión ou encontro co conxunto de representantes políticos que conforman o equipo de goberno da Deputación de Pontevedra.

Ao inicio do encontro realizouse un resumo dos traballos desenvolvidos no marco das distintas etapas do proceso de elaboración da **AUP02030**, facendo visible o enfoque colaborativo, transversal e inclusivo.

Posteriormente, presentáronse as liñas de acción propostas, as cales, ademais de dar resposta aos obxectivos estratéxicos e específicos da **AUP02030**, tamén xeran sinerxías coas accións xa implementadas ou

que están en marcha. Estas liñas de acción están aliñadas cos **obxectivos da Axenda Urbana Española**. Deste xeito, o **Plan de Acción da AUP02030**, unha vez validado, confirma o compromiso da Deputación de Pontevedra cun desenvolvemento territorial sostible, respondendo seu tanto ás necesidades locais como aos obxectivos nacionais e internacionais de desenvolvemento urbano sostible.

- **Número total de participantes:** Neste proceso participaron un total de 11 persoas.



3. MARCO DE GOBERNANZA PARA A IMPLEMENTACIÓN DA AUPO 2030

A finalidade deste apartado é presentar unha proposta organizativa para a fase de implementación de **AUPO2030**. A formulación organizativa que a continuación se detalla permitirá non só acometer dita fase dunha maneira ordenada, senón tamén, e como consecuencia, poderase mellorar a capacidade organizativa e de acción concertada entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia para o desenvolvemento de accións e proxectos estratéxicos.

- **Organización do sistema de gobernanza: fase de implementación.**

Desde o punto de vista organizativo, propónse o seguinte esquema:

O Órgano impulsor estará conformado por o conxunto de deputadas e deputados que conforman a Xunta de Goberno provincial. Devandito órgano estaría, por tanto, composto polos dez membros da Xunta de goberno e estará presidido polo presidente da Deputación provincial.

- **Comisión interdepartamental.**

A Comisión Interdepartamental, que incorporará os distintos departamentos e servizos da Deputación, desempeñará a función de órgano responsable da implementación e traballará cara á implicación de todas as áreas ou servizos da Deputación na execución dos distintos programas e proxectos da AUPO2030. Esta comisión estará apoiada pola Oficina de Proxectos Europeos e terá as seguintes funcións:

- Establecer mesas técnicas co persoal técnico dos concellos
- Garantir a coherencia xeral da fase de implementación: isto é, de impulso dos obxectivos e proxectos, velando que estes proxectos leven a cabo segundo as directrices marcadas.

- **Creación de grupos de impulso e seguimento (GIS).**

No marco da Comisión Interdepartamental poderanse crear, se así se estima necesario, GIS; grupos de impulso nos cales se agruparán os obxectivos cos proxectos. Convocarase a aos membros da comisión interdepartamental en cada



un destes grupos de impulso e seguimento en función da temática e ámbito de especialización concreta do GIS.

Nestes grupos de impulso e seguimento convocaranse a aqueles que actores que participaron nas mesas de traballo postas en marcha para a elaboración da AUPO2030; e dicir, aqueles actores con capacidade de incidencia na realización de devanditos obxectivos-proxectos.

A continuación preséntese unha posible proposta de esquema organizativo destes grupos de impulso e seguimento que coincidiría cos ámbitos das dimensións da AUPO2030:

- GIS 1. Cohesión e vertebración do territorio.
- GIS 2. Cohesión e integración social
- GIS 3. Desenvolvemento económico e empresarial.
- GIS 4. Natureza, patrimonio e identidade territorial.
- GIS 5: Calidade de vida, accesibilidade e igualdade.
- GIS 6 Metabolismo territorial circular.


Nestes GIS executarase unha carteira de proxectos tractoros para o territorio da provincia sobre as tres vertentes (social, ambiental e económica).

• **Obxectivos da Comisión interdepartamental e GIS:**


Tanto a Comisión interdepartamental como os GIS terán os seguintes obxectivos:

- Identificar e coñecer os proxectos e accións que se están impulsando nos concellos da provincia, ou que están previstos realizarse no ámbito específico de actividade de cada GIS
- Identificar que proxectos ou programas tractoros deben ser abordados de maneira prioritaria en cada ámbito específico.
- Construír un mapa de accións/proxectos e compromisos dos concellos da provincia no ámbito específico.
- Realizar a programación bianual e anual das actividades de cada un dos GIS para impulsar os proxectos e programas identificados.

Cada GIS estará presidido e coordinado por un membro/a do órgano impulsor da AUPO2030, que garantirá a coherencia xeral no impulso dos obxectivos e proxectos.



Proposta de esquema organizativo para o sistema de gobernanza



4. ENTIDADES PARTICIPANTES

No conxunto das **accións implementadas** participaron as seguintes entidades:

- Asociación Provincial de Panadería y Pastelería de la Provincia de Pontevedra (APROINPPA)
- A Cantaruxa Maruxa. Casa Rural.
- Acción Contra el Hambre
- AECAm Educación Ambiental
- AFAGA Alzheimer
- Agrupación Apícola de Galicia
- Albergue Convento do Camiño
- Aldea de Portomartiño
- Alecrín Actividades e Aventura
- Alecrín Actividades y Aventura. Empresa privada
- AMBIOTEC SLU. Consultoría e Ingeniería Ambiental.
- APE Galicia. Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia
- Asociación DOA Saúde Mental
- Asociación "Agarimo"
- Asociación "Rías Baixas" Amas de Casa e Consumidores
- Asociación Agraria de Galicia
- Asociación Amigos dos Pazos
- Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín
- Asociación Comarcal de Empresarios da Estrada
- Asociación Cultural e Deportiva Sanomedio (ACD Sanomedio)
- Asociación Cultural Musival
- Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas
- Asociación de Amigos de Campolongo
- Asociación de Apicultores da Provincia de Pontevedra
- Asociación de Comerciantes e Empresarios/as de Ponte Caldelas
- Asociación de Consumidores e Mulleres
- Asociación de Diagnosticad@s de Cáncer de Mama y Ginecológico (ADICAM)
- Asociación de Familiares de Personas Afectadas de Alzheimer del Morrazo (AFAMO)
- Asociación de Mulleres en Igualdade de Tui (AMEI Tui)
- Asociación de Mulleres Mar e Agro
- Asociación de Mulleres Rurais A Purísima
- Asociación de Mulleres Rurais de San Xoan de Sanctes
- Asociación de Mulleres Rurais Santa Mariña
- Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar (APACAF)
- Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do
- Asociación de Redeiras do Baixo Miño Atalaia
- Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA)
- Asociación de Veciños San Gregorio Souto Vidal
- Asociación Desenvolvemento Educativo e Cultural (ADEC)
- Asociación EDEM Mulleres Rurais de Matalobos
- Asociación Española contra o Cáncer
- Asociación Galega de Empresas de Turismo Activo, de Aventura e Natureza (AGETAN)
- Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM)
- Asociación Maiores Ponteareas
- Asociación Micolóxica A Estrada
- Asociación Mulleres en Igualdade de Vigo
- Asociación Mulleres Filgueira
- Asociación O Percamino - Organización de palangreiros guardeses (ORPAGu)
- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
- Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e da súa Comarca (APALC) - Residencia As Dores
- Asociación Pedaladas. Promoción da mobilidade sustentábel.
- Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR)

- Asociación Pura Raza Cabalo Galego
- Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
- Asociación S. Xerome Emiliani
- Asociación Santa Apolemia
- Asociación TDAH Salnés
- Asociación Turismo Rural Mar de Compostela
- Asociación Vecinal, Cultural e Deportiva de Cabral (AVCD de Cabral)
- Asociación Veciñal Coordinadora de Bora
- Asociación Veciñal Cultura Cortegada (AVECUCO)
- AVITURGA. Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia
- Brea e Barcala SL. Empresa de instalacións e mantemento de calefacción y fontanería
- Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de
- Cáritas Interparroquial de Arousa
- Casa de Caheiro. Casa Rural
- Casa Rural Lugar dos Devas
- Celtic Ways SL. Guías turísticos oficiais en Galicia.
- Centro Artístico Sportivo
- Centro de formación profesional en Villagarcía de Arosa CIFP Fontecarmoa
- Club de Remo de Tui
- Club Deportivo CIOS Vigo Fútbol Sala
- Clúster de Turismo de Galicia
- Cofradía de Pescadores San Xulián da Illa de Arousa
- Cofraría San Telmo
- COGAMI
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
- Colexio Oficial de Arquitectura Técnica de Pontevedra
- Colexio Oficial de Arquitectura Técnica de Pontevedra
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo
- Comisiones Obreras Vigo (CCOO Vigo)
- Complexo Natural Cemas
- Comunidade de Montes de Saiar
- Comunidade de Montes Veciñais de Tameiga-Mos (CMVMC Tameiga)
- Comunidade de Montes Veciñais e en Man Común de Paraños (CMVMC de Paraños)
- Comunidade de Usuarios de Aguas de Chain-Ponte-Caldelas
- Concello da Cañiza
- Concello da Estrada
- Concello da Guarda
- Concello da Lama
- Concello das Neves
- Concello de Baiona
- Concello de Barro
- Concello de Bueu
- Concello de Caldas de Reis
- Concello de Cambados
- Concello de Cangas
- Concello de Cerdedo-Cotobade
- Concello de Covelo
- Concello de Dozón
- Concello de Lalín
- Concello de Meaño
- Concello de Meis
- Concello de Moaña
- Concello de Mondariz Balneario
- Concello de Moraña
- Concello de Mos
- Concello de Pazos de Borbén
- Concello de Poio
- Concello de Pontearreas

- Concello de Pontecesures
- Concello de Porriño
- Concello de Portas
- Concello de Ribadumia
- Concello de Rodeiro
- Concello de Salceda de Caselas
- Concello de Salvaterra do Miño
- Concello de Silleda
- Concello de Soutomaior
- Concello de Tomiño
- Concello de Tui
- Concello de Vilaboa
- Concello de Vilagarcía de Arousa
- Concello do Grove
- Concello O Rosal
- Concello Vila de Cruces
- Condado e Padaranta -- ADAPTA
- Confederación Intersindical Galega
- Confraría de Pesxadores San Gregorio de Raxo
- Cooperativa Mazá da Estrada (Maestra)
- Cruz Vermella
- Cruz Vermella -- Asemblea Comarcal Condado
- Cruz Vermella A Estrada
- Dalle que Dalle Soc. Coop. Galega
- Deputación de Pontevedra
- Deputación de Pontevedra
- Deputación de Pontevedra
- Entidades Participantes
- Espazo Xove Lalín. Punto de encontro da mocidade
- EVD Galicia. Organización de Servizos Sociais. Muxer e Discapacidade.
- Federación Comerciantes O Morrazo
- Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da provincia de Pontevedra (COGAMI Pontevedra)
- Federación Galega de Caza de Pontevedra
- Federación Galega de Piragüismo
- Federación Galega de Taxis
- Federación Galega pola Cultura Marítima (CULTUR-MAR)
- FEMUPO. Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra.
- Fondo Galego de Cooperación
- Fundación Campo Galego
- Fundación Carlos Casares
- Fundación Clúster de Conservación de Produtos do Mar (FUNPROMAR)
- Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada Ocionautas
- Fundación Erguete-Integración
- Fundación Galega contra o Narcotráfico
- Fundación Juan Soñador
- Fundación Matriz, Investigación e Desenvolvemento Sostible
- Fundación para a Pesca e Marisqueo - FUNDAMAR
- Fundación Roberto Rivas
- GaliciaMe. Asociación cultural.
- Ganadería Chotoiba
- GDR Condado Padaranta
- GDR Salnés Ulla Umia
- Geourban Inxeñería Ambiental e Urbanismo SL
- Gran Talaso Hotel Sanxenxo
- Grupo de Desenvolvemento Rural ADR Terras de Pontevedra Norte
- Horsal Sociedade Cooperativa Galegaç
- Hotel La Rectoral
- ICODA. Empresa de base biotecnolóxica.
- Inserta Empleo - Fundación ONCE
- Inserta Empleo Fundación ONCE
- Inserta Empleo Fundación ONCE
- Lesering S.L. Ingeniería y Medio Ambiente, Arqueoloxía y Patrimonio
- Mancomunidade de Montes de Vigo
- Mancomunidade do Salnés
- Mancomunidade do Salnés
- Montes de Vigo

- Morcegos de Galicia
- Mulleres Salgadas
- Museo Etnográfico Casa do Patrón
- Naturgalia SL. Empresa privada
- Naviera Mar de Ons SL
- O Alcouve da Moura. Cooperativa de agricultura ecolóxica
- Oficina de Emprego Calvario-Vigo
- Organización Galega de Comunidade de Montes
- Parque Nacional das Islas Atlánticas de Galicia San Vicente de Paúl - A Guarda
- Peña Ciclista Motobike Pontevedra
- Plan Comunitario de Teis
- Real Mosteiro de Oia
- Restaurante Simoneta and Co
- Salmoira SL. Empresa privada
- Santporio Arquitectos. Empresa privada
- Secretariado gitano
- Servizo Público de Emprego de Galicia
- Servizos Turísticos Baixo Miño Xeremprega
- Sociedade de Caza e Pesca de Portas (TECOR Portas)
- Tee Travel. Agencia de turismo
- TYSGAL Consultores
- TYSGAL Medio Ambiente ULEGA. Empresa privada
- Universidade de Vigo



AXENDA URBANA E RURAL DA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA